




**Datos Do Expediente:**

EXPEDIENTE DE PLENO	
Unidade Tramitadora:	
Organos de Goberno e Central – MCCM	
Número expediente:	Documento:
 GOB/2024/64	 GOB18I00TH
392A 3B2V 0O2M 4H2P 0LSU	
	

**ACTA DA SESIÓN DO CONCELLO PLENO, CELEBRADA CON CARÁCTER ORDINARIO O VINTE E CATRO DE XULLO DE DOUS MIL VINTE E CATRO****SRES/AS ASISTENTES:****SRA ALCALDESA-PRESIDENTA:**

D/Dª MARIAN FERREIRO DIAZ

**SRES/AS CONCELLEIROS/AS:**

TERRA GALEGA VOCAL - RAMOS RODRIGUEZ, MANUEL ANTONIO  
TERRA GALEGA VOCAL - ROMERO FRANCO, ROMAN  
TERRA GALEGA VOCAL - HERMIDA RICO, NATALIA  
TERRA GALEGA VOCAL - MAURIZ ROMERO, JUAN PABLO  
TERRA GALEGA VOCAL - SANTALLA BORREIROS, JOSE IBAN  
TERRA GALEGA VOCAL - GOMEZ CASAL, M.DEL MAR  
TERRA GALEGA VOCAL - AMENEIRO LOPEZ, OLGA  
TERRA GALEGA VOCAL - OREONA BRA, JOSE  
TERRA GALEGA VOCAL - LORENZO TOJEIRO, MARIA DEL CARMEN  
PARTIDO POPULAR VOCAL - CASTRILLON PERMUY, GERMAN  
PARTIDO POPULAR VOCAL - NOVO MOURIZ, TANIA  
PARTIDO POPULAR VOCAL - YAÑEZ FREIRE, NURIA  
PARTIDO POPULAR VOCAL - PORTELA PARGA, PEDRO  
PARTIDO POPULAR VOCAL - IGLESIAS BLANCO, GONZALO  
PARTIDO POPULAR VOCAL - BOUZAMAYOR VILLASUSO, ANA VANESA  
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO VOCAL - LEDO DIAZ, OLAIA MARGARITA  
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO VOCAL - CARBALLEIRA LOPEZ, EUGENIO  
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO VOCAL - MOSQUERA PUENTES, BEATRIZ  
PARTIDO SOCIALISTA DE GALICIA VOCAL -

Na casa do Concello de Narón, ás 09:30 do vinte e catro de xullo de dous mil vinte e catro, baixo a presidencia da Sra. alcaldesa-presidenta, MARIAN FERREIRO DIAZ, reúnese o Concello Pleno para celebrar sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe.

Actúa de secretaria MªANGELES MANTEIGA FULGUEIRA, a secretaria substituta.

Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:



ULLA ROCHA, JORGE PARTIDO SOCIALISTA DE GALICIA VOCAL - DE ARRIBA FERNANDEZ, SILVIA MARIA  <b><u>SRA. INTERVENTORA XERAL:</u></b> D/Dª MARIA DEL PILAR CANZOBRE MENDEZ  <b><u>SRA. SECRETARIA SUBSTITUTA:</u></b> D/Dª MªANGELES MANTEIGA FULGUEIRA	
---	--

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIONS ANTERIORES: 27-06-2024 (ORDINARIA) E 09-07-2024 (EXTRAORDINARIA) .**

Dada conta das actas das sesións de data 27-06-2024 e 09-07-2024, o Concello Pleno, por unanimidade, deulles a súa aprobación.

**2 º.- PROPOSTA DE INCLUSIÓN NO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS DE PARCELA AGRUPADA RÍO DO POZO.**

Lida pola secretaria substituta a proposta que di así:  
Visto o informe proposta emitido pola Xefa do Negociado de Patrimonio, que transcrito literalmente di:

“De conformidade co establecido no artigo 175 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a tal respecto fórmulase o seguinte INFORME-PROPOSTA

A) ANTECEDENTES

**O Concello de Narón levou a cabo a tramitación do seguinte expediente:**

- Agrupación de fincas no Río do Pozo, para a execución das obras denominadas “*Proyecto básico y de ejecución de ampliación de Edificio Speis de Narón*”.

B) CONSIDERACIÓN XURÍDICAS

- RD 1372/86 do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais  
Á vista dos antecedentes expostos, e de acordo coa normativa anterior, emítese o seguinte:

C) INFORME-PROPOSTA

A técnico que subscribe propón ao Concelleiro delegado pola Alcaldía para asuntos de patrimonio, someta a ditame da Comisión Municipal Informativa de Obras, Urbanismo e Servizos:

Incluír no inventario de bens a seguinte finca coa natureza que se indica:

- Parcela resultante da agrupación no Río do Pozo, escritura 926, notario Luis C. Landeiro Aller, como ben patrimonial.”

Visto o ditame favorable por maioría, con 7 votos a favor (5 TEGA, 2 BNG) e 4 abstencións (3 PP, 1PSdeG-PSOE) da Comisión Municipal Informativa de Obras, Urbanismo e Servizos de data 15 de xullo de 2024, o seu presidente propón ao Pleno adoptar os seguintes acordos:

Aprobar a proposta transcrita e a adopción do seguinte acordo:

Incluír no inventario de bens a seguinte finca coa natureza de ben patrimonial:

Parcela resultante da agrupación no Río do Pozo, escritura 926, notario Luis C. Landeiro Aller, como ben patrimonial.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** O Concello Pleno, por unanimidade, aprobou a proposta transcrita.



**NARÓN**

### **3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO INVENTARIO DE VÍAS DO CONCELLO DE NARÓN.**

-Lida pola secretaria substituta a proposta que di así: Visto o informe proposta emitido pola Xefa do Negociado de Patrimonio, que transcrito literalmente di: “

#### **A. ANTECEDENTES**

*1º- O Concello pleno na sesión que tivo lugar o 30 de novembro de 2023 aprobou inicialmente o inventario de vías do Concello de Narón.*

*2º- Exposto ao público no BOP núm. 234 do 11 de decembro de 2023 e no taboleiro de anuncios deste Concello fórmulanse varias alegacións polos interesados que de seguido se relacionan:*

- *Bañobre Golpe, José Luis con DNI \*\*\*\*\**
- *Piñón Tojeiro, Ángel con DNI \*\*\*\*\**
- *Puente Hermida, Juan Carlos con DNI \*\*\*\*\**
- *Pernas Permy, Salvador Evaristo con DNI \*\*\*\*\**
- *Luaces García, Lorenzo con DNI \*\*\*\*\**
- *Bellas Rivera, Ana Isabel \*\*\*\*\**

*Estas foron estudadas pola Arquitecta Técnica municipal tendo en conta entre outros aspectos; a documentación achegada en cada expediente, fotografías do parcelario catastral do ano 1956, o parcelario catastral vixente e antecedentes, as concentracións parcelarias levadas a cabo no término municipal en canto ás parcelas e camiños afectadas por estas..*

*3º- Revisado de oficio a relación de vías aprobadas inicialmente, obsérvase na cartografía existente, erros nunha serie de vías:*

- Vía que a súa titularidade e trazado xa foron estudados polo técnico e aprobados polo Concello Pleno con anterioridade ao novo IVM.
- Vías que son de titularidade doutra Administración.

*4. Outras alegacións que constan no servizo que foron obxecto de estudo e investigación actual polo técnico.*

*Alegacións presentadas por:*

- Angelina Lejo Martínez con DNI \*\*\*\*\* con respecto a camiño da Concentración parcelaria Val-Castro-Trasancos-
- Francisco Castro Casal con DNI \*\*\*\*\* por camiño sito entre camiño da Modia e camiño no Lg.do Cruceiro. O Val.
- Josefa Lorenzo López con DNI \*\*\*\*\* por camiño sito no Lg. de Espiñeiro- O Val
- Mª Elena Silva López con DNI \*\*\*\*\* por camiño sito no Lg. Cimadavila
- Carlos Novo Mera con DNI \*\*\*\*\* e Carlos Novo Lamigueiro con DNI \*\*\*\*\* por camiño que parte da rúa Martín Códax. A Solaina.
- D. Ángel José Hermida Garrote por camiño sito en Ferrerías.
- D. José Ramón García Rego por camiño localizado no políg. 22, parcela 72. Portomariño

#### **B. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

- RD 1372/86 do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais
- Lei 5/1997, do 22 de xullo da administración Local de Galicia
- Lei 33/2003, do 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas

*Á vista dos antecedentes expostos, e de acordo coa normativa anterior, emítese o seguinte:*

#### **C. INFORME-PROPOSTA**



*A técnico que subscribe propón ao Concelleiro delegado pola Alcaldía para asuntos de patrimonio, someta a ditame da Comisión Municipal Informativa de Obras, Urbanismo e Servizos, o seguinte:*

**PRIMEIRO.** - *Estimar as alegacións presentadas por:*

- *Bañobre Golpe, José Luis con DNI \*\*\*\*\**
- *Piñón Tojeiro, Ángel con DNI \*\*\*\*\**
- *Puente Hermida, Juan Carlos con DNI \*\*\*\*\**
- *Pernas Permuy, Salvador Evaristo con DNI \*\*\*\*\**
- *Luaces García, Lorenzo con DNI \*\*\*\*\**
- *Bellas Rivera, Ana Isabel \*\*\*\*\**

**SEGUNDO.** - *Modificación, supresión ou inclusión de oficio dos seguintes viais:*

- *Modificación no trazado do Camiño do Corgo ID-OBJECTID 2589 2620,2769,2837,2952,2953,2954*
- *Inclusión do camiño identificado como ID-OBJECTID.3030*
- *Inclusión do camiño identificado como ID-OBJECTID.3031*
- *Supresión do camiño identificado como ID-OBJECTID.2368*
- *Supresión do camiño identificado como ID-OBJECTID.1836*
- *Supresión de parte do trazado do camiño identificado como ID-OBJECTID.2270*
- *Prolongación trazado do camiño identificado como ID-OBJECTID.129, 3033 Camiño do Quinto*
- *Prolongación do camiño identificado como ID-OBJECTID.29*
- *Supresión de parte do trazado da rúa Colmeote identificado como ID-OBJECTID.1307*
- *Prolongación trazado do camiño identificado como ID-OBJECTID.461*
- *Prolongación trazado do camiño identificado como ID-OBJECTID. 2871, 2872, 2873,2874, 2959,2966, 3034*
- *Supresión do camiño identificado como ID-OBJECTID. 2852, 2853, 3039*
- *Prolongación trazado do camiño identificado como ID-OBJECTID.525*
- *Modificación no trazado do camiño identificado como ID-OBJECTID.1840*
- *Prolongación trazado do camiño identificado como ID-OBJECTID.2336*
- *Inclusión do camiño identificado como ID-OBJECTID.3035*
- *Supresión da vías identificadas como ID 2045, 2160, 2481, 2657, 2666, 2716 2761, 2969, 3015,3016, 3040 e 3041.*

**TERCEIRO.** - *Estimación das alegacións presentadas polos seguintes interesados:*

- *Angelina Lejo Martínez con DNI \*\*\*\*\* con respecto a camiño da Concentración parcelaria Val-Castro-Trasancos-*
- *Francisco Castro Casal con DNI \*\*\*\*\* por camiño sito entre camiño da Modia e camiño no Lg.do Cruceiro. O Val.*
- *Josefa Lorenzo López con DNI \*\*\*\*\* por camiño sito no Lg. de Espiñeiro- O Val*
- *Mª Elena Silva López con DNI \*\*\*\*\* por camiño sito no Lg. Cimadavila*
- *Carlos Novo Mera con DNI \*\*\*\*\* e Carlos Novo Lamigueiro con DNI \*\*\*\*\* por camiño que parte da rúa Martín Códax. A Solaina.*

**CUARTO.** - *Desestimación das alegacións presentadas por:*

- *D. Ángel José Hermida Garrote por camiño sito en Ferrerías.*



• D. José Ramón García Rego por camiño localizado no políg. 22, parcela 72. Portomariño.  
**QUINTO.** - *Aprobar definitivamente o inventario de vías do Concello de Narón, que estará dispoñible de maneira telemática no Xeoportal Corporativo.*

**SEXTO.** - *Publicar este acordo no Boletín Oficial da Coruña e no taboleiro de edictos do Concello.*

*Non obstante a Comisión Municipal Informativa de Obras Urbanismo e Servizos adoptará o acordo que estime máis oportuno."*

Visto o ditame favorable por maioría, con 5 votos a favor (5 TEGA) e 6 abstencións ( 3 PP, 2 BNG, 1 PSdeG-PSOE) da Comisión Municipal Informativa de Urbanismo, Obras e Servizos do 15 de xullo de 2024, o seu presidente propón ao **Pleno**:

Aprobar a proposta transcrita e adopción dos seguintes acordos:

**PRIMEIRO.** - Estimar as alegacións presentadas por:

- *Bañobre Golpe, José Luis con DNI \*\*\*\*\**
- *Piñón Tojeiro, Ángel con DNI \*\*\*\*\**
- *Puente Hermida, Juan Carlos con DNI \*\*\*\*\**
- *Pernas Permuy, Salvador Evaristo con DNI \*\*\*\*\**
- *Luaces García, Lorenzo con DNI \*\*\*\*\**
- *Bellas Rivera, Ana Isabel \*\*\*\*\**

**SEGUNDO.** - Modificación, supresión ou inclusión de oficio dos seguintes viais:

- Modificación no trazado do Camiño do Corgo ID-OBJECTID 2589  
2620,2769,2837,2952,2953,2954
- Inclusión do camiño identificado como ID-OBJECTID.3030
- Inclusión do camiño identificado como ID-OBJECTID.3031
- Supresión do camiño identificado como ID-OBJECTID.2368
- Supresión do camiño identificado como ID-OBJECTID.1836
- Supresión de parte do trazado do camiño identificado como ID-OBJECTID.2270
- Prolongación trazado do camiño identificado como ID-OBJECTID.129, 3033 Camiño do Quinto
- Prolongación do camiño identificado como ID-OBJECTID.29
- Supresión de parte do trazado da rúa Colmeote identificado como ID-OBJECTID.1307
- Prolongación trazado do camiño identificado como ID-OBJECTID.461
- Prolongación trazado do camiño identificado como ID-OBJECTID. 2871, 2872, 2873,2874, 2959,2966, 3034
- Supresión do camiño identificado como ID-OBJECTID. 2852, 2853, 3039
- Prolongación trazado do camiño identificado como ID-OBJECTID.525
- Modificación no trazado do camiño identificado como ID-OBJECTID.1840
- Prolongación trazado do camiño identificado como ID-OBJECTID.2336
- Inclusión do camiño identificado como ID-OBJECTID.3035
- Supresión da vías identificadas como ID 2045, 2160, 2481, 2657, 2666, 2716 2761, 2969, 3015,3016, 3040 e 3041.

**TERCEIRO.** - Estimación das alegacións presentadas polos seguintes interesados:

- Angelina Lejo Martínez con DNI \*\*\*\*\* con respecto a camiño da Concentración parcelaria Val-Castro-Trasancos-



- Francisco Castro Casal con DNI \*\*\*\*\* por camiño sito entre camiño da Modia e camiño no Lg.do Cruceiro. O Val.
- Josefa Lorenzo López con DNI \*\*\*\*\* por camiño sito no Lg. de Espiñeiro- O Val
- Mª Elena Silva López con DNI \*\*\*\*\* por camiño sito no Lg. Cimadavila
- Carlos Novo Mera con DNI \*\*\*\*\* e Carlos Novo Lamigueiro con DNI \*\*\*\*\* por camiño que parte da rúa Martín Códax. A Solaina.

**CUARTO.** - Desestimación das alegacións presentadas por:

- D. Ángel José Hermida Garrote por camiño sito en Ferrerías.
- D. José Ramón García Rego por camiño localizado no políg. 22, parcela 72. Portomariño.

**QUINTO.** - Aprobar definitivamente o inventario de vías do Concello de Narón, que estará dispoñible de maneira telemática no Xeoportal Corporativo.

**SEXTO.** - Publicar este acordo no Boletín Oficial da Coruña e no taboleiro de edictos do Concello

### **DEBATE**

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa. Bo día a todos e a todas.

Bueno, nós ímonos abster neste punto porque como comentabamos na comisión informativa de que hai algúns camiños e algunhas vivendas que quedan sin acceso de camiño público, cando no seu día dende o concello se lle deu licenza para poder edificar, e algúns que tamén consideramos que non quedan recollidos tal e como debería de ser porque hai accesos que non cumpren para que poda chegar unha ambulancia ou poida chegar un camión de bombeiros.

Pola nosa parte ímonos abster. Nada máis e moitas grazas.

-Sr.Ramos Rodríguez: bos días. Simplemente unha aclaración. Isto recolle a realidade actual no inventario, non planifica nin anchuras nin tal... eso en función do PXOM. Para aclarar.

**VOTACIÓN E ACORDO.**- O Concello Pleno, por maioría, aprobou a proposta transcrita:

#### **Votos a favor:**

10 TEGA

2 PSdeG-PSOE

#### **Abstencións:**

6 PP

3 BNG

### **4 º.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA CONTÍA GLOBAL DAS GRATIFICACIÓNS EXTRAORDINARIAS PARA 2024.**

-Lida pola secretaria substituta a proposta que di así: Visto o informe-proposta do servizo de Organización e RRHH (PER17I2JB) de 12.07.2024, que textulamente di: “De conformidade co establecido no artigo 175 do RD 2568/1986, d0 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, a tal respecto se formula o seguinte INFORME PROPOSTA:

**Asunto.**- modificación da contía global das gratificacións extraordinarias para 2024

#### **ANTECEDENTES**

En data 07.03.2024 con código de documento PER18I0NJ emítese proposta de orzamento municipal do Concello de Narón para 2024 onde se recolle unhas contías globais por gratificacións extraordinarias informadas polo servizo de Organización e RRHH.

En data 17.04.2024 con código de documento ASI18I095 se determinan as cantidades globais por gratificacións extraordinarias para 2024 en relación ao convenio de colaboración co Concello de Valvodiño en materia de RRHH.



Con datas 12.06.2024 e 10.06.2024 os servicios de Policía Local e Speis emiten informes nos que se refiren as estimacións de traballos extraordinarios necesarios ata final de exercicio tendo en conta as circunstancias de prestación dos respectivos servicios. Estos créditos superan amplamente a cantidade global para traballos extraordinarios aprobada polo pleno para 2024 e, por suposto os créditos das partidas correspondentes 1320.15100 e 1360.1510 0respectivamente.

#### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local.
- Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2023 (BOE núm. 308 do 24/12/2022).

#### **INFORME**

**PRIMEIRO.-** Di o artigo 6 do Real Decreto 861/1986, do 25 de abril: 1.-Corresponde ao Pleno da Corporación determinar no orzamento a cantidade global destinada á asignación de gratificacións aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2, c), deste Real Decreto

O artigo 7 do mesmo texto di: “1. Os créditos destinados a complemento específico, complemento de produtividade, gratificacións e, no seu caso, complementos persoais transitorios, serán os que resulten de restar á masa retributiva global orzada para cada exercicio económico, excluída a referida ao persoal laboral, a suma das cantidades que ao persoal funcionario correspóndanlle polos conceptos de retribucións básicas, axuda familiar e complemento de destino.2. A cantidade que resulte, conforme o disposto no número anterior, destinarase: a) Ata un máximo do 75 por 100 para complemento específico, en calquera das súas modalidades, incluíndo o de penosidad ou perigo para a Policía Municipal e Servizo de Extinción de Incendios.b) Ata un máximo do 30 por 100 para complemento de produtividade.c) Ata un máximo do 10 por 100 para gratificacións.”

**SEGUNDO.-**As cuantías globais para gratificacións no orzamento 2024 ascenden a 124.625,33€, posteriormente modificada en relación ao convenio de colaboración co Concello de Valdoviño, recollendo unha cantidade global de 130.394,93€.

En atención ás estimacións establecidas na documentación obrante no expediente, faise necesario incrementar os créditos globais en 135.072 € (1320.15100 por importe de 90.000 € e 1360.15100 por importe de 45072 €), o que eleva as cuantías globais por gratificacións a 265.466,93 €

**TERCEIRO.-**A inexistencia de créditos suficiente nas partidas indicadas para dar cobertura ás indicadas estimacións, obriga a aprobación simultánea dun expediente de modificación de créditos por importe de 135.072 € destinado ao incremento indicado, a efectividade da presente proposta queda condicionada á entrada en vigor do citado expediente

**CUARTO.-** En relación aos límites das gratificacións extraordinarias determinados no citado artigo 7 do RD 861/1986, segundo os cálculos realizados por este departamento, unha vez realizados os axustes de créditos, darían o seguinte resultado:

CONCELLO DE NARON			
Importe computable	4.237.613,89 €	(retri totales de funcionarios-basicas-destino)	
Concepto	Importes	%calculados	Límites máximos



		s/art.7 861/1986	RD	%	Importe
C.Específico	2.629.158,00 €	62,04%	75%	3.178.210,42 €	
Produtividade	1.136.190,82 €	26,81%	30%	1.271.284,17 €	
Gratific. Extra.	265.466,93 €	6,26%	10%	423.761,39 €	

Os novos importes globais se atopan polo tanto dentro das porcentaxes legais establecidas no artigo 7 do RD 861/1986,

**QUINTO-** A inexistencia de crédito suficiente para cubrir o importe estimado dentro do capítulo 1 do Orzamento para 2024 obriga ao Servizo de Organización e RRHH a emitir informe de necesidade PER18I03R0 no que se solicita o incremento de crédito a través dun expediente de modificación de créditos (suplemento de créditos), xa que se trata dun gasto concreto, determinado e inaprazable, que non se pode demorar ao exercicio seguinte por razón dos servizos que se teñen que prestar (seguridade cidadana), O incremento solicitado presenta o seguinte detalle:

Aplicación	Descrición	Partida de destino dos créditos
1320-15100	Policia Local-Gratificacións extraordinarias	90.000,00 €
1360-15100	Emerxencias- Gratificacións extraordinarias	45.072,00 €
<b>TOTAL</b>		<b>135.072,00 €</b>

Logo de ver os antecedentes expostos e a normativa citada nos apartados anteriores, a funcionaria que subscribe, propón a esa Alcaldía Presidencia, eleve á Comisión de Persoal á seguinte proposta:

**Primeiro.-** Modificar a contía global destinada a retribucións por gratificacións extraordinarias para 2024, elevando o importe global a 265.466,93 €.

**Segundo.-** Dar conta do presente acordo a Xunta de Persoal na primeira sesión que celebre“

Visto o informe de intervención INT18I00TR de 15.07.2024, e visto o ditame favorable, por maioría, con 7 votos a favor ( 5 TEGA e 2 BNG) e 4 abstencións ( 3 PP, 1 PSdeG-PSOE) da Comisión informativa de Contratación, Persoal e Especial de Contas de data 18-07-2024, o seu presidente propón ao Concello Pleno a adopción dos acordos seguintes:

**Primeiro.-** Modificar a contía global destinada a retribucións por gratificacións extraordinarias para 2024, elevando o importe global a 265.466,93 €.

**Segundo.-** Dar conta do presente acordo a Xunta de Persoal na primeira sesión que celebre.

## **DEBATE**

-Sr.Carballeira López: só por aclarar un pouco. Non é que o BNG esteamos de acordo no uso excesivo das horas extraordinarias, parécenos que non é a mellor maneira de traballar. Agora é como se nos indicou na comisión, si eventualmente se nos dan unhas circunstancias onde se deben de cubrir con horas extraordinarias o traballo destes corpos, pois bueno, estamos de acordo en que se lles paguen, claro, como non podía ser doutra maneira.

Imos a votar a favor pero só por aclarar, que non nos parece adecuado o abuso destas horas pero si cando se dan as condicións como neste caso pois hai que pagalo. Nada máis, moitas grazas.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.

Bueno, en referencia a este expediente, considerando que sexa moi necesaria, ambas plantillas tanto a da Policía Local como a do SPEIS e a realidade é que está moi ben o tema das horas extras pero creo que non é a solución para este tema, e como ademais creo que ese grupo que está gobernando hai poucos días aquí neste pleno, aprobaron unha moción onde querían facer unha



reducción de xornada pois, oie, creo que os profesionais tamén terán que ter o seu descanso, no. Esto sobre a Policía Local.

E se falamos dos SPEIS pois máis acusado todavía, que se lles fixo un plantexamento de que podían ampliar esa plantilla, ou que debían ampliála, incluso os propios SPEIS lles fixeron unha proposta para ir ampliando durante estes anos, e a realidade é que non se fixo, agora facemos unha cantidade de horas extras e non só eso, senón que teñen que actuar en moitos casos, os propios SPEIS están na súa casa e os teñen que chamar para que vaian a facer esas horas extras, entón creo que non é coherente o que estamos facendo aquí.

Aínda que ben é certo que nós non estamos en contra de que se paguen as horas extras se os oficiais neste caso, fan as horas extras, pero creo que dende o goberno se debía tomar outra actitude e esperemos e desexamos que nos próximos orzamentos do ano 2025, se recollan esa ampliación das prazas e polo tanto se cubran para que non teñamos que estar todos os anos facendo estes modificados para gratificacións das horas extras.

Nós imos votar a favor porque consideramos que hai que cubrir esas xornadas, pero si que é certo que teñen que ser vostedes coherentes co que votan nas mocións que se presentan neste Pleno. É dicir, se propoñemos unha redución de xornada, non podemos agora acumular horas extras especialmente nos SPEIS porque teñen traballos duros cando teñen que saír a facer unha actuación. Nada máis e moitas grazas.

-Sr.Romero Franco: bos días a todas e a todos. Só por aclarar, creo que explicamos as circunstancias de por que o uso destas horas extraordinarias, sobre todo 2 corpos que é complicado a súa substitución -supoño que a xente entenderá por que- inmediata deses postos e tamén lóxicamente cando, non é só nestes servizos a xente cando ten que facer horas, se lle chama porque está na casa evidentemente. A eles como ao resto, claro.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa. Entón vostedes teñen que ser máis coherentes a hora de cando votan e cousas que se votan neste Pleno, no. Se están a favor desto e non son capaces de ampliar as plantillas, pois non pidan a redución de xornada, porque ao final non están cumprindo o que vostedes están votando. É cousa de ter coherencia nas actuacións que temos. Sobre todo vostedes ademais que están gobernando, no. Creo que deberían ser máis que ninguén todavía. Nada máis e moitas grazas.

-Sra.alcaldesa: só por cousas que se manifestaron, é dicir, neste caso hai un mes que se ampliou a plantilla, neste caso con 4 bombeiros, na OPE do 2024 vai unha praza máis. E que non se está facendo, non é unha realidade. Outro cousa é que son os previos de cara a poder incrementar. E outra cousa é que evidentemente se a principios de ano cando se aprobou o orzamento souberamos o número de baixas neste caso, da policía que íamos a ter, o número de baixas que íamos a ter do SPEIS, o número de baixas de paternidade e todo eso, eso é algo que é moi difícil de prever. Pasa nesta Policía Local, pasa nas policía locais de todos os concellos .... E neste caso como ben decía Román, non é substituír a unha persoa que pode ser un auxiliar administrativo ou un administrativo que tiras dunha lista e é máis doado. Máis que nada, neste caso, polo posto en si, polo que ocupa, pola dificultade que ten e seus coñecementos previos que teñen que ter, non é algo doado. Entón este é o motivo polo que se fai, non por outro.

Pasamos a votar.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** O Concello Pleno, por unanimidade, aprobou a proposta transcrita.



NARÓN

**5 °.- PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 15/2024; SUBEXPEDIENTE Nº02/2024 DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO E SUPLEMENTO DE CRÉDITO.**

-Lida pola secretaria substituta a proposta que di así: Despois de ver a documentación que obra no expediente PRE/2024/27 e ante a necesidade de tramitar o correspondente expediente de modificación de crédito nº 15/2024: subexpediente nº 02/2024 de crédito extraordinario e suplemento de crédito financiado co remanente líquido de tesourería para gastos xerais procedente da liquidación do ano 2023, co fin de incrementar determinadas aplicacións orzamentarias dos capítulos 1 (gastos de persoal), 2 (gastos en bens correntes e servizos), 4 (transferencias correntes) e 6 (investimentos reais) do orzamento de gastos, para dar cobertura a determinados gastos que se consideran necesarios e inaprazables, por un importe total de 410.087,75 euros.

Na memoria do concelleiro delegado de facenda do 12/07/2024, que se contén neste expediente, expóñense as causas e razóns que motivan esta proposta de acordo, polo que se dan aquí por reproducidas.

Tendo en conta o que se establece na Base nº 9 das Bases de execución do orzamento vixente, no caso do crédito extraordinario non existe crédito orzamentario destinado ás finalidades específicas que se detallan memoria do concelleiro delegado de facenda para a execución dos ditos gastos; e, no caso do suplemento de crédito, non existe no estado de gastos do orzamento vixente, crédito orzamentario suficiente a nivel de vinculación xurídica, para facer fronte aos gastos que se propoñen e detallan na memoria do concelleiro delegado de facenda, sen que se imposibiliten as atencións previstas para este exercicio con cargo as mesmas.

Tendo en conta o que se dispón no artigo 177 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), nos artigos 35 a 38 do Real decreto 500/90, do 20 de abril na Base 9ª das Bases de execución do orzamento e no informe de intervención do 15/07/2024 (PRE18I007F).

Visto o ditame favorable, por maioría, con 5 votos a favor de TEGA e 6 abstencións ( 3 PP, 2 BNG e 1 PSdeG-PSOE) da Comisión Informativa de Contratación, Persoal e Especial de Contas de data 18-07-2024, o seu presidente propón ao Concello Pleno, a dopción dos acordos seguintes:

**PRIMEIRO.** Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito nº 15/2024: subexpediente nº 02/2024 de crédito extraordinario e suplemento de crédito, por un importe total de 410.087,75 euros no orzamento vixente, segundo o que se establece na memoria do concelleiro delegado de facenda que se une ao expediente.

O detalle é o seguinte:

CRÉDITO EXTRAORDINARIO		
Aplic. Orzam. Proxecto	Fin ao que se destina o novo crédito e causa da súa necesidade	Importe (euros)
1621.22706	Asistencia técnica para a modificación de ordenanzas de xestión de residuos	11.750,00
1510.46200	Convenio de colaboración co Concello de Culleredo para realización de funcións de arquitecto durante 3 meses	4.829,76
1510.60900	Certificac. final Urbanización de rúa de nova apertura entre rúa Celso Emilio Ferreiro e Av. Cataluña	9.244,76



2021.2.00000.28		
<b>TOTAL CRÉDITO EXTRAORDINARIO</b>		<b>25.824,52</b>

<b>SUPLEMENTO DE CRÉDITO</b>		
<b>Aplic. Orzam. Proxecto</b>	<b>Fin ao que se destina o novo crédito e causa da súa necesidade</b>	<b>Importe (euros)</b>
1320.15100	Gratificacións Policía Local	90.000,00
1360.15100	Gratificacións Bombeiros	45.072,00
2110.16105	Pensións a cargo da entidade local (complemento IT)	90.000,00
1623.22700	Canon Sogama polo tratamento de residuos	120.000,00
3410.46200	Aportación ao Concello de Fene Organización Memorial Adolfo Ros-Volta a Ría ano 2022	4.198,16
4411.45000	Convenio colaboración para implantación dunha nova liña do servizo de transporte público de interese municipal	6.754,31
1330.60900 2021.4.00000.22	Certificac. final Habilitación de aparcadoiros de proximidade. Lote 1 (A Gándara – Catro Camiños)	7.642,66
1330.60900 2021.4.00000.22	Certificac. final Habilitación de aparcadoiros de proximidade. Lote 2 (Piñeiros – Cadaval)	9.064,53
1532.61900 2023.2.00000.5	Certificac. final Mellora de seguridade vial na rúa Garda	9.858,50
1710.61900 2021.4.00000.43	Certificac. final Reposición de caucho en varios parques do Concello	1.673,07
<b>TOTAL SUPLEMENTO DE CRÉDITO</b>		<b>384.263,23</b>

O financiamento do expediente realízase con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais procedente da liquidación do ano 2023 por un importe total de 410.087,75 euros.

**SEGUNDO.** Visto que se modifican determinadas aplicacións orzamentarias do capítulo 6 (investimentos reais), modificar o anexo de investimentos do exercicio vixente.

**TERCEIRO.** Que se expoña ao público este expediente durante o prazo de quince días hábiles, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o pleno, conforme ao preceptuado no artigo 177 do Real decreto legislativo 2/2004, con referencia ao artigo 169 do dito texto legal.

**CUARTO.** No suposto de non presentarse reclamacións contra este acordo, entenderase definitivamente aprobado, debendo cumprirse os trámites previstos no artigo 169 do Real decreto legislativo 2/2004 (TRLRFL). Noutro caso obrarase conforme o disposto no apartado 1º do dito artigo.

**QUINTO.** Este acordo quedará condicionado á aprobación polo Pleno da modificación da contía global das gratificacións extraordinarias para 2024.

### **DEBATE**

-Sr.Romero Franco: ben, pois neste caso traemos este modificado como ben explicamos na comisión trae varios puntos, o primeiro deles é a asistencia técnica para a modificación da



ordenanza de xestión de residuos como tamén solicitamos, hai unha lei nova que nos obriga a cambiar esa ordenanza, entón queremos facer esa contratación dunha desas empresas especializadas no sector para levar a cabo esa modificación.

Por outra parte estaba ese canon de Sogama para o tratamento de residuos que suma esa cantidade de 120.000 euros. A aportación do noso concello ao concello de Fene pola organización do Memorial Adolfo Ross do ano 2022 que quedou pendente e o convenio de colaboración tamén para a implantación da liña que explicamos tamén que neste caso, é posterior a elaboración deste expediente, pois nos dixeron que a cantidade era outra pero neste caso a través dunha transferencia doutras contas pois incrementaremos esa cantidade.

Un convenio de colaboración co concello de Culleredo para traer a un dos técnicos de Urbanismo que xa estivo nesta casa e contaremos con el para intentar facer un desatasque nas licenzas de Urbanismo, e 5 certificacións de finais de obra e aparte de en persoal como acabamos de aprobar que son as gratificacións da Policía Local e os Bombeiros xunto coas pensións a cargo da entidade local das IT que como sabedes neste concello o persoal que colle unha baixa pois se lle complementa ata o total do salario. Nada máis e moitas grazas.

-Sr. Ulla Rocha: grazas. Bo día a todos e a todas.

Bueno, pois no punto anterior o partido socialista votou a favor para pagarlles a eses Bombeiros e á Policía Local esas horas extras que viñeron facendo, e agora imos ter que votar no sentido da abstención porque o que sa puxeramos de manifesto é que se fai un expediente totalmente heteroxéneo de modificativo de crédito onde aparecen obras, aparecen complementos salariais e aparecen incluso, pois temas de ordenanzas fiscais ou neste caso de residuos. Non podemos neste caso votar a favor.

Quero poñer de manifesto porque non imos a votar a favor.

Non imos a votar a favor en concreto polas certificacións finais de obra dos aparcadoiros disuasorios. Vemos que aquí que si que é certo que houbo unhas penalizacións de demora respecto a que eses aparcadoiros levaron casi 3 anos en facerse, uns aparcadoiros que a verdade ao noso entender non teñen un acabado que estea acorde á obra que ten que ser, vemos que existen bastantes deficiencias; polo tanto, estou seguro dende este partido socialista, eu persoalmente, que estes aparcadoiros van ter que ser obxecto de uso da garantía que está posta en depósito por parte desta empresa adxudicada e ademais incluso polo que vimos nos decretos da Alcaldía que se firmaron neste mes, incluso aparece un embargo de créditos respecto a esta empresa. É dicir, a situación é complicada nesta empresa; é dicir, se o día de mañá temos que facer algún tipo de reclamación sería preferible que os cartos estivesen no Concello de Narón.

Polo tanto nesa responsabilidade, nós, o partido socialista vaise abster.

-Sr. Carballeira López: ben, nós un pouco na liña. Sempre que ven un modificado esperamos que veña un investimento novo que solicitamos o BNG, bueno entendemos que hai cousas que se deben de pagar que van xurdindo. De todas maneiras non é moi atractivo, nos preocupa as certificacións de obra tamén, tal e como dixemos na comisión. Bueno, hai moitas.. é certo que no concello nos dixo que estaba traballando en mellorar esta situación, intentar reducilas, se nos dixo na comisión e nós esperemos que así sexa no futuro.

Bueno, sobre a dependencia de SOGAMA no tratamento dos residuos a postura do BNG está clara e imos a ter a oportunidade de debatila hoxe máis adiante. Así que nós tamén nos imos abster e esperamos que cumpla o goberno intentando que se produzan cada vez menos certificacións de obra coas ferramentas que se teñen para mellorar.



-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.

Bueno, referente a este punto é que seguimos facendo cousas que chirrían demasiado, no. É dicir, as certificacións finais de obra, vostedes teñen un problema grave porque creo que dende hai moito tempo lles vimos advertindo desto, e siguen continuando repetitivo e repetitivo e é máis moitas veces incluso cando vemos cando se conceda esa obra, según quen a vai executar xa nos imaxinamos que vai haber certificación extra como está habendo, na maioría delas, no. Por eso que nos preocupa de verdade, nos preocupa da forma que se está facendo.

E referente aos aparcadoiros que nos comentaran que había un expediente aberto á empresa pero vemos que agora pois unha cousa compensa a outra no, pero lles invito a que vaian e que vixien os aparcadoiros e que se realmente están aptos para que se poidan facer estas certificacións de obra e pagar ao final.

Pasen polo da Gándara, visiten a entrada e miren como está o bordo da entrada que parte del xa non existe. Creo que debemos de vixiar máis esas obras no, despois dos anos que levan executándose e que agora nos veñan con estas. Polo tanto, nós non podemos votar a favor desto e que se hai algunha partida que somos conscientes que é necesaria e que é necesaria aumentar algunhas partidas pero deberíase diferenciar o que é de obras e o que é doutros conceptos do que todos posiblemente estiveramos de acordo que era necesario ampliar esas partidas. Cousa que vostedes non o están facendo e polo tanto, nos obrigan a que nos absteñamos e que non podamos votar a favor.

Insístolles que vostedes teñen un problema coas certificacións finais de obra extra que están facendo.

Espero e desexo que despois de tanta insistencia que estamos facendo que dunha vez por todas tomen medidas e solucionen esa problemática. Nada máis e moitas grazas.

-Sr.Romero Franco: ben, a ver, por aclarar porque creo que se confunden demasiadas cousas; unha loxicamente os acabados dos aparcadoiros, é evidente que hai unha recepción por parte dos técnicos municipais que entendemos que non se pon en dúbida a súa labor e entendemos polo tanto, que cumpren co que nesas memorias ou nesas proxectos están, senón loxicamente estarían a facer mal a súa labor e non dubidamos en ningún momento nós desa parte.

Por outra parte a situación da empresa, económica, non sei exactamente que quere dicir con eso, non sei se pretende que non se lle pague por unha situación na que se encontra a situación da empresa, non entendemos moi ben, e despois por aclarar as certificacións loxicamente as liquidacións de fin de obra é un concepto que é totalmente legal sempre e cando non se supere o 10%.

E o que traemos aquí simplemente é habilitar estes cartos porque independentemente de que se faga ou non se faga a empresa ten dereito a cobrar eso. Hai unha posibilidade de que non se abone esa cantidade, se ..... e loxicamente o concello tería que pagar o recargo de custos que eso suporía. Entón non sei se estarían dispostos a pagar esos cartos a maiores que suporía que se teña que levar a xuízo estes casos e que se teña que pagar obrigatoriamente igual como se ten que chegar a pagar.

Polo menos agradecemos a abstención e seguimos para adiante. Grazas.

-Sr.Ulla Rocha: moitas grazas. Bueno, por afondar un pouco neste tema e por aclarar, penso que o concelleiro de Facenda ten que ter coñecemento de que existe un embargo de créditos respecto á empresa adxudicataria dos aparcadoiros. É dicir, teremos que ver a contía obxecto dese embargo e en base a ese embargo, ver se realmente estes cartos que se van a aprobar hoxe de pagarlle a esa empresa se realmente lle pagamos a un terceiro. Cando se plantexa por parte do grupo socialista,



as dúbidas polos acabados deses aparcadoiros non son tanto na recepción porque aquí non poñemos en dúbida o bo saber dos nosos técnicos. Estamos falando de que ao mellor poden xurdir vicios ocultos e que ao mellor faga que haiba fochancas, que ao mellor o aglomerado pois non teña as calidades que debería ter e que dea o día de mañá, pois a facer algún tipo de reclamación por parte do concello. Que pasa? Se esa empresa xa é insolvente ou desaparece, eses cartos que ao mellor si que, como ti manifestas, que ao mellor o señor pode acabar nun litixo pois ao mellor incluso o gañamos. Incluso ao final non temos que pagar esas cantidades que se poñen aí. Tampouco lle hai que ter moitas veces medo aos tribunais porque temos bos técnicos e incluso ao final, podemos incluso gañar.

O que está claro é que hai un principio que é o da realidade. E a día de hoxe eses aparcadoiros non están ben. En concreto o da Gándara non está ben. Basta con aparcar alí para ver que os acabados non son os correctos. Que agora mesmo o aglomerado se levanta. Entonces ao final imos a ter que tirar da garantía. E se non ao final verémolo neste pleno porque lamentablemente vai ser así.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.

Referente ao que falou o Sr.Román, pola nosa parte non poñemos en dúbida o bo funcionamento e o bo traballo dos funcionarios. Creo que neste caso, son vostedes os que están facendo... porque non vexo porque as direccións de obra non poden ser un funcionario municipal. Gustaríame. Que estou seguro de que evitaríamos moitos problemas deste tipo.

E repítolle, que pasen a visitar, especialmente o da Gándara e se vostede cré que está en condicións para facer esta certificación e de pagar esa certificación, faganno.

Pero advirtolle que pase primeiro a visitar para que comprobe a realidade das cousas. Porque é certo que o remate e actualmente como está aquilo non creo que cumpla para poder facer esto. Nada máis e moitas grazas.

-Sra.alcaldesa: a ver. Por un lado validan os técnicos. Por outro lado, poñen en dúbida esas recepcións. As recepcións non as fan os políticos, é dicir, nós non imos a recepcionar as obras, non imos a validar se a obra está ben ou non. Imos a comprobalo, si. E evidentemente unha das cousas porque hai tantas penalidades e tantos retrasos e se lle pasou e evidentemente porque non estaba en prazo, porque non estaban acabadas correctamente pero chega un momento, neste caso, os técnicos municipais, hai unha dirección de obra pero os técnicos municipais validan esa dirección de obra, eses informes, é dicir, non é algo que fagan os políticos; eles lles dan ese visto bo e agora mesmo o que procede é pagar.

É lóxico e é así, que temos que pagar por un servizo que se prestou.

Por outro lado, está o das penalidades. E se evidentemente hai algo que está mal feito e que aparece a posteriori, nós non temos capacidade para decidir sobre unha empresa, é dicir, que a empresa teña problemas económicos probablemente nos levou a que se dilatase tantísimo no tempo esa execución das obras. Pero nós pouco podemos facer dende que está adxudicado. O que hai unha serie de cousas nas cales podemos incidir pero noutras no, e a situación económica que teña a empresa, bastante desgraza terá e probablemente terá que ir e se hai algún defecto neste caso de construción ou de mala práctica do que se levou alí, evidentemente teremos que reclamar. Pero eso será outra cousa.

O que estamos levando aquí e o que tamén, de verdade o tema das liquidacións. Imos ver. O que estamos a pagar é por algo que se fixo a maiores, por exemplo, teño aquí un deles eh, teremos medidas reposición do caucho en varios parques do concello, un exceso de medicións, un 1,95 % sobre o prezo de adxudicación; corrección dun erro no proxecto do parque Bimbieiro, que supón máis medición. Que facemos? Non o facemos? é dicir, chegado o momento temos ese proxecto,



se detecta ese erro que non está contemplado esa cantidade de caucho a maiores. Podemos facer 2 cousas; deixar o falabamos, poñíamos o exemplo da encimera da túa casa: é dicir, que facemos? Ata o que temos no debuxo ou correximos o erro que é dun terceiro; corriximos e eso ten un custo e é o que imos a pagar agora, é dicir, dicir outras cousas.... E de verdade que estaríamos encantados de que as liquidacións fosen a cero, que quere dicir? Que o proxecto estaría perfectísimamente, claro, pero hai veces que aínda que o proxecto está ben que se detectan determinadas cousas que non se poderían ver antes de abrir determinadas obras.

Entón a verdade que é, e ese mantra que teñen de dicir, e que é .... Non, temos todo o que permite a lei. E que nos gustaría ter menos? Si, que nos gustaría que os proxectos tal.....llo dixemos. Vostede decía: cando unha obra está adxudicada, claro, xa sabes que a empresa vai.... Nós non temos capacidade para dicir cunha mesa de contratación, cuns pregos, cunha licitación pública, cunha empresa traballe ou non traballe.

Cando estamos nunha mesa de contratación xa vemos que hai algunhas que fan o traballo excepcionalmente e cando lle toca a outras decimos “ pois esta vai haber problemas” e podemos facer algo? No, e lle fixen un ofrecemento e llo dixen, se considera, se sabe dalgunha e o fago aquí públicamente, de que podamos de maneira legal contratala para que faga determinados proxectos, ou determinada tal..... benvida sexa. É dicir, non nos casamos con ninguén, queremos que fagan o traballo ben feito, pero evidentemente hai circunstancias que nos levan precisamente a esto. Parque Bimbieiro, facemos o caucho de todo o que queríamos ou mantemos o erro ata o final? No, correxímolos.

Expedientes, un concello, 35 millóns de euros, xestionar eso a nivel de volumen de expedientes é moitísimo, traer un a nivel individual por cada... unha modificación de crédito, un recoñecemento de crédito por cada concepto, sería triplicar ou máis o traballo dos funcionarios. Non temos capacidade para eso, é dicir, agrupamos, evidentemente veñen obras, veñen o que ten que vir neste momento porque non podemos facer un expediente por cada, porque ao final, se o funcionariado que temos xa non nos chega ou vemos en momentos puntuais que temos que pedir neste caso, axuda, non quero ver se cada un destes expedientes, cada un destes puntos fose tratado a nivel individual e sinceramente, ese é o único motivo e creo que se fai así no resto dos concellos de toda Galicia e podería dicir incluso de toda España por esa economía procedimental.

Pasamos a votar a proposta.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** O Concello Pleno, por maioría, aprobou a proposta transcrita:

**Votacións a favor:**

10 TEGA

**Abstencións:**

6 PP

3 BNG

2 PSdeG-PSOE

**6 º.- PROPOSTA SOBRE ADOPCIÓN DE DIVERSOS ACORDOS EN MATERIA DE SANEAMENTO.** -Lida pola secretaria substituta a proposta que di así: Visto o acordo adoptado polo Concello Ferrol na sesión plenaria celebrada o pasado 27/06/2024, polo que se aproba a “liquidación de repercusión de custos do servizo de depuración que se presta ao Concello de Narón correspondente ao segundo semestre do ano 2023”, notificado a este Consistorio con data de entrada de 5 de xullo de 2024 (RE nº 691).

Dando por coñecido o íntegro expediente sobre o asunto que se trata.

Dando por coñecidos a totalidade dos informes xurídicos-económicos e técnicos obrantes no expediente da súa razón.



Considerando que o acordo plenario inicialmente citado principia o seu punto terceiro cunha expresa mención ao acordo adoptado polo Concello de Ferrol en data 25 de agosto de 2022, no que se decidiu prestar aprobación a diversas liquidacións de repartos de custes polo servizo que se trata ao Concello de Narón, sobre a base dunha porcentaxe baseada nun suposto e inexistente acordo da Xunta de Galicia aprobatorio dun novo coeficiente de reparto.

Considerando que en data 27 de outubro de 2022, o Concello Pleno de Narón procedeu a rexeitar aquelas liquidacións polos argumentos sinalados na parte expositiva daquel acordo; requirindo, ao Pleno ferrolán, a revisión de oficio da súa legalidade (motivando debidamente, previa evacuación dos informes polos funcionarios competentes do seu Concello, todos e cada un dos motivos de oposición contidos na parte expositiva daquel documento); e instando igualmente daquela entidade local a remisión - no exercicio do dereito á defensa e acceso ao expediente por parte de Narón - de diversa documentación, non evacuada logo de varios requirimentos.

Téndose producida a interposición polo Concello de Ferrol dun recurso contencioso administrativo contra o derradeiro acordo plenario citado deste Concello de Narón, de data 27 de outubro de 2022, pendente de resolución neste intre.

Dando por coñecido que o Concello de Narón, en data 16 de novembro de 2023, procedeu - ante a ausencia de datos facilitados polo Concello de Ferrol sobre os custes incorridos no exercicio de 2022 en relación co servizo que se trata - ao recoñecemento extraxudicial de crédito e posterior abono da contía naquel acordo sinalada para ese exercicio de 2022, previa evacuación de sendos informes emitidos polo responsables dos Servizos Externos municipais e pola xerencia da mercantil COSMA, S.A. sobre os custos do servizo de depuración e vertido de augas residuais.

Téndose recibida en data 12 de xaneiro de 2024 (RE nº 691) notificación do acordo adoptado polo Concello Ferrol na sesión plenaria celebrada o pasado 28/12/2023, polo que se aproban as liquidacións de repercusión de costes do servizo de depuración que se presta ao Concello de Narón correspondentes ao primeiro e segundo semestre de 2022 e primeiro semestre de 2023”.

Considerando que o Concello Pleno de Narón, na sesión celebrada o 29 de febreiro de 2024, acordou rexeitar as liquidacións sinaladas no parágrafo anterior polos argumentos que despois se exporán, requirindo ao Concello de Ferrol para que revisara de oficio a legalidade desas liquidacións, motivando debidamente, todos e cada un dos motivos de oposición contidos no acordo do plenario naronés; así como que, para o exercicio do dereito á defensa e acceso ao expediente por parte de Narón, facilitase a esta entidade a documentación aínda non evacuada ao longo de varios requirimentos, solicitada por esta Corporación no punto 7 dos acordos plenarios acadados por o Consistorio de Narón na sesión plenaria do 27 de outubro de 2022.

Téndose producida a interposición polo Concello de Ferrol dun novo recurso contencioso administrativo contra o derradeiro acordo plenario citado deste Concello de Narón, de data 29 de febreiro de 2024, pendente de resolución neste intre.

Considerando a vixencia e virtualidade da totalidade dos argumentos xurídicos esgrimidos por esta administración (particularmente, (I) a ausencia dun acordo interadministrativo no que se concreten as relacións xurídicas recíprocas - considerado o instrumento adecuado no que deben definirse as obrigas e dereitos de cada unha das administracións afectadas, incluídas as económicas-, único xeito de salvagardar os intereses económicos deste Concello, mediante o establecemento das oportunas medidas de fiscalización e control que permitan a esta administración a verificación do axuste á legalidade das liquidacións pola prestación do servizo; (II) a indefensión do Concello de Narón ante a indefinición das normas reguladoras específicas da xestión e recadación dos ingresos que se tratan, que non permiten a devandita fiscalización polos órganos competentes deste Concello; (III) a inexistencia dun título xurídico que faculte ao Concello de Ferrol para delimitar e



calcular as liquidacións que se están a practicar; ou (IV) a modificación unilateralmente acordada pola administración ferrolá da imputación de xustes ao Concello de Narón no referidos aos derradeiros períodos liquidatorios, sen título xurídico habilitante de tal revisión).

Considerando que os Concellos de Narón e Ferrol, de mutuo acordo, solicitaron, en data 13/02/2024, a suspensión do primeiro proceso contencioso-administrativo antes citado, a fin de negociar unha solución extraxudicial ao asunto no marco das relacións interadministrativas entre ambas entidades, instrumentando o imprescindible acordo regulador da prestación do servizo, que estableza e delimite con absoluta claridade o mecanismo de liquidación e da súa fiscalización por ambas administracións; e que a devandita suspensión foi efectivamente acordada polo Xulgado Contencioso-administrativo nº 1 de Ferrol mediante decreto de data 14/02/2024.

Considerando acreditada a efectiva prestación dese servizo nese período,

Visto o ditame favorable por maioría, con 2 votos a favor de TEGA e 3 abstencións ( 1 PP, 1 BNG, 1 PSdeG-PSOE) da Xunta de Portavoces de data 19-07-2024, a súa presidenta propón ao Concello Pleno a adopción dos seguintes acordos:

1.- Rexeitar a liquidación remitida polo Concello de Ferrol relativa ao segundo semestre de 2023, polos argumentos reseñados nesta proposta, e requirir ao Concello de Ferrol para que revise de oficio a legalidade das mesmas, motivando debidamente, previa evacuación dos informes polos funcionarios competentes do seu Concello, todos e cada un dos motivos de oposición contidos na parte expositiva deste documento.

2.- Requirir ao Concello de Ferrol para que, no exercicio do dereito á defensa e acceso ao expediente por parte de Narón, facilite a esta entidade, a documentación, aínda non evacuada logo de varios requirimentos, solicitada por este Consistorio no punto 7 dos acordos plenarios acadados por este Consistorio na sesión plenaria do 27 de outubro de 2022.

3.- Ordenar a realización de cantos trámites oportunos resulten a fin de acadar a tramitación dun expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos, correspondente aos gastos do exercicio de 2023, (sen prexuízo da necesidade de evacuar e incorporar os informes estimativos dos custos do servizo de que se trata correspondentes á anualidade de 2023, a emitir polo responsable dos Servizos Externos municipais e pola xerencia da mercantil mixta COSMA, S.A.), a fin de proceder a súa aprobación nunha vindeira sesión plenaria desta corporación.

## **DEBATE**

-Sr.Ulla Rocha: grazas.

Nós no anterior que noutra ocasión que se trouxo a este pleno a liquidación que nos fai o Concello de Ferrol pois imos a manter a mesma postura, imos apoiar a postura de defensa do Concello de Narón porque non pode ser doutra maneira. Este tema está xudicializado e un recoñecemento agora tácito ou extraxudicial de que ten razón Ferrol pois é contraproducente para todos os veciños. Polo tanto, nós esta e as posteriores que sexan emitidas ata que non exista un fallo xudicial van ser aprobadas polo partido socialista.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.

Sobre este asunto gustaríanos que nos informara de cómo están as negociacións co concello veciño sobre o expediente que estaba no xulgado e que nestes momentos por acordo de ambas partes se paralizou, no. E intentar negociar eses acordos que había entre as dúas administracións sería importante que nos dera un pouco unha explicación para saber como estaba esto.

-Sra.alcaldesa: claro, doulle resposta ao final, é dicir, neste caso se saben que hai unha suspensión, sabe como lle trasladamos neste caso na Xunta de Portavoces que estamos tratando de mediar e



nos fixeron distintas ofertas que tivemos varias reunións, temos que recoñecer neste caso, que o talante do alcalde de Ferrol é bo, tratar de falar e estamos aí, levan a última proposta que fixemos e estamos esperando que nos respondan. É evidente que para.... E de todas maneiras antes de tomar ningún tipo de acordo e cando algo sexa definitivo tamén, convocarei neste caso aos portavoces para trasladarlles o punto no que estamos. Pero si que é verdade que a día de hoxe non hai acordo. Quedamos en vernos antes de que empece agosto e espero aí xa ter unha proposta máis firme pola súa parte.

-Sr.Castrillón Permuy: poderíamos saber que cantidade de atrasos son os que reclama Ferrol ao Concello de Narón e en canto estaría de acordo Narón nesas cifras?

**INCIDENCIA:** Sae a Sra. Novo Mouriz sendo as 10:02´e volta ás 10:04´.

-Sra.alcaldesa: non é tanto cuestión de atrasos, é dicir, nós o que non estamos de acordo é que dende... creo que todos sabemos do que falamos, se estableceu unha porcentaxe do 70-30 no que nós a día de hoxe temos aprobado por pleno e que validamos como eles dende en inicio nos facturaban por esa porcentaxe e chegou un momento que deixaban de facelo. E que o variaron unilateralmente esa porcentaxe. E a maiores o que empezaron a facer é cobrar con carácter retroactivo tamén IVA, é dicir, en determinadas cuestións. Nós nese sentido non estamos de acordo. Si que podemos polo menos, empezar a estar de acordo cando haiba un punto de inflexión donde deixe de ver que esa porcentaxe variou e que se poida medir dalgunha maneira que é dende que se instalen os caudalímetros. Polo menos, que teñen unhas medicións, neste caso, válidas. É a proposta a que nós estamos dispostos a chegar, é dicir, a día de hoxe non están instalados pero o que si non están definitivamente instalados, pero que si xa hai medicións. Entón dende ese punto poderíamos validar que é diferente esa porcentaxe; anteriormente e con carácter retroactivo non.

-Sr.Castrillón Permuy: moi ben. Grazas Sra.alcaldesa.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita:

**Votos a favor:**

10 TEGA

2 PSdeG-PSOE

**Abstencións:**

6 PP

3 BNG

**7 º.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN Nº1 DA OBRA "PAVIMENTACIÓN DA PLATAFORMA EXTERIOR DE IRMÁNS FROILAZ", POLO PROCEDIMENTO DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS.**

-Lida pola secretaria substituta a proposta que di así: O xefe do Servizo de Contratación, en data 15 de xullo de 2024, elevou a esta alcaldía-presidencia o informe-proposta que di:

**“Expediente CON/72/2022: Pavimentación da plataforma exterior de Irmáns Froilaz**

**Asunto:** proposta de aprobación de certificación



En relación coa factura e a certificación de obra nº 1 presentada pola empresa CANARGA S.L., adxudicataria do contrato para a execución das obras denominadas “Pavimentación da plataforma exterior de Irmáns Froilaz” emítese o seguinte

## **INFORME-PROPOSTA**

D. José Manuel Saavedra Pantín, director das obras denominadas “Pavimentación da plataforma exterior de Irmáns Froilaz”, adxudicadas á empresa CANARGA S.L., expide a certificación nº 1 (do 22/12/2022 a 11/12/2023, por importe de 47.184,00 €).

Consta no expediente un informe da dirección de obra relativo a un erro no período certificado. Así mesmo, a dirección de obra emite informe final polo que se consideran as obras rematadas e a satisfacción da Administración contratante.

Segundo o informe emitido pola Arquitecta Técnica Municipal, Dña. Laura Pita Martínez, en data 26 de decembro de 2023, en relación á certificación nº 1, este documento correspóndese coas obras executadas do proxecto.

Por outra banda, consta no expediente memoria xustificativa, emitida en data 12 de xullo de 2024 por este Técnico co visto e praxe da alcaldía-presidencia, para proceder ao recoñecemento extraxudicial da obriga contraída coa empresa, ao abeiro da Base de Execución nº 15 dos Orzamentos en vigor.

En consecuencia, tanto a factura como a certificación de obra foron conformadas técnica municipal e polo Concelleiro Delegado de Obras.

Por todo o exposto, e de conformidade co establecido no artigo 175 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, quen subscribe eleva á alcaldía-presidencia, para que someta a debate e votación do Concello Pleno, previa fiscalización e ditame da Xunta de Portavoces, a seguinte

## **PROPOSTA DE ACORDO**

**PRIMEIRO:** Aprobar a certificación de obra nº1, por importe de 47.184,00 €, das obras denominadas “Pavimentación da plataforma exterior Irmáns Froilaz”, adxudicadas á empresa CANARGA S.L., con CIF B15360902.

**SEGUNDO:** Notificar este acordo á empresa contratista e á Dirección de obra.”

A Intervención Xeral, en data 15 de xullo de 2024, emitiu informe de reparo (con efectos suspensivos nalgún dos seus extremos) á precitada proposta, segundo o seguinte detalle:

### **“ANEXO**

**PRIMEIRO.** O TRLRFL (artigo 173.5) e o Real decreto 500/90 (artigo 25) refírense ao principio de especialidade cuantitativa dos créditos orzamentarios no ámbito local. Os ditos créditos teñen carácter limitativo e vinculante, debido ao cal non poden adquirirse compromisos de gastos por contía superior ao importe dos créditos autorizados no estado de gastos. A infracción deste principio orzamentario penalízase coa nulidade de pleno dereito dos acordos, resolucións e actos administrativos que incorran na dita infracción.

O artigo 176 do TRLRFL contempla o carácter temporal dos créditos dos orzamentos municipais, así os créditos para gastos apróbanse con vixencia para cada un dos exercicios orzamentarios, nos que se inclúan de forma que con cargo



aos ditos créditos “*sólo podrán contraerse obligaciones derivadas de adquisiciones, obras, servicios y demás prestaciones o gastos en general que se realicen en el año natural del propio ejercicio presupuestario*”. Deste precepto derívase a imposibilidade legal de aplicar aos créditos do exercicio vixente gastos realizados en exercicios anteriores.

O Real decreto 500/90, no seu artigo 26, que transcribe case literalmente o artigo 176 do TRLRFL, refírese ao principio de especialidade temporal, segundo o cal con cargo aos créditos do estado de gastos de cada orzamento só poderán recoñecerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e demais prestacións ou gastos en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario. Non obstante, aplicaranse aos créditos do orzamento vixente, no momento do seu recoñecemento, as obrigas seguintes:

- As que resulten da liquidación de atrasos a favor do persoal que perciba as súas retribucións con cargo aos orzamentos xerais da entidade.
- As derivadas de compromisos de gasto debidamente adquiridos en exercicios anteriores, previa incorporación dos créditos no suposto establecido no artigo 182.3 do TRLRFL.
- As obrigas procedentes de exercicios anteriores a que se refire o artigo 60.2 deste Real decreto. Neste último artigo cítase a figura do recoñecemento extraxudicial de crédito.

Non obstante, a xurisprudencia do Tribunal Supremo atenuou o rigor na aplicación dos principios citados ao contrastalos coa “Teoría do enriquecemento inxusto”, segundo o cal “*no se puede alegar como impedimento en el cumplimiento de la obligación de pago la ausencia de ciertas formalidades*” (Sentenzas do 12 de febreiro de 1990, 8 e 25 de outubro de 1986).

Ademais, debemos ter en conta os principios de confianza lexítima e boa fe que deben presidir as relacións entre as administracións públicas e os cidadáns. Os ditos principios, aínda que amplamente recoñecidos pola xurisprudencia contencioso-administrativa, incorporáronse ao Dereito positivo na Lei 4/99, que modifica parcialmente a Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, disposición derogada na actualidade. Non obstante, este principios actualmente se conteñen na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

De todo o anterior, dedúcese que o nome de “recoñecemento extraxudicial de crédito” deriva da posibilidade que teñen as entidades locais para recoñecer aquelas obrigas económicas que, aínda que infrinxen a norma de non ter consignación orzamentaria ou de non seguir o procedemento de adxudicación correspondente, derivan da prestación de servizos, execución de obras ou entrega de materiais que efectivamente se realizaron, evitando desta maneira a necesidade de iniciar as accións xudiciais correspondentes por parte dos contratistas, as cales estimaríanse sobre a base da citada teoría do enriquecemento inxusto. De aí deriva o nome de recoñecemento extraxudicial en cuanto se substitúen os órganos xudiciais.

En relación co anterior, cumpre subliñar que os contratos realizados de xeito verbal ou en contravención do estipulado na normativa aplicable en materia de contratación no sector público, son nulos de pleno dereito consonte co estipulado no artigo 62.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (referencia que debe entenderse realizada ao artigo 47.1 da Lei 39/2015). En tales circunstancias non é posible o recoñecemento ordinario das obrigas, e a declaración de nulidade implicaría que as partes deberían restituírse reciprocamente as cousas recibidas e, se iso non fose posible, devolver o seu valor. A parte culpable debería indemnizar a contraria dos danos e prexuízos sufridos. Non obstante, sempre que estea acreditada a efectiva prestación dos servizos, os compromisos adquiridos en virtude dun acto voluntario da administración teñen efectos xurídicos xa que existe unha contraprestación real da que, dun ou doutro xeito, se beneficia a administración. De non pagarse, produciríase un enriquecemento inxusto do concello. O crédito nulo do



particular que actuou de boa fe transfórmanse nunha obriga extracontractual do mesmo contido, é dicir, nunha indemnización polos danos e prexuízos que se lle causaran, e entran en xogo os principios de responsabilidade da Administración. En calquera caso, o recoñecemento extraxudicial de créditos é un procedemento de carácter excepcional adecuado para resolver algunhas situacións puntuais de carácter extraordinario e non unha posibilidade regulada para convalidar de xeito sistemático gastos realizados sen axustarse aos procedementos establecidos na normativa aplicable en materia de contratación no sector público e no TRLRFL.

No informe do Consello de Contas de fiscalización do Concello de Narón do ano 2013 consta como recomendación o seguinte: “(...) 9. *Dada la naturaleza excepcional del reconocimiento extrajudicial, en los supuestos en que la causa subyacente del reconocimiento extrajudicial de créditos sea una nulidad de pleno derecho (artículo 29 TRLCSP; artículo 62 de la hoy derogada Ley 30/1992 y artículo 47 de la vigente Ley 39/2015), el procedimiento a seguir para regularizar la situación creada se establece en el artículo 34 del TRLCSP, que señala que la revisión de oficio de los actos preparatorios y de adjudicación de los contratos se tiene que llevar a cabo de conformidad con lo establecido en la legislación vigente en materia de procedimiento administrativo común de las administraciones públicas.(...)*”.

O obxecto deste expediente é que o concello recoñeza como propias as obrigas para con terceiros derivadas das prestacións por estes realizadas en anos anteriores, evitándose así o enriquecemento inxusto da administración. Xa que a xurisprudencia do Tribunal Supremo atenuou o rigor na aplicación das normas administrativas ao contrastalas coa “teoría do enriquecemento inxusto”, en virtude da cal “*no se puede alegar como impedimento en el cumplimiento de la obligación de pago la ausencia de ciertas formalidades*” (Sentenzas do 12 de febreiro de 1990, 25 de xuño e 8 de outubro de 1986).

Se finalmente se considera que a prestación debe ser abonada polo concello, danse os requisitos para que prospere a dita petición, xa que o concello obtería unha vantaxe patrimonial (prestación executada) e o contratista veríase empobrecido pola vantaxe obtida polo concello e non existiría causa que xustificase a minoración patrimonial dos terceiros afectados.

Na Base nº 15 das Bases de execución do orzamento do ano 2024, dispónse o seguinte:

#### **“BASE 15.ª – RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS**

*O art. 176 do TRLRFL establece o principio xeral de temporalidade dos créditos. Non obstante, como excepción a ese principio xeral, aplicaranse aos créditos do orzamento vixente, as obrigas seguintes:*

- a) As que resulten de liquidacións de atrasos a favor de persoal que percibas as súas retribucións con cargo aos orzamentos xerais da entidade local.*
- b) As derivadas de compromisos de gastos debidamente adquiridos en exercicios anteriores, previa incorporación dos créditos que amparen proxectos de gastos con financiamento afectado, que deberán de incorporarse obrigatoriamente salvo que se desista total ou parcialmente de iniciar ou continuar a execución do gasto ou se faga imposible a súa realización. No resto dos casos, a aplicación do gasto realizarase, de ser posible, a créditos previamente incorporados, e no caso contrario, aos créditos iniciais do orzamento corrente.*

*Non obstante o anterior, establécense as seguintes excepcións:*

- 1. Con carácter excepcional, e para garantir o correcto funcionamento dos servizos básicos, poderanse imputar ao crédito do exercicio vixente sen necesidade de tramitación previa de expediente de incorporación de remanentes, os gastos de natureza corrente correspondentes a mantemento de servizos básicos esenciais –ordinarios, recorrentes, periódicos, repetitivos e de tracto sucesivo-, devengados nos dous últimos meses do exercicio anterior, cuxa tramitación non se realizara no exercicio de devengo, sempre que se acredite no expediente os seguintes requisitos:*



a) *Que se refiran a gastos derivados de contratos debidamente formalizados, executándose de conformidade coas directrices normativas e orzamentarias vixentes, e sempre que a súa imputación orzamentaria non supoña imposibilidade de imputación de créditos consignados para a atención das obrigas do exercicio.*

b) *Que exista crédito dabondo nas consignacións orzamentarias incluídas nos orzamentos.*

c) *Que queden acreditadas as circunstancias que motivaron a imposibilidade da súa imputación ao exercicio de devengo.*

2. *Gastos realizados ou devengados nos últimos dous meses do exercicio que pola súa contía se encadren dentro dos denominados “contratos menores” pola lexislación de contratos das administracións públicas, sempre que exista crédito dotado. Considerarase, a estes efectos, que a retención de crédito derivada da proposta de gasto remitida polas respectivas unidades xestoras para a súa elevación á Intervención, equivale ao compromiso correspondente a favor do terceiro proposto.*

3. *Obrigas derivadas de cotas de participación en asociacións, consorcios, agrupacións, etc., recollidas nos seus respectivos estatutos, dos que o concello formara parte para de conformidade cos acordos adoptados polo órgano competente.*

c) *O artigo 26 do Real decreto 500/1990, establece o principio de temporalidade, engadindo como excepción as obrigas procedentes de exercicios anteriores ás que se refire o art. 60.2 do Real decreto 500/1990, é dicir, os recoñecementos extraxudiciais de crédito.*

*Enténdese polo tanto, dentro do contexto do principio de imputación temporal dos créditos, por obrigas obxecto de recoñecemento extraxudicial aquelas que, xeradas en exercicios anteriores, deba ser satisfeitos a terceiros de boa fe por aplicación do principio de prohibición do enriquecemento inxusto da administración e non se deriven de compromisos de gasto debidamente adquiridos polos seguintes motivos:*

*- Por realizarse os ditos gastos sen consignación orzamentaria en exercicios anteriores.*

*- Cando, existindo consignación orzamentaria en exercicios anteriores, o gasto non se comprometeu na forma debida.*

*O recoñecemento extraxudicial de créditos corresponderá ao Pleno cando no expediente tramitado ao efecto non se acredite a existencia de crédito dispoñible suficiente nas aplicacións orzamentarias de aplicación, todo elo de conformidade con establecido no artigo 60.2 en relación co artigo 26.1 c) do Real decreto 500/1990. En todo caso, enténdese que existe dotación orzamentaria cando o orzamento en vigor prevea aplicacións orzamentarias específicas para gastos relativos a exercicios anteriores e se correspondan cos que sexan obxecto de recoñecemento extraxudicial.*

*O recoñecemento extraxudicial de créditos que lle corresponde aprobar ao Pleno esixe os seguintes trámites:*

a) *Recoñecemento da obriga, mediante a explicación circunstanciada de todos os condicionamentos que orixinaron a actuación, motivando a necesidade de facer fronte, a favor do interesado, ao valor dos gastos ocasionados pola realización da prestación.*

b) *Existencia de dotación orzamentaria específica, adecuada e suficiente para a imputación do respectivo gasto, xa sexa mediante consignación inicial ou posterior ou ben derivada dunha modificación tramitada para o efecto.*



*A dotación orzamentaria, de existir no orzamento para gastos, en principio, do mesmo exercicio, requirirá o informe do órgano de xestión competente acreditando a posible imputación do gasto sen que se produza prexuízo nin ningunha limitación para a realización de todas as atencións do exercicio corrente na conseguinte aplicación orzamentaria.*

*O expediente para o recoñecemento da obriga deberá conter, como mínimo, os seguintes documentos:*

*a) Memoria xustificativa subscribida polo xefe de servizo responsable e conformada polo concelleiro delegado, sobre os seguintes extremos:*

*- Xustificación da necesidade do gasto efectuado e causas polas que se incumpriu o procedemento xurídico-administrativo e/ou orzamentario correspondente.*

*- Data ou período de realización.*

*- Importe da prestación realizada.*

*b) Factura detallada, ou documento que acredite a realización do gasto, da prestación realizada debidamente conformada polos responsables do servizo e, se é o caso, certificación de obra.*

*c) Informe do servizo correspondente, nos casos de imputación ao orzamento do exercicio corrente, de que non existe ningún impedimento ou limitación a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atencións da aplicación orzamentaria durante todo o ano en curso. Noutro caso, o expediente de recoñecemento extraxudicial requirirá a tramitación previa ou simultánea de modificación de créditos.*

*d) Informe da Intervención xeral.*

*e) Calquera outro documento que se estime necesario para unha mellor xustificación do gasto.”*

No expediente consta a memoria xustificativa asinada polo xefe do Servizo de Contratación e pola alcaldesa do 12/07/2024 (CON18I022E), na que se conclúe o seguinte:

*“(…) 6. Conclusións*

*Por todo o anterior, enténdese por quen subscribe que procede recoñecer extraxudicialmente a obriga contraída con CANARGA S.L., con CIF B15360902, pola execución da obra denominada “Pavimentación de plataforma exterior en Irmáns Froilaz”; por importe de 38.995,04 €, máis 8.188,96 € de IVE, o que fai un total de 47.184,00 €; aprobando a certificación n°1 comprensiva da execución desta obra (polo período comprendido entre o 22/12/2022 e o 11/12/2023; sen prexuízo das correccións indicadas pola dirección de obra); así como a factura con n° de rexistro en contabilidade 2023/7354 e data 22/12/2023, e posterior abono desta.*

*(…)”.*

Tamén consta o informe proposta do xefe do Servizo de Contratación do 15/07/2024 (CON17I3WL), con respecto ao cal ponse de manifesto que no punto primeiro da parte dispositiva debe engadirse expresamente que se aproba o recoñecemento extraxudicial de crédito da certificación de obra correspondente con cargo á aplicación orzamentaria 1532.61900 e código de proxecto 2022.4.00000.34.

**SEGUNDO.** A parca regulación dos contratos menores limítase na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP), a establecer un umbral económico (valor estimado inferior a 40.000,00 euros cando se trate de contratos de obras ou a 15.000,00 euros cando se trate de contratos de subministro ou de servizos) e o procedemento



aplicable (artigo 118); a permitir a adxudicación directa a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación (artigo 131.3); a concretar a súa duración, que non será superior a un ano nin ser obxecto de prórroga (artigo 29.8); a sinalar que non se perfeccionan coa súa formalización (artigo 36.1); e a regular o réxime da súa publicación, salvo aqueles contratos cuxo valor estimado fose inferior a cinco mil euros, sempre que o sistema de pagamento utilizado polos poderes adxudicadores fora o de anticipo de caixa fixa ou outro sistema similar para realizar pagamentos menores (artigo 63.4).

Para a axeitada interpretación da dita regulación, a Oficina Independiente de Regulación y Supervisión de la Contratación (creada no artigo 332.1 “(...) *con la finalidad de velar por la correcta aplicación de la legislación y, en particular, promover la concurrencia y combatir las ilegalidades, en relación con la contratación pública (...)*”), ditou a Instrución 1/2019, do 28 de febreiro, sobre contratos menores. A propia OIRESCON ditou unha nota aclaratoria sobre a dita instrución en relación á expresión “*el órgano de contratación solicitará, al menos, tres presupuestos*”.

A nivel procedimental, a LCSP límtase a establecer dúas determinacións nos apartados segundo e terceiro do artigo 118, cuxo contido literal é o seguinte:

*“2. En los contratos menores la tramitación del expediente exigirá la emisión de un informe del órgano de contratación justificando de manera motivada la necesidad del contrato y que no se está alterando su objeto con el fin de evitar la aplicación de los umbrales descritos en el apartado anterior.*

*3. Asimismo se requerirá la aprobación del gasto y la incorporación al mismo de la factura correspondiente, que deberá reunir los requisitos que las normas de desarrollo de esta Ley establezcan.”*

Para os contratos de obra, o artigo 118.4 LCSP establece que “*En el contrato menor de obras, deberá añadirse, además, el presupuesto de las obras, sin perjuicio de que deba existir el correspondiente proyecto cuando sea requerido por las disposiciones vigentes. Deberá igualmente solicitarse el informe de las oficinas o unidades de supervisión a que se refiere el artículo 235 cuando el trabajo afecte a la estabilidad, seguridad o estanqueidad de la obra.*”

A regulación que se contén nos artigos citados da LCSP, así como as determinacións da Instrución da OIRESCON, van referidas ao procedemento do contrato menor, pero non conteñen criterios de actuación sobre a execución do contrato, salvo a referencia no artigo 118.3 a que ao expediente incorporárase a factura correspondente.

Esta expresión analizouse pola Junta Consultiva de Contratación Pública del Estado no expediente 63/2018, do 2 de xullo de 2018, plantexándose se un contrato pode conlevar varias facturas ou se, polo contrario, a redacción do parágrafo segundo do artigo 118.1, que fala de factura en singular, impide a dita posibilidade. Aínda que o contrato obxecto da solicitude de informe é de servizos, a valoración realizada pola Junta Consultiva pode servírnos para dar contestación sobre un contrato menor de obra e se deben aprobarse certificacións parciais de obra.

Sinala a Junta Consultiva que “*(...) el régimen de pagos en los contratos menores no ha merecido ninguna norma específica y distinta en la legislación de contratos del sector público, existiendo, por el contrario, preceptos aplicables a los contratos públicos en general que prevén que el pago se abone “en función de la prestación realmente ejecutada y de acuerdo con lo pactado” (artículo 102.1 de la LCSP), pudiéndose realizar el pago “de manera total o parcial, mediante abonos a cuenta o, en el caso de contratos de tracto sucesivo, mediante el pago en cada uno de los vencimientos que se hubieren estipulado” (artículo 198.2 de la LCSP). Por ello puede concluirse que, al amparo del principio de libertad de pactos consagrado en el artículo 34 de la propia LCSP, es perfectamente ajustado a la normativa vigente pactar abonos a realizar en cada uno de los vencimientos que se hubiesen estipulado, en particular, cuando lo exija el ritmo requerido en la ejecución del contrato menor, al igual que sucede*



*en el resto de los contratos regulados en la Ley de Contratos del Sector Público que no tienen la consideración de menores.(...)*”.

Engade que “(...) El régimen jurídico de éstos últimos está delimitado, según lo dispuesto en el artículo 118 de la Ley y concordantes, por un conjunto de elementos que no excluyen la posibilidad de establecimiento de pagos parciales o anticipos en función de la prestación ejecutada (...)”.

A resposta afirmativa que resulta do informe da Junta Consultiva corrobórase polo literal do artigo 72 do Regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP), cuxo apartado 2 prevé expresamente a posibilidade de abonos a conta nos contratos menores ao sinalar que “*se deberá expedir e entregar factura polas certificacións de obra ou abonos a conta que se tramiten con anterioridade ao cumprimento total do contrato (...)*”.

Sobre a certificación final e recepción das obras nun contrato menor, a doutrina ten admitido que a particularidade de que as obras se executen cun contrato menor afecta exclusivamente á sumariade de trámites, pero non determina unha rebaixa nos dereitos e obrigas das partes. Este mesmo criterio resulta da sentenza da Audiencia Nacional do 06/11/2013, segundo a cal: “(...) **TERCERO.-** El contrato de autos era un contrato menor de obra cuya especialidad está en lo procedimental ya que pueden adjudicarse directamente y cuyo expediente sólo exige la aprobación del gasto, el presupuesto de obra y la incorporación factura (artículos 95 y 122 LCSP). La agilidad que se busca explica que esas especialidades tengan sentido en cuanto que puede no exigirse un proyecto, se adjudica directamente, se formaliza mediante la presentación de la factura, especialidades que afectan al plazo de ejecución y que no haya revisión de precios (artículo 77 LCSP). Recibida la obra, la urgencia queda satisfecha, lo que no excluye trámites como la recepción.

**CUARTO.-** Por razón de lo dicho hay que entender que en lo sustantivo este tipo de contratos no quedan exceptuados de los principios básicos de la contratación administrativa (...)

**OCTAVO.-** Tal y como se ha dicho, el contrato de obras menores no implica una rebaja en los derechos y obligaciones de las partes, sino sumariade de trámites.(...)”

Polo tanto, o feito de tratarse dun contrato menor de obras, non exime de aprobar certificacións parciais de obra, se así se pactou, así como da certificación final e de levar a cabo a recepción das obras.

No corpo da Resolución da alcaldía do 21/12/2022 (CON16I428) pola que se adxudica o contrato menor de obras denominado “Pavimentación da plataforma exterior de Irmáns Froilaz” consta expresamente que “(...) A dirección de obra deberá redactar as correspondentes certificacións mensuais de obra, e unha vez asinadas polo contratista e informadas favorablemente polos Servizos Técnicos, aboaranse as obras executadas, unha vez presentada a correspondente factura e efectuada a conformidade da mesma(...)”. Non obstante, no punto segundo da parte dispositiva consta o seguinte: “(...) Este importe aboarase mediante a presentación dunha única factura que conterá todos os datos esixidos pola lexislación vixente, acompañada da certificación de obra subscribida pola Dirección Facultativa e informada favorablemente polos Servizos Técnicos Municipais. (...)”. Polo tanto, obsérvase unha contradición, polo que se atende ao que se contén no apartado segundo da parte dispositiva da resolución aos efectos de verificar se se pactou ou non a emisión de certificacións mensuais.

Tendo en conta que a especialidade do contrato menor de obra está no procedimental, que no substantivo este tipo de contratos non quedan exceptuados dos principios básicos da contratación administrativa, e que recibida a obra, a urxencia queda satisfeita, o que non exclúe trámites como a recepción, esta Intervención considera que debería incorporarse ao expediente a acta de recepción da obra.

**TERCEIRO.** Con respecto ao prazo de execución do contrato, na Resolución da alcaldía do 21/12/2022 (CON16I428) consta que o prazo de execución do contrato é de dous meses, a partir do día seguinte ao da recepción



polo contratista da notificación que o concello practique, comunicando a recepción das autorizacións sectoriais preceptivas, ficando ata entón en suspensión o inicio da execución das obras. Circunstancia esta que se notifica e recibe pola empresa contratista o 10/01/2023, polo que o prazo de execución abarcaría dende o 11/01/2023 ata o 10/03/2023.

Posteriormente, pola Resolución da alcaldía do 09/03/2023 (CON17I00H) ampliouse o prazo de execución ata o 11/05/2023, prazo erróneo toda vez que o prazo de execución inicial era ata o 10/03/2023 non ata o 11/03/2023, erro que tamén se arrastra nas sucesivas resolucións de ampliación do prazo de execución, pois pola Resolución da alcaldía do 26/04/2023 (CON17I196) ampliouse o prazo de execución ata o 11/07/2023, e así sucesivamente. Por outra parte, pola Resolución da alcaldía do 11/07/2023 (CON17I27D) ampliouse o prazo de execución ata o 11/09/2023, non obstante, esta terceira ampliación do prazo de execución acordouse unha vez finalizado o prazo de execución anterior que debe ter en conta a data correcta do 10/07/2023, polo que non pode prorrogarse un prazo xa finalizado, incumpríndose, polo tanto, o prazo de execución do contrato. Posteriormente, por varias resolucións da alcaldía ampliouse varias veces o prazo de execución da obra.

Segundo consta no informe emitido polo director de obra o 22/12/2023 (REX17EQQK) con respecto aos períodos de execución da certificación de obra emitida, o prazo de execución das obras abarcaría dende o 11/01/2023 ata o 11/09/2023, dende o 16/09/2023 ata o 11/11/2023 e dende o 15/11/2023 ata o 11/12/2023, polo tanto, incumpríuse o prazo de execución do contrato que se establecía na resolución da alcaldía de adxudicación do contrato das obras e das dúas primeiras resolucións da alcaldía de ampliación do prazo de execución, toda vez que a terceira ampliación do prazo de execución acordouse cando a ampliación do prazo de execución anterior xa finalizara tendo en conta a data correcta do 10/07/2023, polo que non pode prorrogarse un prazo xa finalizado.

**CUARTO.** Esta Intervención considera que se utiliza abusivamente da figura do contrato menor que debe responder a actuacións imprevisibles, posto que toda necesidade periódica ou planificable debe ser obxecto do correspondente procedemento de licitación para dar cobertura aos ditos gastos, así como favorecer a pública concorrência e obter prezos máis vantaxosos economicamente. A OIREscon e a IGAE reafirman a limitación da utilización dos contratos menores para necesidades puntuais e non recorrentes, de escasa contía e urxente execución, que dende hai anos veñen recomendando os OCEX. Polo tanto, estase incumprindo a normativa aplicable en materia de contratación no sector público.

Motivo polo cal esta Intervención emite informe de reparo con efectos suspensivos pola omisión de requisitos ou trámites esenciais establecidos pola normativa que resulta de aplicación.

**CONCLUSIÓN.** Tendo en conta o que se establece no apartado cuarto do Anexo, esta Intervención, en virtude do que se dispón no artigo 216.2.c) do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), e no Real decreto 424/2017, emite **informe de reparo á aprobación da certificación nº 1 da obra “Pavimentación da plataforma exterior de Irmáns Froilaz”, por omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais determinados na normativa que resulta de aplicación.** Ao abeiro do dito artigo, o devandito **REPARO** terá **EFFECTOS SUSPENSIVOS** ata que sexa solventado.

O artigo 217.1 do TRLRFL establece que cando o órgano ao que afecte o reparo non estea de acordo co reparo, corresponderá ao presidente da entidade local resolver a discrepancia, sendo a súa resolución executiva. Esta facultade non será delegable en ningún caso.

De conformidade co estipulado no artigo 218 do TRLRFL, o órgano interventor elevará informe ao pleno de todas as resolucións adoptadas polo presidente da entidade local contrarias aos reparos efectuados.



No caso de que o órgano ao que se dirixe o reparo o acepte, ao abeiro do artigo 12.4 do Real decreto 424/2017, deberá subsanar as deficiencias observadas e remitir de novo as actuacións ao órgano interventor no prazo de quince días.

Ademais, esta Intervención fiscaliza de desconformidade (reparo sen efectos suspensivos) a súa aprobación polos motivos que se especifican nos apartados segundo e terceiro do Anexo deste informe.

Por outra parte, tal e como consta no apartado primeiro do Anexo deste informe, con respecto ao informe proposta do xefe do Servizo de Contratación do 15/07/2024 (CON17I3WL) ponse de manifesto que no punto primeiro da parte dispositiva debe engadirse expresamente que se aproba o recoñecemento extraxudicial de crédito da certificación de obra correspondente con cargo á aplicación orzamentaria 1532.61900 e código de proxecto 2022.4.00000.34.

O xefe do Servizo de Contratación, en data 16 de xullo de 2024, visto o reparo, emitiu un informe que vén concluír:

“1. Sobre o punto primeiro: recoñecemento extraxudicial da obriga

Remítese este informe, neste punto, ao exposto na memoria elaborada ao efecto, que consta no expediente.

Así mesmo, debe engadirse, tal e como indica a Intervención Xeral, na parte dispositiva do acordo, a exprese mención ao recoñecemento extraxudicial, así como a aplicación orzamentaria e código de proxecto.

2. Sobre o punto segundo: omisión de trámites no procedemento

Respecto da posibilidade de emitir certificacións parciais da obra executada, e as correspondentes facturas, recoñécese a contradición entre os antecedentes e a parte dispositiva do acordo de adxudicación do contrato, de data 21 de decembro de 2022.

Esta contradición, sen prexuízo de ser tida en conta por este Servizo para ser evitada en futuras adxudicacións, non supón que tanto o contratista como a Dirección de Obra incumpriran o acordo adoptado pola Alcaldía-Presidencia, singularmente na parte dispositiva deste. Así, e non sendo un requisito obrigatorio de acordo cos preceptos legais e regulamentarios, non procede a devolución da certificación para a emisión de certificacións parciais, en virtude dos principios de boa fe e economía procedimental.

Respecto da omisión de certificación final e acta de recepción, este Técnico remítese ao informado pola Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Estado, no seu Informe 10/13, de 26 de febreiro de 2015 (o subliñado é aportado por este Xefe de Servizo):

*(...) debe resaltarse, tal y como ha reiterado esta Junta Consultiva en distintos informes, que el significado y configuración de los contratos menores en la vigente legislación obedece, desde un punto de vista finalista o teleológico al objetivo de “la simplificación del procedimiento jurídico administrativo de contratación, objetivo y finalidad, que difícilmente se concilian con la exigencia de otros requisitos o de requisitos más rigurosos que los establecidos en su regulación específica”.*

*Así resulta de la regulación reglamentaria prevista en el artículo 72 del vigente Reglamento General de la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de octubre, a cuyo tenor:*

«1. En los contratos menores podrá hacer las veces de documento contractual la factura pertinente, que deberá contener los datos y requisitos establecidos en el Real Decreto 2402/1985, de 18 de diciembre, por el que se regula el deber de expedir y entregar factura que incumbe a los empresarios



y profesionales (la referencia actual sería al Real Decreto 1619/2012, de 30 de noviembre, por el que se aprueba el Reglamento por el que se regulan las obligaciones de facturación).

En todo caso, **la factura deberá contener** las siguientes menciones:

- a) Número y, en su caso, serie. La numeración de las facturas será correlativa.
- b) Nombre y apellido o denominación social, número de identificación fiscal y domicilio del expedidor.
- c) Órgano que celebra el contrato, con identificación de su dirección y del número de identificación fiscal.
- d) Descripción del objeto del contrato, con expresión del servicio a que vaya destinado. 8
- e) Precio del contrato.
- f) Lugar y fecha de su emisión.
- g) Firma del funcionario que acredite la recepción.**

2. Se deberá expedir y entregar factura por las certificaciones de obra o los abonos a cuenta que se tramiten con anterioridad al cumplimiento total del contrato. En estos casos, se hará indicación expresa de esta circunstancia en las facturas correspondientes.

3. Se exceptúan de lo establecido en los apartados anteriores aquellos suministros o servicios cuya prestación se acredite en el tráfico comercial por el correspondiente comprobante o recibo, en el que ha de constar al menos la identidad de la empresa que lo emite, el objeto de la prestación, la fecha, el importe y la conformidad del servicio competente con la prestación recibida.

4. (...).».

*Del precepto transcrito, en lo que aquí interesa resaltar, se infiere pues un procedimiento simplificado a efectos de reflejar el resultado de la preceptiva recepción de la prestación, consistente en la firma del funcionario que acredite la conformidad en la propia factura.*

Constando na factura a conformidade da Arquitecta Técnica Municipal, enténdese acreditada a recepción deste contrato menor, de acordo con este criterio doutrinal.

3. Sobre o punto terceiro: prazo de execución do contrato

Con respecto ao prazo de execución do contrato, indícase que en efecto existe un erro na resolución de 9 de marzo de 2023 polo que se amplía o prazo ata o 11 de maio de 2023, dado que a ampliación debería terse acordado ata o día anterior isto é, o 10 de maio de 2023. Tal e como expón a Intervención Xeral, este erro arrastrouse ás sucesivas ampliacións de prazo acordadas.

Este feito será tido en conta, no seu caso, en futuros contratos, a efectos de evitar esta evidente irregularidade administrativa, sen que se aprecie, neste senso, mala fe na actuación do contratista, que executou a obra nos prazos acordados.



#### 4. Sobre o punto cuarto: abuso da figura do contrato menor

Tal e como se informou na memoria para o recoñecemento extraxudicial da obriga, por este Técnico enténdese que i) tratándose dunha obra completa —así o establece o técnico redactor no punto 10 da memoria—, ii) con certo carácter de urxencia —xustificada así mesmo no punto 2 da memoria— e iii) que dificilmente se pode planificar con antelación —polo seu carácter singular no marco doutros investimentos municipais—; non se aprecia unha indebida adquisición do compromiso de gasto e, consecuentemente, da utilización do contrato menor; pois a obra responde ás exigencias legais e doutrinais establecidas para facer uso daquela figura para proceder contratación.

Á vista do anterior procede, a xuízo deste Xefe de Servizo, levantar o reparo suspensivo formulado pola Intervención Xeral, con carácter previo á aprobación da certificación nº1 e factura da obra denominada “Pavimentación da plataforma exterior de Irmáns Froilaz”.

Por todo o anterior, e visto o ditame favorable por maioría, con 4 votos a favor ( 2 TEGA, 1 BNG, 1 PSdeG-PSOE) e 1 abstención do PP, da Xunta de Portavoces de data 19-07-2024, a súa presidenta propón ao Concello Pleno, a adopción da seguinte

### **PROPOSTA DE ACORDO**

**PRIMEIRO:** Levantar o reparo suspensivo formulado pola Intervención Xeral en data 15 de xullo de 2024, á proposta de aprobación da certificación nº 1 da obra “Pavimentación da plataforma exterior de Irmáns Froilaz”; de acordo co informado polo xefe do Servizo de Contratación, de data 16 de xullo de 2024.

**SEGUNDO:** Aprobar o recoñecemento extraxudicial de crédito da certificación de obra nº1, por importe de 47.184,00 €, correspondente ás obras denominadas “Pavimentación da plataforma exterior Irmáns Froilaz”, adxudicadas á empresa CANARGA S.L., con CIF B15360902; con cargo á aplicación orzamentaria 1532.61900 e código de proxecto 2022.4.00000.34.

**TERCEIRO:** Notificar este acordo á empresa contratista e á Dirección de obra.

### **DEBATE**

-Sr. Ulla Rocha: grazas. Simplemente por aproveitar precisamente tanto este punto como o seguinte que son as certificacións finais, é certo que ao mellor estas certificacións si que veñen cun reparo suspensivo feito por Intervención e si que ao mellor tiñan que ser obxecto de análise e votación individualizada pero por contestarlle, xa que vostede sempre aproveita o seu último turno de palabra, por contestarlle ao que manifestou, cando o partido socialista o que plantexa é , creo que incluso toda a oposición estamos de acordo neste tema, cando se fan estes modificados de crédito, nós non pedimos que veñan un expediente individualizado para cada modificado de créditos. Nós o que pedimos é que sexa, que poidamos votar con grupos, neste caso homoxéneos de distintas cuestións, e que poidamos ter un debate, como ao final tivemos un debate da modificación precisamente do aparcadoiro da Gándara. Porque simple e llanamente se centrou no aparcadoiro, nas modificacións do aparcadoiro. Ese debate teríamos que telo e ao final tivémolo pero tiñamos que telo no seu punto, e non podemos mezclar as certificacións extraordinarias dos bombeiros, dos policía ou ao mellor un estudo de custos ou unha asistencia técnica para modificar unha ordenanza, ou como vostede dixo repoñer o caucho nun parque infantil e non podemos mezclalo con algo co que si pode haber certo debate contradictorio entre vostedes os que están agora mesmo no goberno e a oposición, a conta dos aparcadoiros da Gándara e o estado da súa recepción. Dito esto Sra.alcaldesa, nestes 2 puntos nós imonos abster porque valoramos neste



caso, que si, que esa obra está acabada pero tamén temos en conta o informe que emite Intervención e o que si que lle pedimos é que se subsane esas deficiencias de cara ao futuro.

-Sra.Ledo Díaz: si, nós neste caso imos votar a favor, que si que comprobamos que a obra de pavimentación da plataforma exterior de Irmáns Froilaz se cumpre, entonces neste caso aínda que nos abstivemos no anterior punto, aquí si que imos a votar a favor igual que nos abstivemos no anterior modificado de crédito pero bueno, que entendo que os modificados de crédito veñan en conxunto sempre que se poda dar o debate e podamos falar e se estamos en contra de algo, como ten pasado noutras ocasións, votar en contra, estamos no pleno no, ... en cada pleno hai modificados de crédito e entendo que sexa de maneira conxunta, é como se fai no resto dos concellos e non entendo que teña que ser diferente. Eso sí, cando esteamos en contra estamos aquí para manifestalo e para facer a votación que consideremos oportuna. Consideramos que nesta certificación de obra completa que se cumpre e por eso imos a votar a favor.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.

Neste punto e no seguinte que son temas de dúas obras pero da mesma característica, parécenos o que viñamos decindo, parécenos incomprensible que dende o goberno non se controle máis estes asuntos no, e que se pasen os procesos regulamentarios por aquel sitio no, creo que é fundamental o control de todo esto. E aquí estamos vendo que a norma para o Concello de Narón non existe. É dicir hai a Lei de Contratos do sector público que se debe de cumprir. E que se debe dende o propio concello controlar para que non ocorran estas cousas, é dicir, non temos dúbida de que as obras están feitas pero temos que ser conscientes de que non se fixo o proceso como corresponde. Para eso hai unha Lei de Contratos do sector público. Estamos utilizando fondos públicos e polo tanto, debemos ser respetuosos con eses prazos e con eses trámites. E é un pouco o que está pasando.

Nós non podemos votar a favor destes erros tan grandes que está habendo e a falta de control por parte do goberno. Creo que é fundamental e neste caso, vemos que se fixeron cambios de prazos e normas sen seguir o regulamento. Nós absterémonos, vale. Nada máis e moitas grazas.

-Sr.Romero Franco: ben, por aclarar. Os expedientes extraxudiciais simplemente son expedientes que se traen de obras de anos anteriores que se veñen a pagar neste ano. Por aclarar ese punto. Segundo, que me diga porque aquí parece que todo se pode decir .... Que me digan que legalidade incumplimos neste tipo de contratos. Que me diga, porque dicir aquí que non cumplimos coa legalidade, que facemos un procedemento que non se adapta á lei, por favor, explíqueme cal é a función ou o procedemento que se fixo fóra da lei. Por favor, quero que me conteste a esto.

-Sr.Castrillón Permuy: como se dirixía a min, encantado llo explico Sr.Román, é que vostedes cando fixeron a ampliación de prazos incluso se pasaron cando xa estaba caducado o contrato. Cré vostede que eso é normal o que se fai? Cando se fai a ampliación do contrato. E cré vostede que estas obras eran tan urxentes para que sexan adxudicadas por un contrato menor? Pois non creo, aquí non consta nada deso. Entonces están incumplindo. Vostedes están pasando o proceso de contratación do sector público como lles dá a vostedes a gana. Por eso está este reparo suspensivo, reparo suspensivo por unha mala xestión e un mal control por parte do goberno. Nada máis e moitas grazas.

-Sr.Romero Franco: volvo a repetir. Me gustaría saber se o contrato menor é un procedemento ilegal? Pregunto. É un procedemento ilegal facer un contrato menor?



Volvo a repetir, se fixo esta obra, posiblemente por axilidade da obra, se fixo un contrato menor, un contrato que está totalmente permitido e que se fixo loxicamente dentro da Lei do Contrato menor, e se fixo como se tiña que facer. Entón non me veña agora a decir aquí que se fixo dunha forma totalmente ilegal porque non é certo. Entón por favor non mintamos, digamos a verdade, é unha opción? Pode ser unha recomendación que os contratos menores, en determinados contratos se teña que facer doutra maneira? Pero é totalmente legal. Aceptamos a recomendación que nos poda poñer Intervención, pero é unha decisión legal que toma este concello. Nada máis.

-Sr.Castrillón Permuy: simplemente unha cousa... vostede ten que repasar, volver a ler o informe de Intervención eh, ten que lelo, eh. E que ao final é reparo suspensivo, e onde se lles di que están abusando dos contratos menores. Esa é a realidade do que pon o informe. Non mo estou inventando eu, ven no informe escrito. Simplemente eso, aclaralo. Nada máis, moitas grazas.

-Sr.Romero Franco: agradecemos a aclaración pero non é ilegal, eh. Grazas.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita:

**Votos a favor:**

10 TEGA

3 BNG

**Abstencións:**

6 PP

2 PSdeG-PSOE

**8 º.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN Nº1 DA OBRA "ACCESO A VILARQUINTE-SENDA LITORAL (O VAL)", POLO PROCEDEMENTO DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS.** -Lida pola secretaria substituta a proposta que di así: O xefe do Servizo de Contratación, en data 16 de xullo de 2024, elevou a esta alcaldía-presidencia o informe-proposta que di:

**“Expediente CON/85/2022: Acceso a Vilarquinte- Senda Litoral (O Val)**

**Asunto:** proposta de aprobación de certificación nº1

En relación coa factura e a certificación de obra nº 1 presentada pola empresa GONNABA CONSTRUCCIONES Y REFORMAS, S.L., adxudicataria do contrato para a execución das “Acceso a Vilarquinte- Senda Litoral” emítese o seguinte

### **INFORME-PROPOSTA**

D. José Manuel Saavedra Pantín, director das obras denominadas “Acceso a Vilarquinte- Senda Litoral”, adxudicadas á empresa GONNABA CONSTRUCCIONES Y REFORMAS, S.L., expide a certificación nº 1 (do 29 de decembro do 2022 ao 28 de agosto de 2023, do 31 de agosto ao 30 de outubro de 2023 e do 07 de novembro ao 28 de decembro de 2023), por importe de 38.632,36 €).

Consta no expediente un informe final da dirección de obra polo que se consideran as obras rematadas e a satisfacción da Administración contratante.



Segundo o informe emitido pola Arquitecta Técnica Municipal, Dña. Clara María García Rodríguez, en data 22 de febreiro de 2024, en relación á certificación nº 1, estes documentos correspóndense coas obras executadas do proxecto.

Así mesmo, consta memoria subscripta por este Técnico, co visto e praxe da Concellería Delegada de Obras, en data 15 de xullo de 2024, para proceder ao recoñecemento extraxudicial da obriga, ao abeiro da Base de Execución nº 15 dos Orzamentos en vigor.

En consecuencia, tanto a factura como a certificación de obra foron conformadas pola Arquitecta Técnica Municipal e polo Concelleiro Delegado de Obras.

Por todo o exposto, e de conformidade co establecido no artigo 175 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, quen subscribe eleva á alcaldía-presidencia, para que someta a debate e votación do Concello Pleno, previa fiscalización e ditame da Xunta de Portavoces, a seguinte

### **PROPOSTA DE ACORDO**

**PRIMEIRO:** Aprobar a certificación nº 1 (do 29 de decembro do 2022 ao 28 de agosto de 2023, do 31 de agosto ao 30 de outubro de 2023 e do 07 de novembro ao 28 de decembro de 2023), por importe de 38.632,36 €), vinculado ao EMC 05/2024; subexpediente nº 01/2024 de crédito extraordinario e suplemento de crédito (RC:220240007425) adxudicadas á empresa GONNABA CONSTRUCCIONES Y REFORMAS, S.L., con CIF B70285085.

**SEGUNDO:** Notificar este acordo á empresa contratista e á dirección de obra. ”

*A Intervención Xeral, en data 16 de xullo de 2024, emitiu informe de reparo (con efectos suspensivos nalgún dos seus extremos) á precitada proposta, segundo o seguinte detalle:*

#### **“ANEXO**

**PRIMEIRO.** O TRLRFL (artigo 173.5) e o Real decreto 500/90 (artigo 25) refírense ao principio de especialidade cuantitativa dos créditos orzamentarios no ámbito local. Os ditos créditos teñen carácter limitativo e vinculante, debido ao cal non poden adquirirse compromisos de gastos por contía superior ao importe dos créditos autorizados no estado de gastos. A infracción deste principio orzamentario penalízase coa nulidade de pleno dereito dos acordos, resolucións e actos administrativos que incorran na dita infracción.

O artigo 176 do TRLRFL contempla o carácter temporal dos créditos dos orzamentos municipais, así os créditos para gastos apróbanse con vixencia para cada un dos exercicios orzamentarios, nos que se inclúan de forma que con cargo aos ditos créditos “sólo podrán contraerse obligaciones derivadas de adquisiciones, obras, servicios y demás prestaciones o gastos en general que se realicen en el año natural del propio ejercicio presupuestario”. Deste precepto derivase a imposibilidade legal de aplicar aos créditos do exercicio vixente gastos realizados en exercicios anteriores.

O Real decreto 500/90, no seu artigo 26, que transcribe case literalmente o artigo 176 do TRLRFL, refírese ao principio de especialidade temporal, segundo o cal con cargo aos créditos do estado de gastos de cada orzamento só poderán recoñecerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e demais prestacións ou gastos en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario. Non obstante, aplicaranse aos créditos do orzamento vixente, no momento do seu recoñecemento, as obrigas seguintes:

- As que resulten da liquidación de atrasos a favor do persoal que perciba as súas retribucións con cargo aos orzamentos xerais da entidade.



- As derivadas de compromisos de gasto debidamente adquiridos en exercicios anteriores, previa incorporación dos créditos no suposto establecido no artigo 182.3 do TRLRFL.
- As obrigas procedentes de exercicios anteriores a que se refire o artigo 60.2 deste Real decreto. Neste último artigo cítase a figura do recoñecemento extraxudicial de crédito.

Non obstante, a xurisprudencia do Tribunal Supremo atenuou o rigor na aplicación dos principios citados ao contrastalos coa “Teoría do enriquecemento inxusto”, segundo o cal *“no se puede alegar como impedimento en el cumplimiento de la obligación de pago la ausencia de ciertas formalidades”* (Sentenzas do 12 de febreiro de 1990, 8 e 25 de outubro de 1986).

Ademais, debemos ter en conta os principios de confianza lexítima e boa fe que deben presidir as relacións entre as administracións públicas e os cidadáns. Os ditos principios, aínda que amplamente recoñecidos pola xurisprudencia contencioso-administrativa, incorporáronse ao Dereito positivo na Lei 4/99, que modifica parcialmente a Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, disposición derogada na actualidade. Non obstante, estes principios actualmente se conteñen na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

De todo o anterior, dedúcese que o nome de “recoñecemento extraxudicial de crédito” deriva da posibilidade que teñen as entidades locais para recoñecer aquelas obrigas económicas que, aínda que infrinxen a norma de non ter consignación orzamentaria ou de non seguir o procedemento de adxudicación correspondente, derivan da prestación de servizos, execución de obras ou entrega de materiais que efectivamente se realizaron, evitando desta maneira a necesidade de iniciar as accións xudiciais correspondentes por parte dos contratistas, as cales estimaríanse sobre a base da citada teoría do enriquecemento inxusto. De aí deriva o nome de recoñecemento extraxudicial en cuanto se substitúen os órganos xudiciais.

En relación co anterior, cumpre subliñar que os contratos realizados de xeito verbal ou en contravención do estipulado na normativa aplicable en materia de contratación no sector público, son nulos de pleno dereito consonte co estipulado no artigo 62.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (referencia que debe entenderse realizada ao artigo 47.1 da Lei 39/2015). En tales circunstancias non é posible o recoñecemento ordinario das obrigas, e a declaración de nulidade implicaría que as partes deberían restituírse reciprocamente as cousas recibidas e, se iso non fose posible, devolver o seu valor. A parte culpable debería indemnizar a contraria dos danos e prexuízos sufridos. Non obstante, sempre que estea acreditada a efectiva prestación dos servizos, os compromisos adquiridos en virtude dun acto voluntario da administración teñen efectos xurídicos xa que existe unha contraprestación real da que, dun ou doutro xeito, se beneficia a administración. De non pagarse, produciríase un enriquecemento inxusto do concello. O crédito nulo do particular que actuou de boa fe transfórmase nunha obriga extracontractual do mesmo contido, é dicir, nunha indemnización polos danos e prexuízos que se lle causaran, e entran en xogo os principios de responsabilidade da Administración. En calquera caso, o recoñecemento extraxudicial de créditos é un procedemento de carácter excepcional adecuado para resolver algunhas situacións puntuais de carácter extraordinario e non unha posibilidade regulada para convalidar de xeito sistemático gastos realizados sen axustarse aos procedementos establecidos na normativa aplicable en materia de contratación no sector público e no TRLRFL.

No informe do Consello de Contas de fiscalización do Concello de Narón do ano 2013 consta como recomendación o seguinte: “(...) 9. Dada la naturaleza excepcional del reconocimiento extrajudicial, en los supuestos en que la causa subyacente del reconocimiento extrajudicial de créditos sea una nulidad de pleno derecho (artículo 29 TRLCSP; artículo 62 de la hoy derogada Ley 30/1992 y artículo 47 de la vigente Ley 39/2015), el procedimiento a seguir para regularizar la situación creada se establece en el artículo 34 del TRLCSP, que señala que la revisión de oficio de los actos preparatorios y de adjudicación de los contratos se tiene que llevar a cabo de conformidad con lo establecido en la legislación vigente en materia de procedimiento administrativo común de las administraciones públicas.(...)”.



O obxecto deste expediente é que o concello recoñeza como propias as obrigas para con terceiros derivadas das prestacións por estes realizadas en anos anteriores, evitándose así o enriquecemento inxusto da administración. Xa que a xurisprudencia do Tribunal Supremo atenuou o rigor na aplicación das normas administrativas ao contrastalas coa “teoría do enriquecemento inxusto”, en virtude da cal “*no se puede alegar como impedimento en el cumplimiento de la obligación de pago la ausencia de ciertas formalidades*” (Sentenzas do 12 de febreiro de 1990, 25 de xuño e 8 de outubro de 1986).

Se finalmente se considera que a prestación debe ser abonada polo concello, danse os requisitos para que prospere a dita petición, xa que o concello obtería unha vantaxe patrimonial (prestación executada) e o contratista veríase empobrecido pola vantaxe obtida polo concello e non existiría causa que xustificase a minoración patrimonial dos terceiros afectados.

Na Base nº 15 das Bases de execución do orzamento do ano 2024, dispónse o seguinte:

#### **“BASE 15.<sup>a</sup> – RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS**

*O art. 176 do TRLRFL establece o principio xeral de temporalidade dos créditos. Non obstante, como excepción a ese principio xeral, aplicaranse aos créditos do orzamento vixente, as obrigas seguintes:*

*a) As que resulten de liquidacións de atrasos a favor de persoal que percibas as súas retribucións con cargo aos orzamentos xerais da entidade local.*

*b) As derivadas de compromisos de gastos debidamente adquiridos en exercicios anteriores, previa incorporación dos créditos que amparen proxectos de gastos con financiamento afectado, que deberán de incorporarse obrigatoriamente salvo que se desista total ou parcialmente de iniciar ou continuar a execución do gasto ou se faga imposible a súa realización. No resto dos casos, a aplicación do gasto realizarase, de ser posible, a créditos previamente incorporados, e no caso contrario, aos créditos iniciais do orzamento corrente.*

*Non obstante o anterior, establécense as seguintes excepcións:*

*2. Con carácter excepcional, e para garantir o correcto funcionamento dos servizos básicos, poderanse imputar ao crédito do exercicio vixente sen necesidade de tramitación previa de expediente de incorporación de remanentes, os gastos de natureza corrente correspondentes a mantemento de servizos básicos esenciais –ordinarios, recorrentes, periódicos, repetitivos e de tracto sucesivo-, devengados nos dous últimos meses do exercicio anterior, cuxa tramitación non se realizara no exercicio de devengo, sempre que se acredite no expediente os seguintes requisitos:*

*a) Que se refiran a gastos derivados de contratos debidamente formalizados, executándose de conformidade coas directrices normativas e orzamentarias vixentes, e sempre que a súa imputación orzamentaria non supoña imposibilidade de imputación de créditos consignados para a atención das obrigas do exercicio.*

*b) Que exista crédito dabondo nas consignacións orzamentarias incluídas nos orzamentos.*

*c) Que queden acreditadas as circunstancias que motivaron a imposibilidade da súa imputación ao exercicio de devengo.*

*2. Gastos realizados ou devengados nos últimos dous meses do exercicio que pola súa contía se encadren dentro dos denominados “contratos menores” pola lexislación de contratos das administracións públicas, sempre que exista crédito dotado. Considerarase, a estes efectos, que a retención de crédito derivada da proposta de gasto remitida polas respectivas unidades xestoras para a súa elevación á Intervención, equivale ao compromiso correspondente a favor do terceiro proposto.*



3. Obrigas derivadas de cotas de participación en asociacións, consorcios, agrupacións, etc., recollidas nos seus respectivos estatutos, dos que o concello formara parte para de conformidade cos acordos adoptados polo órgano competente.

c) O artigo 26 do Real decreto 500/1990, establece o principio de temporalidade, engadindo como excepción as obrigas procedentes de exercicios anteriores ás que se refire o art. 60.2 do Real decreto 500/1990, é dicir, os recoñecementos extraxudiciais de crédito.

Enténdese polo tanto, dentro do contexto do principio de imputación temporal dos créditos, por obrigas obxecto de recoñecemento extraxudicial aquelas que, xeradas en exercicios anteriores, deba ser satisfeitos a terceiros de boa fe por aplicación do principio de prohibición do enriquecemento inxusto da administración e non se deriven de compromisos de gasto debidamente adquiridos polos seguintes motivos:

- Por realizarse os ditos gastos sen consignación orzamentaria en exercicios anteriores.
- Cando, existindo consignación orzamentaria en exercicios anteriores, o gasto non se comprometeu na forma debida.

O recoñecemento extraxudicial de créditos corresponderá ao Pleno cando no expediente tramitado ao efecto non se acredite a existencia de crédito dispoñible suficiente nas aplicacións orzamentarias de aplicación, todo elo de conformidade con establecido no artigo 60.2 en relación co artigo 26.1 c) do Real decreto 500/1990. En todo caso, enténdese que existe dotación orzamentaria cando o orzamento en vigor prevea aplicacións orzamentarias específicas para gastos relativos a exercicios anteriores e se correspondan cos que sexan obxecto de recoñecemento extraxudicial.

O recoñecemento extraxudicial de créditos que lle corresponde aprobar ao Pleno esixe os seguintes trámites:

- a) Recoñecemento da obriga, mediante a explicación circunstanciada de todos os condicionamentos que orixinaron a actuación, motivando a necesidade de facer fronte, a favor do interesado, ao valor dos gastos ocasionados pola realización da prestación.
- b) Existencia de dotación orzamentaria específica, adecuada e suficiente para a imputación do respectivo gasto, xa sexa mediante consignación inicial ou posterior ou ben derivada dunha modificación tramitada para o efecto.

A dotación orzamentaria, de existir no orzamento para gastos, en principio, do mesmo exercicio, requirirá o informe do órgano de xestión competente acreditando a posible imputación do gasto sen que se produza prexuízo nin ningunha limitación para a realización de todas as atencións do exercicio corrente na conseguinte aplicación orzamentaria.

O expediente para o recoñecemento da obriga deberá conter, como mínimo, os seguintes documentos:

- a) Memoria xustificativa subscrita polo xefe de servizo responsable e conformada polo concelleiro delegado, sobre os seguintes extremos:
  - Xustificación da necesidade do gasto efectuado e causas polas que se incumpriu o procedemento xurídico-administrativo e/ou orzamentario correspondente.
  - Data ou período de realización.
  - Importe da prestación realizada.



b) *Factura detallada, ou documento que acredite a realización do gasto, da prestación realizada debidamente conformada polos responsables do servizo e, se é o caso, certificación de obra.*

c) *Informe do servizo correspondente, nos casos de imputación ao orzamento do exercicio corrente, de que non existe ningún impedimento ou limitación a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atencións da aplicación orzamentaria durante todo o ano en curso. Noutro caso, o expediente de recoñecemento extraxudicial requirirá a tramitación previa ou simultánea de modificación de créditos.*

d) *Informe da Intervención xeral.*

e) *Calquera outro documento que se estime necesario para unha mellor xustificación do gasto.”*

No expediente consta a memoria xustificativa asinada polo xefe do Servizo de Contratación e polo concelleiro delegado de Mobilidade, Urbanismo, Obras e Infraestruturas Públicas, Persoal e RRHH do 15/07/2024 (CON18I026W), na que se conclúe o seguinte:

*“(…) 6. Conclusiones*

*Por todo o anterior, enténdese por quen subscribe que procede recoñecer extraxudicialmente a obriga contraída con GONNABA CONSTRUCCIONES Y REFORMAS, S.L, con CIF B 70285085, pola execución da obra denominada “Acceso a Vilarquinte-Senda litoral”; por importe de 31.927,57 €, máis 6.704,79 € de IVE, o que fai un total de 38.632,36 €; aprobando a certificación nº1 comprensiva da execución desta obra (polos períodos comprendidos entre o 29/12/2022 a 28/8/2023, do 31/8/2023 ao 30/10/2023 e do 7/11/2023 ao 28/12/2023); así como a factura con nº de rexistro en contabilidade 2024/1436 e data 14/02/2024, e posterior abono desta.*

*(…)”.*

Tamén consta o informe proposta do xefe do Servizo de Contratación do 16/07/2024 (CON18I027P), con respecto ao cal ponse de manifesto que no punto primeiro da parte dispositiva debe engadirse expresamente que se aproba o recoñecemento extraxudicial de crédito da certificación de obra correspondente con cargo á aplicación orzamentaria 1532.61900 e código de proxecto 2022.4.00000.35.

**SEGUNDO.** A parca regulación dos contratos menores limítase na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP), a establecer un umbral económico (valor estimado inferior a 40.000,00 euros cando se trate de contratos de obras ou a 15.000,00 euros cando se trate de contratos de subministro ou de servizos) e o procedemento aplicable (artigo 118); a permitir a adxudicación directa a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación (artigo 131.3); a concretar a súa duración, que non será superior a un ano nin ser obxecto de prórroga (artigo 29.8); a sinalar que non se perfeccionan coa súa formalización (artigo 36.1); e a regular o réxime da súa publicación, salvo aqueles contratos cuxo valor estimado fose inferior a cinco mil euros, sempre que o sistema de pagamento utilizado polos poderes adxudicadores fora o de anticipo de caixa fixa ou outro sistema similar para realizar pagamentos menores (artigo 63.4).

Para a axeitada interpretación da dita regulación, a Oficina Independiente de Regulación y Supervisión de la Contratación (creada no artigo 332.1 “(…) *con la finalidad de velar por la correcta aplicación de la legislación y, en particular, promover la concurrencia y combatir las ilegalidades, en relación con la contratación pública (…)*”), ditou a Instrución 1/2019, do 28 de febreiro, sobre contratos menores. A propia OIRESCON ditou unha nota aclaratoria sobre a dita instrución en relación á expresión “*el órgano de contratación solicitará, al menos, tres presupuestos*”.



A nivel procedimental, a LCSP límitase a establecer dúas determinacións nos apartados segundo e terceiro do artigo 118, cuxo contido literal é o seguinte:

*“2. En los contratos menores la tramitación del expediente exigirá la emisión de un informe del órgano de contratación justificando de manera motivada la necesidad del contrato y que no se está alterando su objeto con el fin de evitar la aplicación de los umbrales descritos en el apartado anterior.*

*3. Asimismo se requerirá la aprobación del gasto y la incorporación al mismo de la factura correspondiente, que deberá reunir los requisitos que las normas de desarrollo de esta Ley establezcan.”*

Para os contratos de obra, o artigo 118.4 LCSP establece que *“En el contrato menor de obras, deberá añadirse, además, el presupuesto de las obras, sin perjuicio de que deba existir el correspondiente proyecto cuando sea requerido por las disposiciones vigentes. Deberá igualmente solicitarse el informe de las oficinas o unidades de supervisión a que se refiere el artículo 235 cuando el trabajo afecte a la estabilidad, seguridad o estanqueidad de la obra.”*

A regulación que se contén nos artigos citados da LCSP, así como as determinacións da Instrución da OIRESCON, van referidas ao procedemento do contrato menor, pero non conteñen criterios de actuación sobre a execución do contrato, salvo a referencia no artigo 118.3 a que ao expediente incorporárase a factura correspondente.

Esta expresión analizouse pola Junta Consultiva de Contratación Pública del Estado no expediente 63/2018, do 2 de xullo de 2018, plantexándose se un contrato pode conlevar varias facturas ou se, polo contrario, a redacción do parágrafo segundo do artigo 118.1, que fala de factura en singular, impide a dita posibilidade. Aínda que o contrato obxecto da solicitude de informe é de servizos, a valoración realizada pola Junta Consultiva pode servírnos para dar contestación sobre un contrato menor de obra e se deben aprobarse certificacións parciais de obra.

Sinala a Junta Consultiva que *“(…) el régimen de pagos en los contratos menores no ha merecido ninguna norma específica y distinta en la legislación de contratos del sector público, existiendo, por el contrario, preceptos aplicables a los contratos públicos en general que prevén que el pago se abone “en función de la prestación realmente ejecutada y de acuerdo con lo pactado” (artículo 102.1 de la LCSP), pudiéndose realizar el pago “de manera total o parcial, mediante abonos a cuenta o, en el caso de contratos de tracto sucesivo, mediante el pago en cada uno de los vencimientos que se hubieren estipulado” (artículo 198.2 de la LCSP). Por ello puede concluirse que, al amparo del principio de libertad de pactos consagrado en el artículo 34 de la propia LCSP, es perfectamente ajustado a la normativa vigente pactar abonos a realizar en cada uno de los vencimientos que se hubiesen estipulado, en particular, cuando lo exija el ritmo requerido en la ejecución del contrato menor, al igual que sucede en el resto de los contratos regulados en la Ley de Contratos del Sector Público que no tienen la consideración de menores.(…)*”.

Engade que *“(…) El régimen jurídico de éstos últimos está delimitado, según lo dispuesto en el artículo 118 de la Ley y concordantes, por un conjunto de elementos que no excluyen la posibilidad de establecimiento de pagos parciales o anticipos en función de la prestación ejecutada (..)”*.

A resposta afirmativa que resulta do informe da Junta Consultiva corrobórase polo literal do artigo 72 do Regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP), cuxo apartado 2 prevé expresamente a posibilidade de abonos a conta nos contratos menores ao sinalar que *“se deberá expedir e entregar factura polas certificacións de obra ou abonos a conta que se tramiten con anterioridade ao cumprimento total do contrato (...)”*.

Sobre a certificación final e recepción das obras nun contrato menor, a doutrina ten admitido que a particularidade de que as obras se executen cun contrato menor afecta exclusivamente á sumariade de trámites, pero non determina unha rebaixa nos dereitos e obrigas das partes. Este mesmo criterio resulta da sentenza da Audiencia Nacional do



06/11/2013, segundo a cal: “(...) **TERCERO.-** El contrato de autos era un contrato menor de obra cuya especialidad está en lo procedimental ya que pueden adjudicarse directamente y cuyo expediente sólo exige la aprobación del gasto, el presupuesto de obra y la incorporación factura (artículos 95 y 122 LCSP). La agilidad que se busca explica que esas especialidades tengan sentido en cuanto que puede no exigirse un proyecto, se adjudica directamente, se formaliza mediante la presentación de la factura, especialidades que afectan al plazo de ejecución y que no haya revisión de precios (artículo 77 LCSP). Recibida la obra, la urgencia queda satisfecha, lo que no excluye trámites como la recepción.

**CUARTO.-** Por razón de lo dicho hay que entender que en lo sustantivo este tipo de contratos no quedan exceptuados de los principios básicos de la contratación administrativa (...)

**OCTAVO.-** Tal y como se ha dicho, el contrato de obras menores no implica una rebaja en los derechos y obligaciones de las partes, sino sumariedad de trámites.(...)”

Polo tanto, o feito de tratarse dun contrato menor de obras, non exime de aprobar certificacións parciais de obra, se así se pactou, así como da certificación final e de levar a cabo a recepción das obras.

No corpo da Resolución da alcaldía do 28/12/2022 (CON16I468) pola que se adxudica o contrato menor de obras denominado “Acceso a Vilarquinte-Senda Litoral (O Val)” consta expresamente que “(...) A dirección de obra deberá redactar as correspondentes certificacións mensuais de obra, e unha vez asinadas polo contratista e informadas favorablemente polos Servizos Técnicos, aboaranse as obras executadas, unha vez presentada a correspondente factura e efectuada a conformidade da mesma.(...)”. Non obstante, no punto segundo da parte dispositiva consta o seguinte: “(...) Este importe aboarase mediante a presentación dunha única factura que conterá todos os datos esixidos pola lexislación vixente, acompañada da certificación de obra subscrita pola Dirección Facultativa e informada favorablemente polos Servizos Técnicos Municipais. (...)”. Polo tanto, obsérvase unha contradición, polo que se atende ao que se contén no apartado segundo da parte dispositiva da resolución aos efectos de verificar se se pactou ou non a emisión de certificacións mensuais.

Por outra parte, o artigo 240 LCSP establece que, aos efectos do pagamento, a administración expedirá mensualmente, nos primeiros dez días seguintes ao mes ao que correspondan certificacións que comprendan a obra executada durante o dito período de tempo, salvo prevención en contrario no prego de cláusulas administrativas particulares. Tendo en conta o anterior, que o período das obras que consta na certificación nº 1 comprenden dende o 29/12/2022 ata o 28/08/2023, dende o 31/08/2023 ata o 30/10/2023, e dende o 07/11/2023 ata o 28/12/2023, e que a certificación emítese o 14/02/2024 (tomando de referencia a data da sinatura dixital do director de obra), incúmprese a normativa contractual, ao emitirse a certificación fóra do prazo establecido.

Tendo en conta que a especialidade do contrato menor de obra está no procedimental, que no substantivo este tipo de contratos non quedan exceptuados dos principios básicos da contratación administrativa, e que recibida a obra, a urxencia queda satisfeita, o que non exclúe trámites como a recepción, esta Intervención considera que debería incorporarse ao expediente a acta de recepción da obra.

**TERCEIRO.** Con respecto ao prazo de execución do contrato, na Resolución da alcaldía do 28/12/2022 (CON16I468) consta que o prazo de execución do contrato é de dous meses, a partir do día seguinte ao da recepción polo contratista da notificación que este concello practique, comunicando a recepción das autorizacións sectoriais indicada nos antecedentes desta proposta, ficando ata entón en suspensión o inicio da execución das obras. Non obstante, no expediente examinado, salvo erro ou omisión involuntaria, non consta a notificación ao contratista da recepción das autorizacións sectoriais indicadas.

A notificación da adxudicación recibíuse o 28/12/2022, e a primeira resolución de ampliación do prazo de execución toma de referencia como data fin do prazo de execución o 28/02/2023. Se tomamos a data de notificación da



adxudicación sen ter en conta que non se comunicou a recepción das autorizacións sectoriais indicadas, o prazo de execución abarcaría dende o 29/12/2022 ata o 28/02/2023. Posteriormente, pola Resolución da alcaldía do 28/02/2023 (CON17I0IU) ampliouse o prazo de execución ata o 28/04/2023, pola Resolución da alcaldía do 27/04/2023 (CON17I19N) ampliouse o prazo de execución ata o 28/06/2023, e pola Resolución da alcaldía do 27/06/2023 (CON17I21H) ampliouse o prazo de execución ata o 28/08/2023.

Por outra parte, pola Resolución da alcaldía do 30/08/2023 (CON17I2M6) ampliouse o prazo de execución ata o 28/10/2023, non obstante, esta cuarta ampliación do prazo de execución acordouse cando a ampliación do prazo de execución anterior xa finalizara, polo que non pode prorrogarse un prazo xa finalizado, incumpríndose, polo tanto, o prazo de execución do contrato.

Posteriormente, por varias resolucións da alcaldía ampliouse varias veces o prazo de execución da obra.

Segundo consta na certificación de obra emitida, o prazo de execución das obras abarca dende o 29/12/2022 ata o 28/08/2023, dende o 31/08/2023 ata o 30/10/2023, e dende o 07/11/2023 ata o 28/12/2023, polo tanto, incumpríuse o prazo de execución do contrato que se establecía na resolución da alcaldía de adxudicación do contrato das obras e das tres primeiras resolucións da alcaldía de ampliación do prazo de execución, toda vez que a cuarta ampliación do prazo de execución acordouse cando a ampliación do prazo de execución anterior xa finalizara, polo que non pode prorrogarse un prazo xa finalizado.

**CUARTO.** Esta Intervención considera que se utiliza abusivamente da figura do contrato menor que debe responder a actuacións imprevisibles, posto que toda necesidade periódica ou planificable debe ser obxecto do correspondente procedemento de licitación para dar cobertura aos ditos gastos, así como favorecer a pública concorrência e obter prezos máis vantaxosos economicamente. A OIREscon e a IGAE reafirman a limitación da utilización dos contratos menores para necesidades puntuais e non recorrentes, de escasa contía e urxente execución, que dende hai anos veñen recomendando os OCEX. Polo tanto, estase incumprindo a normativa aplicable en materia de contratación no sector público.

Motivo polo cal esta Intervención emite informe de reparo con efectos suspensivos pola omisión de requisitos ou trámites esenciais establecidos pola normativa que resulta de aplicación.

**CONCLUSIÓN.** Tendo en conta o que se establece no apartado cuarto do Anexo, esta Intervención, en virtude do que se dispón no artigo 216.2.c) do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), e no Real decreto 424/2017, emite **informe de reparo á aprobación da certificación nº 1 da obra “Acceso a Vilarquinte-Senda Litoral (O Val)”, por omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais determinados na normativa que resulta de aplicación.** Ao abeiro do dito artigo, o devandito **REPARO** terá **EFFECTOS SUSPENSIVOS** ata que sexa solventado.

O artigo 217.1 do TRLRFL establece que cando o órgano ao que afecte o reparo non estea de acordo co reparo, corresponderá ao presidente da entidade local resolver a discrepancia, sendo a súa resolución executiva. Esta facultade non será delegable en ningún caso.

De conformidade co estipulado no artigo 218 do TRLRFL, o órgano interventor elevará informe ao pleno de todas as resolucións adoptadas polo presidente da entidade local contrarias aos reparos efectuados.

No caso de que o órgano ao que se dirixe o reparo o acepte, ao abeiro do artigo 12.4 do Real decreto 424/2017, deberá subsanar as deficiencias observadas e remitir de novo as actuacións ao órgano interventor no prazo de quince días.



Ademais, esta Intervención fiscaliza de desconformidade (reparo sen efectos suspensivos) a súa aprobación polos motivos que se especifican nos apartados segundo e terceiro do Anexo deste informe.

Por outra parte, tal e como consta no apartado primeiro do Anexo deste informe, con respecto ao informe proposta do xefe do Servizo de Contratación do 16/07/2024 (CON18I027P) ponse de manifesto que no punto primeiro da parte dispositiva debe engadirse expresamente que se aproba o recoñecemento extraxudicial de crédito da certificación de obra correspondente con cargo á aplicación orzamentaria 1532.61900 e código de proxecto 2022.4.00000.35.

Este é o informe que emito, salvo erro ou omisión involuntaria, na aplicación e/ou interpretación da normativa aplicable, sen prexuízo de calquera outro informe mellor fundado en Dereito. Non obstante, o órgano competente, co seu superior criterio, adoptará o acordo que estime máis oportuno para os intereses municipais.”

O xefe do Servizo de Contratación, en data 16 de xullo de 2024, visto o reparo, emitiu un informe que vén concluír:

“1. Sobre o punto primeiro: recoñecemento extraxudicial da obriga

Remítese este informe, neste punto, ao exposto na memoria elaborada ao efecto, que consta no expediente.

Así mesmo, debe engadirse, tal e como indica a Intervención Xeral, na parte dispositiva do acordo, a exprese mención ao recoñecemento extraxudicial, así como a aplicación orzamentaria e código de proxecto.

2. Sobre o punto segundo: omisión de trámites no procedemento

Respecto da posibilidade de emitir certificacións parciais da obra executada, e as correspondentes facturas, recoñécese a contradición entre os antecedentes e a parte dispositiva do acordo de adxudicación do contrato, de data 28 de decembro de 2022.

Esta contradición, sen prexuízo de ser tida en conta por este Servizo para ser evitada en futuras adxudicacións, non supón que tanto o contratista como a Dirección de Obra incumpriran o acordo adoptado pola Alcaldía-Presidencia, singularmente na parte dispositiva deste. Así, e non sendo un requisito obrigatorio de acordo cos preceptos legais e regulamentarios, non procede a devolución da certificación para a emisión de certificacións parciais, en virtude dos principios de boa fe e economía procedimental.

Así mesmo, recoñécese a extemporaneidade na expedición da certificación, ao emitirse transcorridos máis de dez días desde a finalización do período certificado; feito que será tido en conta pola dirección de obra, no seu caso, en futuras ocasións, a efectos de evitar esta irregularidade.

Respecto da omisión de certificación final e acta de recepción, este Técnico remítese ao informado pola Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Estado, no seu Informe 10/13, de 26 de febreiro de 2015 (o subliñado é aportado por este Xefe de Servizo):

*(...) debe resaltarse, tal y como ha reiterado esta Junta Consultiva en distintos informes, que el significado y configuración de los contratos menores en la vigente legislación obedece, desde un punto de vista finalista o teleológico al objetivo de “la simplificación del procedimiento jurídico administrativo de contratación, objetivo y finalidad, que difícilmente se concilian con la exigencia de otros requisitos o de requisitos más rigurosos que los establecidos en su regulación específica”.*



*Así resulta de la regulación reglamentaria prevista en el artículo 72 del vigente Reglamento General de la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de octubre, a cuyo tenor:*

«1. En los contratos menores podrá hacer las veces de documento contractual la factura pertinente, que deberá contener los datos y requisitos establecidos en el Real Decreto 2402/1985, de 18 de diciembre, por el que se regula el deber de expedir y entregar factura que incumbe a los empresarios y profesionales (*la referencia actual sería al Real Decreto 1619/2012, de 30 de noviembre, por el que se aprueba el Reglamento por el que se regulan las obligaciones de facturación*).

En todo caso, **la factura deberá contener** las siguientes menciones:

- a) Número y, en su caso, serie. La numeración de las facturas será correlativa.
- b) Nombre y apellido o denominación social, número de identificación fiscal y domicilio del expedidor.
- c) Órgano que celebra el contrato, con identificación de su dirección y del número de identificación fiscal.
- d) Descripción del objeto del contrato, con expresión del servicio a que vaya destinado. 8
- e) Precio del contrato.
- f) Lugar y fecha de su emisión.
- g) Firma del funcionario que acredite la recepción.**

2. Se deberá expedir y entregar factura por las certificaciones de obra o los abonos a cuenta que se tramiten con anterioridad al cumplimiento total del contrato. En estos casos, se hará indicación expresa de esta circunstancia en las facturas correspondientes.

3. Se exceptúan de lo establecido en los apartados anteriores aquellos suministros o servicios cuya prestación se acredite en el tráfico comercial por el correspondiente comprobante o recibo, en el que ha de constar al menos la identidad de la empresa que lo emite, el objeto de la prestación, la fecha, el importe y la conformidad del servicio competente con la prestación recibida.

4. (...).».

*Del precepto transcrito, en lo que aquí interesa resaltar, se infiere pues un procedimiento simplificado a efectos de reflejar el resultado de la preceptiva recepción de la prestación, consistente en la firma del funcionario que acredite la conformidad en la propia factura.*

Constando na factura a conformidade da Arquitecta Técnica Municipal, enténdese acreditada a recepción deste contrato menor, de acordo con este criterio doutrinal.

3. Sobre o punto terceiro: prazo de execución do contrato

Con respecto ao prazo de execución do contrato, indícase que, en efecto, non existe comunicación da recepción das autorizacións sectoriais á empresa contratista. Este servizo tivo constancia do comezo da execución dos traballos sen a recepción das comunicacións. Consultada a dirección de obra sobre este extremo, comunicouse que se empezaron os traballos por aquelas partes da obra non afectadas polas autorizacións sectoriais. Esas partes afectadas non se



executaron ata a efectiva recepción no Concello dos documentos habilitantes; feito que, á súa vez, se comunicou verbalmente á dirección de obra.

Por outra banda, pola resolución da alcaldía do 30/08/2023 (CON17I2M6) ampliouse o prazo de execución ata o 28/10/2023. Non obstante, esta cuarta ampliación do prazo de execución acordouse cando a ampliación do prazo de execución anterior xa finalizara, tal e como expón a Intervención Xeral. Deste xeito e en aplicación do artigo 100 do RXLCAP, a obra se entendía suspensa entre o 29/8/2023 e o 30/8/2023; feito tido xa en conta pola dirección de obra nos períodos certificados.

#### 4. Sobre o punto cuarto: abuso da figura do contrato menor

Tal e como se informou na memoria para o recoñecemento extraxudicial da obriga, por este Técnico enténdese que i) tratándose dunha obra completa —así o establece o técnico redactor no punto 10 da memoria—, ii) con certo carácter de urxencia —xustificada así mesmo no punto 2 da memoria— e iii) que dificilmente se pode planificar con antelación —polo seu carácter singular no marco doutros investimentos municipais—; non se aprecia unha indebida adquisición do compromiso de gasto e, consecuentemente, da utilización do contrato menor; pois a obra responde ás exigencias legais e doutrinais establecidas para facer uso daquela figura para proceder contratación.

Á vista do anterior procede, a xuízo deste Xefe de Servizo, levantar o reparo suspensivo formulado pola Intervención Xeral, con carácter previo á aprobación da certificación nº1 e factura da obra denominada “Acceso a Vilarquinte-Senda Litoral (O Val)”.

Por todo o anterior, e visto o ditame favorable por maioría, con 4 votos a favor ( 2 TEGA, 1 BNG, 1 PSdeG-PSOE) e 1 abstención do PP, da Xunta de Portavoces de data 19-07-2024, a súa presidenta propón ao Concello Pleno, a adopción da seguinte

### **PROPOSTA DE ACORDO**

**PRIMEIRO:** Levantar o reparo suspensivo formulado pola Intervención Xeral en data 16 de xullo de 2024, á proposta de aprobación da certificación nº 1 da obra “Acceso a Vilarquinte- Senda Litoral (O Val)”;

de acordo co informado polo xefe do Servizo de Contratación, de data 16 de xullo de 2024.

**SEGUNDO:** Aprobar o recoñecemento extraxudicial de crédito da certificación de obra nº1 (do 29 de decembro do 2022 ao 28 de agosto de 2023, do 31 de agosto ao 30 de outubro de 2023 e do 07 de novembro ao 28 de decembro de 2023), por importe de 38.632,36 €), vinculado ao EMC 05/2024; subexpediente nº 01/2024 de crédito extraordinario e suplemento de crédito (RC:220240007425) adxudicadas á empresa GONNABA CONSTRUCCIONES Y REFORMAS, S.L., con CIF B70285085; con cargo á aplicación orzamentaria 1532.61900 e código de proxecto 2022.4.00000.35.

**TERCEIRO:** Notificar este acordo á empresa contratista e á Dirección de obra.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita:

**Votos a favor:**

10 TEGA

**Abstencións:**

6 PP



**NARÓN**

3 BNG

2 PSdeG-PSOE

**9 º.- DAR CONTA DOS INFORMES DE CUMPRIMENTO DO PAGO DE OBRIGAS (MOROSIDADE) E DO PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEEDORES DO 2º TRIMESTRE DE 2024 DO CONCELLO, PADROADO DE CULTURA E COSMA).** –Dase

conta dos seguintes informes:

**A/ INFORME DE TESOURERÍA**

**ASUNTO: CUMPRIMENTO DO PRAZO DE PAGO DE OBRIGAS (Informe de morosidade)**

**PERIODO: SEGUNDO TRIMESTRE 2024**

**NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
- Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
- Real Decreto Lei 4/2013, de 22 de febreiro, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
- Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.
- Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.

**INFORME**

**PRIMEIRO.-** O presente informe sobre o cumprimento dos prazos de pago emítese con carácter trimestral e con arreglo ó disposto na normativa anteriormente citada.

**SEGUNDO.-** Forman parte do presente todos os pagos comerciais entre empresas e esta Administración (capítulos 2 e 6 da clasificación económica de gastos do orzamento), de conformidade co disposto na Lei 9/2017 así como o disposto no artigo 3.1 Da Lei 3/2004, quedando fora, polo tanto, as operacións que non están baseadas nunha relación comercial, tales como as que son consecuencia dunha relación estatutaria ou laboral, ou as que son consecuencia da potestade expropiatoria, igualmente están excluídas as que se producen entre distintas entidades do sector público.

Se incluírán todas as facturas pagadas ou pendentes de pago en cada trimestre, independentemente da súa data de expedición, a diferenza das facturas incluídas para o cálculo do período medio de pago que solo se ten en conta as facturas expedidas dende o 1 de xaneiro de 2014.

**TERCEIRO.-** Dacordo co disposto na normativa de aplicación, a Administración terá a obriga de abonar o precio dentro dos 30 días seguintes á data de aprobación das certificacións de obra ou da aprobación das facturas presentadas ante o rexistro administrativo en tempo e forma.

O artigo 4 da Lei 3/2004, na súa actual redacción dada pola Lei 11/2013, de 26 de xullo, de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo de crecemento e da creación de emprego, establece:

“1. El plazo de pago que debe cumplir el deudor, si no hubiera fijado fecha o plazo de pago en el contrato, será de treinta días naturales después de la fecha de recepción de las mercancías o prestación de los servicios.....

2. Si legalmente o en el contrato se ha dispuesto un procedimiento de aceptación o de comprobación mediante el cual deba verificarse la conformidad de los bienes o los servicios con lo dispuesto en el contrato, su duración no podrá exceder de treinta días naturales a contar desde la fecha de recepción de los bienes o de la prestación de los servicios....

3. Los plazos de pago indicados en los apartados anteriores podrán ser ampliados mediante pacto de las partes sin que, en ningún caso, se pueda asociar un plazo superior a 60 días naturales....”

Igualmente a Lei 11/2013 modifica o artigo 216.4 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por RD Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, sinalando: “*La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de aprobación de las certificaciones de obra o de los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados.....la Administración deberá aprobar las certificaciones de obra o los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados dentro de los treinta días siguientes a la entrega efectiva de los bienes o prestación del servicio, salvo acuerdo expreso en contrario establecido en el contrato y en alguno de los documentos que rijan la licitación*”



Ademais a Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, modifica no seu artigo primeiro a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria e Sostenibilidade Financieira, engadindo unha disposición adicional quinta nos seguintes termos:

*“Plazo de pago a provedores.*

*Las referencias en esta Ley al plazo máximo que fija la normativa sobre morosidad para el pago a proveedores se entenderán hechas al plazo que en cada momento establezca la mencionada normativa vigente y que, en el momento de entrada en vigor de esta Ley, es de treinta días”.*

En definitiva o inicio do período de cómputo, tanto das operacións pagadas como as pendentes, fíxase dende a recepción da factura, e o cómputo dos días para calcular o período medio de pago iníciase aos trinta días posteriores a esa data, data que ven dada polo rexistro contable da mesma.

CUARTO.- Atendendo ós datos suministrados pola contabilidade municipal e ao módulo de rexistro de facturas, funcións ambas que son desenroladas pola Intervención municipal, e de conformidade coa normativa aludida, en cumprimento do establecido no artigo 4.3 e 10 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, a Tesourería municipal emite o seguinte informe:

**1º) Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pago ao final do trimestre (2º trimestre. Data ref. 30/06/2024)**

**O período medio do pendente de pago (PMPP) a 30.06.2024 atópase en 69,28 días.**

Ó remate deste período, o número total de facturas pendentes de pago é de 2857 por importe de 2.817.955,87 €, das cales, o 39,76 % están dentro do período legal de pago,

	FACTURAS PTES DE PAGO ao final do 2º TRIM. (ata o 30/06/2024)							
	Dentro do período legal de pago				Fóra do período legal de pago			
Clasif. por capítulos	Nº operacións e %		Importe total e %		Nº operacións e %		Importe total e %	
Gastos Bens Correntes e Serv. (cap. 2)	132		884.129,03 €		16		102.754,85 €	
Investimentos reais (cap. 6)	8		191.965,34 €		6		25.093,72 €	
Otros pagos por oper. comerc.	6		22.343,76 €		1		16.542,39 €	
Pendientes de aplicar a presuposto	990		724.468,08 €		1698		850.658,70 €	
<b>Total</b>	<b>1136</b>	<b>39,76%</b>	<b>1.822.906,21 €</b>	<b>64,69%</b>	<b>1721</b>	<b>60,24%</b>	<b>995.049,66 €</b>	<b>35,31%</b>

porcentaxe que se sitúa no 64,69 % se a análise se realiza sobre os importes.

**Das 2857 facturas rexistradas ata 30 de xuño de 2024, importe total 2.817.955,87 €, a 30 de xuño de 2024 existen:**

- 1136 obrigas por importe total de 1.822.906,21 euros están pendentes de pago a data 30.06.2024, dentro do prazo legal de pago ao final do trimestre.
- 1721 obrigas pendentes de pago por importe total de 995.049,66 euros a data 30.06.2024 incumpren o prazo legal de pago dende que foron anotadas no rexistro de facturas da aplicación contable

**2º) Pagos realizados no trimestre (Entre 01/04/2024 e 30/06/2024):**

**Neste trimestre o período medio de pago (PMP) foi de 60,03 días.**

Ó remate deste período, o número total de pagos realizados foi de 1435 pagos por importe total de 4.943.664,45 €, dos que o 34,15% foron realizados dentro do período legal de pago, porcentaxe que aumenta ao 67,11 % se o análise se realiza sobre os importes.



Clasif. por capítulos	PAGOS REALIZADOS no 2º TRIM (Entre 01/04/2024 e 30/06/2024)							
	Dentro do período legal pago				Fora do período legal pago			
	Nº operacións	Importe total			Nº operacións	Importe total		
Gastos Bens Correntes e Serv. (cap. 2)	474		2.892.234,38 €		919		1.377.025,70 €	
Investimentos reais (cap. 6)	10		422.921,93 €		25		248.668,49 €	
Otros pagos por oper. comerc.	6		2.631,39 €		1		182,56 €	
Pendientes de aplicar a presuposto	0		0,00 €		0		0,00 €	
<b>Total</b>	<b>490</b>	<b>34,15%</b>	<b>3.317.787,70 €</b>	<b>67,11%</b>	<b>945</b>	<b>65,85%</b>	<b>1.625.876,75 €</b>	<b>32,89%</b>

**Das 1435 facturas rexistradas e que foron pagadas no 2º trimestre de 2024, importe total xeral 4.943.664,45, a 30 de xuño de 2024 existen:**

- 490 facturas de importe 3.317.787,7 euros aboadas dentro do prazo legal de pago
- 945 facturas por importe total de 1.625.876,75 euros aboadas fóra do prazo legal de pago, dende que foron anotadas no rexistro de facturas da aplicación contable.

O período medio de pago legal do 2º trimestre 2024 atópase en 60,03 días, ten empeorado en 15,71 días respecto ao trimestre anterior (que se situaba en 44,33 días), se sitúa POR ENRIBA do máximo esixido, e polo tanto, INCUMPRE o período medio de pago en termos legais.

En relación aos cálculos anteriores, advértese que a obriga de remitir ficheiros 997 á Axencia Tributaria (AEAT), respecto das transferencias de pagos a provedores, no marco do Convenio de Intercambio de Información, aumenta o prazo de tramitación en ata 7 días, circunstancia que non é posible reflectir nos listados que de forma automática xera a aplicación informática Sicalwin.

Do mesmo modo, nos casos nos que o proveedor sexa recíprocamente debedor co Concello, pode aumentar o prazo de pago pola necesaria tramitación de expedientes de compensación de débedas. Tamén ten incidencia no proceso de pago cando é preciso requirir a presentación das fichas de comunicación de datos bancarios non presentadas a instancia do propio proveedor, esta circunstancia tamén dilata o proceso de pago material, o cal - como nos casos anteriores - non é posible reflexar nos listados que xera o aplicativo contable.

E por último, debe citarse que a aprobación neste trimestre dun importante volume de facturas a través do procedemento de recoñecemento extraxudicial de créditos así como de determinados gastos do capítulo 6 (certificacións de obra) para as que se tivo que habilitar crédito a través dun expediente modificativo de crédito son circunstancias que tamén teñen unha incidencia negativa nos resultados do período medio de pago.

**3º) Intereses demora pagados 2º Trimestre. Data ref. 30/06/2024: IMPORTE 0,00 €.**

Código de Entidad	Entidad	Tipo de Contabilidad	Pagos realizados en el periodo			Intereses de Demora  Pagados en el Periodo	Facturas o Documentos Justificativos Pendientes de Pago al Final del Periodo		
			Periodo Medio Pago	Pagos Dentro Periodo Legal Pago	Pagos Fuera Periodo Legal Pago		Periodo Medio Pago	Dentro Periodo Legal Pago al Final del Periodo	Fuera Periodo Legal Pago al Final del Periodo



			(PMP) (días)	Número de Pagos	Importe Total	Número de Pagos	Importe Total	Número de Pagos	Importe Total Intereses	Pendiente (PMPP) (días)	Número de Operaciones	Importe Total	Número de Operaciones	Importe Total
11-15- 054- AA- 000	Narón	Limitativa	60,03	490	3.317.787,70	945	1.625.876,75	0	0,00	69,28	1136	1.822.906,21	1721	995.049,66

QUINTO.-Obrigas de remisión de información.

O artigo 4.4 da Lei 15/2010, establece: “4. Sin perjuicio de su posible presentación y debate en el Pleno de la Corporación local, dicho informe deberá remitirse, en todo caso, a los órganos competentes del Ministerio de Economía y Hacienda y, en su respectivo ámbito territorial, a los de las Comunidades Autónomas que, con arreglo a sus respectivos Estatutos de Autonomía, tengan atribuida la tutela financiera de las Entidades locales. Tales órganos podrán igualmente requerir la remisión de los citados informes. “

A remisión de dita información realizarase con carácter trimestral pola Intervención municipal de conformidade co artigo 16.6 da Orde HAP 21/05/2012.

Se procede, por parte da Tesourería Municipal, á incorporación dos datos deste Informe á plataforma habilitada polo Ministerio de Facenda e ponse en coñecemento da Intervención Municipal para a súa sinatura en dita plataforma.

## **B/ INFORME DE TESOURERÍA**

**ASUNTO: PERIODO MEDIO DE PAGO A PROVEEDORES (PMP)**

**PERIODO: SEGUNDO TRIMESTRE 2024**

PRIMEIRO.- A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria y Sostenibilidade Financiera, introduce o concepto de periodo medio de pago como expresión do tempo de pago ou retraso no pago da débeda comercial, de maneira que todas as Administracións Públicas deberán de facer público o seu periodo medio de pago.

SEGUNDO.- O RD 635/2014, de 25 xullo, ( coas modificacións introducidas polo Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro) desenrola a metodoloxía de cálculo do periodo medio de pago a provedores das Administracións Públicas ( en adiante PMP).

O periodo medio de pago definido neste Real Decreto mide o retraso no pago da débeda comercial en termos económicos, e é un indicador distinto e que non hai que confundir co periodo legal de pago establecidos na Lei de Contratos do Sector Público a efectos de morosidade e na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Mediante a modificación introducida polo RD 1040/2017, aclárase a diferenza entre o concepto do periodo medio de pago a provedores ao que se refire la Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, e o prazo máximo de pago a provedores que se establece na normativa en materia de morosidade regulado na Lei 3/2004, de 29 de decembro. O primeiro é o intervalo temporal no que cada administración debedora debe facer fronte ás débedas cos seus provedores, computado como prazo medio, cuxo incumprimento da lugar a adopción das medidas previstas na citada lei orgánica para o aseguramento de parte do pago, e que non modifica as circunstancias de ningunha obriga individual. Polo contrario, o segundo constitúe un intervalo de tempo suxeito a precisas regras de cálculo establecidas na Lei 3/2004, para o pago das operacións comerciais, cuxo incumprimento provoca a deivindicación automática de xuros da débeda impagada dende o transcurso do prazo de pago aplicable.O prazo máximo de pago a provedores continúa estando en 30 días.

Trala modificación introducida polo Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro, o artigo 5.2 do Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo prevé que: “2.(....) Se entenderá por número de días de pago, los días naturales transcurridos desde:



a) *La fecha de aprobación de las certificaciones de obra hasta la fecha de pago material por parte de la Administración.*

b) *La fecha de aprobación de los documentos que acrediten la conformidad con los bienes entregados o los servicios prestados, hasta la fecha de pago material por parte de la Administración.*

c) *La fecha de entrada en el registro administrativo, según conste en el registro contable de facturas o sistema equivalente, hasta la fecha de pago material por parte de la Administración, en los supuestos en los que o bien no resulte de aplicación un procedimiento de aceptación o comprobación de los bienes o servicios prestados o bien la factura se reciba con posterioridad a la aprobación de la conformidad. (...)*

Asemade, a “Guía para la cumplimentación de la aplicación y el cálculo del periodo de pago de las EELL. Real Decreto 1040/2017, de 22 de diciembre, por el que se modifica el Real Decreto 635/2014, de 25 de julio” publicada polo Ministerio de Hacienda y Función Pública en febreiro de 2018 no seu apartado 2.1 “CÁLCULO RATIO DE LAS OPERACIONES PAGADAS” determina que:

*“La “Ratio de las operaciones pagadas” en el trimestre, es el indicador del número de días de promedio que se ha tardado en realizar los pagos.*

*El “Número de días de pago”: La fecha de aprobación de los documentos que acrediten la conformidad con los bienes entregados o los servicios prestados hasta la fecha de pago material por parte de la Administración. En los supuestos en que no exista constancia del acto de conformidad, se tomará la fecha de recepción de la factura en registro administrativo o sistema equivalente. (...)*

*En el caso de certificaciones de obra, el cómputo se inicia desde la fecha de aprobación. (...)*”

Como consecuencia das modificacións introducidas polo RD 1040/2017, Sicalwin adaptou no seu día a forma de cálculo da data de inicio do cómputo do Periodo medio de pago das facturas. Ata a data de entrada en vigor do RD 1040/2017, para obter a data de inicio de cómputo sumábanse 30 días á data de rexistro de entrada de facturas. Desde a entrada en vigor deste RD pódese realizar desde a conformidade da factura, e en defecto dese dato, desde o recoñecemento de obrigación.

Dende o 1 de xullo de 2019, púxose en marcha o sistema de conformidade electrónica das facturas no propio módulo de contabilidade ( utilidade Firmadoc) , polo que dende esa data, o cómputo do PMP realízase dende a data de conformidade da factura e non dende a de recoñecemento da obrigación tal e como sucedeu nos trimestres anteriores. En todo caso, debe terse en conta que a configuración técnica da utilidade Firmadoc implicou a imposibilidade material de realizar dita conformidade electrónica de maneira inmediata, isto é , dende o 1 de xullo.

TERCEIRO.- O artigo 198 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público prevé que: “4. *La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de aprobación de las certificaciones de obra o de los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados, sin perjuicio de lo establecido en el apartado 4 del artículo 210, y si se demorase, deberá abonar al contratista, a partir del cumplimiento de dicho plazo de treinta días los intereses de demora y la indemnización por los costes de cobro en los términos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales. Para que haya lugar al inicio del cómputo de plazo para el devengo de intereses, el contratista deberá haber cumplido la obligación de presentar la factura ante el registro administrativo correspondiente en los términos establecidos en la normativa vigente sobre factura electrónica, en tiempo y forma, en el plazo de treinta días desde la fecha de entrega efectiva de las mercancías o la prestación del servicio.*

*Sin perjuicio de lo establecido en el apartado 4 del artículo 210 y en el apartado 1 del artículo 243, la Administración deberá aprobar las certificaciones de obra o los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados dentro de los treinta días siguientes a la entrega efectiva de los bienes o prestación del servicio.*

*En todo caso, si el contratista incumpliera el plazo de treinta días para presentar la factura ante el registro administrativo correspondiente en los términos establecidos en la normativa vigente sobre factura electrónica, el devengo de intereses no se iniciará hasta transcurridos treinta días desde la fecha de la correcta presentación de la factura, sin que la Administración haya aprobado la conformidad, si procede, y efectuado el correspondiente abono.”*



CUARTO.- Computa para o presente cálculo as facturas comerciais entre as empresas e a Administración (capítulos 2 e 6 da clasificación económica do estado de gastos do orzamento), expedidas dende o 1 de xaneiro de 2014 que consten no rexistro contable de facturas ou sistema equivalente e as certificacións mensuais de obra aprobadas a partir da mesma data.

Quedan excluídas as obrigas de pago contraídas entre entidades que teñan a consideración de Administración Pública no ámbito da contabilidade nacional e as obrigas pagadas con cargo ó Fondo para la Financiación dos pagos a provedores. Asemade, quedan excluídas as propostas de pago que foran obxecto de retención como consecuencia de embargos, mandamentos de execución, procedementos administrativos de compensación ou actos análogos dictados por órganos xudiciais e administrativos.

QUINTO.- Dacordo co disposto no artigo 6.2 da citada norma, as corporacións locais remitirán ao Ministerio de Facenda e AAPP e publicarán periódicamente a información relativa ó seu PMP a provedores referido ó trimestre anterior antes do día trinta de cada mes nos portales web das Entidades Públicas seguindo criterios homoxéneos que permitan garantir a accesibilidade e transparencia das mesmas, para o que o Ministerio de Facenda facilitou un modelo tipo de publicación a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financieira coas Entidades Locales.

SEXTO.- En aplicación da metodoloxía de cálculo que considera a data de conformidade das facturas tendo en conta os datos contidos a día de hoxe no aplicativo contable Sicalwin referidos ao 2º trimestre, e considerando a necesidade de incluír asemade os datos das entidades dependentes do Concello de Narón, isto é, o Padroado de Cultura, esta Tesourería informa que resultan os seguintes ratios:

En días				
Código de Entidad	Entidad	Ratio de Operaciones Pagadas	Ratio de Operaciones Pendientes de Pago	Periodo Medio de Pago Trimestral
11-15-054-AA-000	Narón	34,25	22,16	31,37
11-15-054-AV-001	P. Cultura	0,11	0,00	0,11

En días	
Periodo Medio de Pago Global a Proveedores Trimestral	
Narón	28,94

O cal se informa ós efectos do seu envío telemático pola Intervención municipal a través da OVEL do portal do Ministerio de Facenda, plataforma autoriza, mediante sinatura electrónica, ós efectos de dar cumprimento ó disposto no artigo 6 do RD 635/2014, de 25 de xullo.

**C/ ASUNTO: CUMPRIMENTO DO PRAZO DE PAGO DE OBRIGAS (Informe de morosidade) PADROADO DE CULTURA DO CONCELLO DE NARON**

**PERIODO: SEGUNDO TRIMESTRE 2024**

**NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.



- Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loira contra a morosidade nas operacións comerciais.
- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
- Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.
- Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.

### INFORME

PRIMEIRO.- O presente informe sobre o cumprimento dos prazos de pago emítese con carácter trimestral e con arreglo ó disposto na normativa anteriormente citada; a súa forma de cálculo é distinta da establecida no RD 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenrola a metodoloxía de cálculo do periodo medio de pago a provedores das Administracións Públicas e cuxa emisión é de carácter trimestral.

SEGUNDO.- Forman parte do presente todos os pagos comerciais entre empresas e esta Administración (capítulos 2 e 6 da clasificación económica de gastos do orzamento), de conformidade co disposto no RDL 3/2011 e Lei 9/2017 así como o disposto no artigo 3.1 Da Lei 3/2004.

TERCEIRO.- Dacordo co disposto na normativa de aplicación, a Administración terá a obriga de abonar o precio dentro dos 30 días seguintes á data de aprobación das certificacións de obra ou da aprobación das facturas presentadas ante o rexistro administrativo en tempo e forma.

CUARTO.- Atendendo ós datos suministrados pola contabilidade municipal e ao módulo de rexistro de facturas, e de conformidade coa normativa aludida, en cumprimento do establecido no artigo 4.3 e 10 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, a Tesourería municipal emite o seguinte informe:

Código de Entidad	Entidad	Tipo de Contabilidad	Pagos realizados en el periodo					Intereses de Demora		Facturas o Documentos Justificativos Pendientes de Pago al Final del Periodo				
			Periodo Medio Pago (PMP) (días)	Pagos Dentro Periodo Legal Pago		Pagos Fuera Periodo Legal Pago		Pagados en el Periodo		Periodo Medio Pago Pendiente (PMPP) (días)	Dentro Periodo Legal Pago al Final del Periodo		Fuera Periodo Legal Pago al Final del Periodo	
				Número de Pagos	Importe Total	Número de Pagos	Importe Total	Número de Pagos	Importe Total Intereses		Número de Operaciones	Importe Total	Número de Operaciones	Importe Total
11-15-054-AA-000	P. Cultura	Limitativa	3,79	136	540.941,44 €	0	0,00 €	0	0,00 €	3,00	1	254,10 €	0	0,00 €

Acompáñase como anexo o detalle da información que foi volcada na OVEL.

O que se informa ós efectos da súa remisión ó Pleno do Concello de Narón, así como se comunica que se procederá ó seu envío telemático a través da Oficina Virtual para a Coordinación coas Entidades Locales, do portal do Ministerio de Hacienda, ós efectos de dar cumprimento co disposto no artigo 4.4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

### D/ INFORME DA INTERVENCION DELEGADA



**ASUNTO: PERIODO MEDIO DE PAGO A PROVEEDORES PADROADO DE CULTURA DO CONCELLO DE NARON**  
**PERIODO: SEGUNDO TRIMESTRE 2024**

PRIMEIRO.- A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria y Sostenibilidade Financiera, introduce o concepto de periodo medio de pago como expresión do tempo de pago ou retraso no pago da débeda comercial, de maneira que todas as Administracións Públicas deberán de facer público o seu periodo medio de pago.

SEGUNDO.- O RD 635/2014, de 25 xullo, (coas modificacións introducidas polo Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro) desenrola a metodoloxía de cálculo do periodo medio de pago a provedores das Administracións Públicas (en adiante PMP).

O periodo medio de pago definido neste Real Decreto mide o retraso no pago da débeda comercial en termos económicos, e é un indicador distinto e que non hai que confundir co periodo legal de pago establecidos nas Leis de Contratos do Sector Público (vixentes para este periodo) a efectos de morosidade e na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Agora ca variación do cómputo do prazo do PMP non pode tomar valores negativos xa que se computa dende o recoñecemento da obriga e antes se computaba dende os 30 días da entrada no rexistro da factura ou data da certificación de obra si fose o caso.

TERCEIRO.- O artigo 216.4 do RDL 3/2011, de 14 de novembro, establece que:

*“La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de aprobación de las certificaciones de obra o de los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados, sin perjuicio de lo establecido en el artículo 222.4, y si se demorase, deberá abonar al contratista, a partir del cumplimiento de dicho plazo de treinta días los intereses de demora y la indemnización por los costes de cobro en los términos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales. Para que haya lugar al inicio del cómputo de plazo para el devengo de intereses, el contratista deberá de haber cumplido la obligación de presentar la factura ante el registro administrativo correspondiente, en tiempo y forma, en el plazo de treinta días desde la fecha de entrega efectiva de las mercancías o la prestación del servicio.*

*Sin perjuicio de lo establecido en los artículos 222.4 y 235.1, la Administración deberá aprobar las certificaciones de obra o los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados dentro de los treinta días siguientes a la entrega efectiva de los bienes o prestación del servicio, salvo acuerdo expreso en contrario establecido en el contrato y en alguno de los documentos que rijan la licitación, siempre que no sea manifiestamente abusivo para el acreedor en el sentido del artículo 9 de la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales.*

*En todo caso, si el contratista incumpliera el plazo de treinta días para presentar la factura ante el registro administrativo, el devengo de intereses no se iniciará hasta transcurridos treinta días desde la fecha de presentación de la factura en el registro correspondiente, sin que la Administración haya aprobado la conformidad, si procede, y efectuado el correspondiente abono. “*

Tamén o artigo 198 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público prevé que:

*“4. La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de aprobación de las certificaciones de obra o de los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados, sin perjuicio de lo establecido en el apartado 4 del artículo 210, y si se demorase, deberá abonar al contratista, a partir del cumplimiento de dicho plazo de treinta días los intereses de demora y la indemnización por los costes de cobro en los términos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones*



comerciales. Para que haya lugar al inicio del cómputo de plazo para el devengo de intereses, el contratista deberá haber cumplido la obligación de presentar la factura ante el registro administrativo correspondiente en los términos establecidos en la normativa vigente sobre factura electrónica, en tiempo y forma, en el plazo de treinta días desde la fecha de entrega efectiva de las mercancías o la prestación del servicio.

Sin perjuicio de lo establecido en el apartado 4 del artículo 210 y en el apartado 1 del artículo 243, la Administración deberá aprobar las certificaciones de obra o los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados dentro de los treinta días siguientes a la entrega efectiva de los bienes o prestación del servicio.

En todo caso, si el contratista incumpliera el plazo de treinta días para presentar la factura ante el registro administrativo correspondiente en los términos establecidos en la normativa vigente sobre factura electrónica, el devengo de intereses no se iniciará hasta transcurridos treinta días desde la fecha de la correcta presentación de la factura, sin que la Administración haya aprobado la conformidad, si procede, y efectuado el correspondiente abono.”

CUARTO.- Computa para o presente cálculo as facturas comerciais entre as empresas e a Administración (capítulos 2 e 6 da clasificación económica do estado de gastos do orzamento), expedidas dende o 1 de xaneiro de 2014 que consten no rexistro contable de facturas ou sistema equivalente e as certificacións mensuais de obra aprobadas a partir da mesma data.

Quedan excluídas as obrigas de pago contraídas entre entidades que teñan a consideración de Administración Pública no ámbito da contabilidade nacional e as obrigas pagadas con cargo ó Fondo para la Financiación dos pagos a provedores. Asemade, quedan excluídas as propostas de pago que foran obxecto de retención como consecuencia de embargos, mandamentos de execución, procedementos administrativos de compensación ou actos análogos dictados por órganos xudiciais e administrativos.

QUINTO.- Dacordo co disposto no artigo 6.2 da citada norma, as corporacións locais remitirán ao Ministerio de Facenda e AAPP e publicarán periódicamente a información relativa ó seu PMP a provedores referido ó trimestre anterior antes do día trinta de cada mes nos portales web das Entidades Públicas seguindo criterios homoxéneos que permitan garantir a accesibilidade e transparencia das mesmas, para o que o Ministerio de Facenda facilitou un modelo tipo de publicación a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locales.

SEXTO.- En aplicación da metodoloxía de cálculo establecida no art. 5 do citado Real Decreto sobre os datos contidos a día de hoxe, no aplicativo contable Sicalwin e referidos ó periodo do encabezamento, e considerando a necesidade de incluír asemade os datos das entidades dependentes do Concello de Narón, esto é, o Padroado de Cultura, esta Tesourería informa que resultan os seguintes ratios:

						En días
Código de Entidad	Entidad	Ratio de Operaciones Pagadas (Días)	Importe Pagos realizados (euros)	Ratio de Operaciones Pendientes (Días)	Importe Pagos Pendientes (Días)	Periodo Medio de Pago (Días)
11-15-054-AV-001	P. Cultura	0,11	540.941,44	0	0	0,11

O cal se informa ós efectos do seu envío telemático pola Intervención municipal a través da OVEL do portal do Ministerio de Facenda, plataforma autoriza, mediante sinatura electrónica, ós efectos de dar cumprimento ó disposto no artigo 6 do RD 635/2014, de 25 de xullo.



E/COSMA

## INFORME MOROSIDAD SEGUNDO TRIMESTRE DE 2024

Pagos realizados en el trimestre	Periodo medio pago (PMP) (días)		Pagos realizados en el trimestre			
			Dentro periodo legal pago		Fuera periodo legal pago	
			Número de pagos	Importe total	Número de pagos	Importe total
Aprovisionamiento y otros gastos de explotación	0,00		0	0,00	0	0,00
Adquisiciones de inmovilizado material e intangible	0,00		0	0,00	0	0,00
Sin disgregar	66,50		193	348.041,20	21	177.262,09
<b>Total</b>	<b>66,50</b>		<b>193</b>	<b>348.041,20</b>	<b>21</b>	<b>177.262,09</b>

Facturas o documentos justificativos pendientes de pago a final del trimestre	Periodo medio del pendiente pago (PMPP) (días)		Pendientes pago al final del trimestre			
			Dentro periodo legal pago al final del trimestre		Fuera periodo legal pago al final del trimestre	
			Número de operaciones	Importe total	Número de operaciones	Importe total
Aprovisionamiento y otros gastos de explotación	0,00		0	0,00	0	0,00
Adquisiciones de inmovilizado material e intangible	0,00		0	0,00	0	0,00
Sin disgregar	42,69		54	193.473,39	7	62.477,82
<b>Total</b>	<b>42,69</b>		<b>54</b>	<b>193.473,39</b>	<b>7</b>	<b>62.477,82</b>

O Concello Pleno deuse por enterado.

**10 .- MOCIÓN DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO PARTIDO POPULAR E DO PSdeG-PSOE SOBRE PROPOSTA DE IMPLEMENTACIÓN DUN PLAN DE SEGURIDADE PARA EVENTOS PATROCINADOS POLO CONCELLO DE NARÓN..** -Lida pola

secretaría substituída a moción que di así:

“O Grupo Municipal do Partido Popular de Narón e o Grupo Municipal do PSdG-PSOE de Narón, ó abeiro do artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa elevar ó Pleno Municipal para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte Moción:

**PROPOSTA DE IMPLEMENTACIÓN DUN PLAN DE SEGURIDADE PARA EVENTOS PATROCINADOS POLO CONCELLO DE NARÓN****EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Os concellos, como administración máis próxima á cidadanía, deberían ser os encargados de ofrecer unha colaboración máis especializada nos eventos organizados por colectivos particulares, como poden ser asociacións de veciños, comisións de festas e mesmo a aquelas asociacións que organicen eventos de carácter benéfico ou solidario.

Hoxe en día, a organización de calquera tipo de evento supón unha enorme complicación para os diferentes colectivos organizadores, os xa indicados e aqueles que se poden constituír para a organización de actos concretos: festas patronais, sardiñadas polo San Xoan ou San Pedro, os carnavais, o Nadal, etc.

Os trámites administrativos que se lles esixen aos organizadores son tantos e tan variados que moitas veces vense obrigados a contratar o servizo a profesionais por non seren quen de cumprir con todos os requisitos. É un problema que afecta a todas as administracións, tamén á local e, na nosa opinión, sendo esta a máis próxima a estas persoas organizadoras, debería contar cun servizo específico de atención personalizada, de xeito que os voluntarios que queren levar adiante calquera actividade de interese xeral da veciñanza poida facelo dun xeito máis sinxelo e contando cunha orientación especializada.

Un dos elementos máis necesarios en certas actividades é a elaboración dos plans de prevención e seguridade. Se se ten en conta que o Concello dispón dun técnico en Prevención de Riscos Laborais, cremos que podería colaborar na elaboración deste documento con estas persoas e entidades de xeito que se garanta unha adecuada organización.

Entendemos que se pode abordar de diferentes xeitos aínda que consideramos que a mellor e máis práctica para regular e poder aprobala o máis axiña posible sería a fórmula do patrocinio, aínda que se deben estudar outras fórmulas de colaboración para que este servizo se implante de xeito gratuíto para as organizacións e colectivos indicados neste texto.

Por estas razóns, e facendo un chamamento a todos os representantes públicos desta Corporación e ao seu sentido do deber e da responsabilidade, o Grupo Municipal Popular insta o Pleno da Corporación, a adopción do seguinte:

**ACORDO**

Instar ao Concello de Narón a tramitar dende o departamento de Prevención, os plans de prevención e seguridade das festas populares, patronais, eventos tradicionais como as sardiñadas de San Xoan e San Pedro, festas tradicionais como carnaval ou Nadal ou eventos de carácter benéfico ou solidario organizados por asociacións sen ánimo de lucro.

E visto o ditame DESFAVORABLE por maioría, con 5 votos en contra de TEGA, 4 votos a favor (3 PP, 1 PSdeG-PSOE) e 2 abstencións do BNG da Comisión de Contratación, Persoal e Especial

de Contas de data 18-07-2024, o seu presidente propón ao Concello Pleno a adopción do ditame neses mesmos termos.

**EMENDA DE ENGÁDESA PRESENTADA POLO BNG:**

A engádega sería un novo punto:

2. Instar ao concello de Narón a reunirse coas comisións de festas para buscar as vías de colaboración mellores e acordadas entre as partes que entre outras recolla o punto un da moción.

É aceptada esta emenda co que queda engadido este punto aos acordos da moción.

**INCIDENCIA** : Sae a Sra.interventora ás 10:20 horas.

A emenda presentada polo BNG se acepta.

**DEBATE**

-Sr.Romero Franco: queremos tamén facer unha emenda. Se o punto da emenda é substitutivo do primeiro si que estaríamos dispostos. Solicitamos a substitución do primeiro punto polo segundo.

-Sr.Ulla Rocha: no, non se acepta.

-Sra. alcaldesa: entón quedaría como punto número 1 o que viña e como punto número 2 a emenda do BNG.

-Sr.Castrillón Permuy: esta moción proposta polo Partido Popular e o Partido Socialista para a implementación dun plan de seguridade para os eventos patrocinados polo concello de Narón.

Presentamos esta moción dado que consideramos que dende o concello se poden facer, buscar fórmulas para colaborar coas comisións de festas, asociacións sin ánimo de lucro e que non supoñan un custo económico para as contas municipais.

Os concellos, como administración máis próxima á cidadanía, deberían ser os encargados de ofrecer unha colaboración máis especializada nos eventos organizados por colectivos particulares, como poden ser asociacións de veciños, comisións de festas e mesmo aquelas asociacións que organicen eventos de carácter benéfico ou solidario.

Hoxe en día, a organización de calquera tipo de evento supón unha enorme complicación para os diferentes colectivos organizadores, os xa indicados e aqueles que se poden constituír para a organización de actos concretos: festas patronais, sardiñadas, os carnavais, o Nadal, etc.

Os trámites administrativos que se lles esixen aos organizadores son tantos e tan variados que moitas veces vense obrigados a contratar un servizo a profesionais por non seren quen de cumprir con todos os requisitos. É un problema que afecta a todas as administracións, tamén á local e, na nosa opinión, sendo esta a máis próxima a estas persoas organizadoras, debería contar cun servizo específico de atención personalizada, de xeito que os voluntarios que queren levar adiante calquera actividade de interese xeral da veciñanza poida facelo dun xeito máis sinxelo e contando cunha orientación especializada.

Un dos elementos máis necesarios en certas actividades é a elaboración dos plans de prevención e seguridade. Se se ten en conta que o Concello dispón dun técnico en Prevención de Riscos Laborais, cremos que podería colaborar na elaboración deste documento con estas persoas e entidades de xeito que se garanta unha adecuada organización.

Entendemos que se pode abordar de diferentes xeitos aínda que consideramos que a mellor e máis práctica para regular e poder aprobala o máis axiña posible, sería a fórmula do patrocinio, aínda

que se deben estudar outras fórmulas de colaboración para que este servizo se implante de xeito gratuíto para as organizacións e colectivos indicados neste texto.

Por estas razóns, e facendo un chamamento a todos os representantes públicos desta Corporación e ao seu sentido do deber e da responsabilidade, o Grupo Municipal Popular insta o Pleno da Corporación, a adopción dos acordos aos que deu lectura a Sra.secretaria. Nada máis e moitas grazas.

-Sr.Ulla Rocha: por non decir o xa dito polo Partido Popular e por non ser reiterativo sí que facer mención a ese punto, esa emenda que introduce o BNG, precisamente é aceptada porque o que se pretende tamén é que se fale coa comisión de festas e se negocie e se consensúe coa comisión de festas todos os aspectos que conlevan a celebración dos eventos como son as festas patronais, uns eventos que levan un ano de traballo, que levan moitísima responsabilidade para xente que moitas veces non ten nin a titulación, nin a formación necesaria para cumprir os requirimentos e os requisitos legais tales como os da prevención de riscos e sobre todo, que se fale e se consensúe con eles tanto o tipo de mobilidade, os desprazamentos e incluso os horarios de apertura da celebración dos eventos. Que se fale e que se negocie con eles porque moitas veces o que hai que ter claro é que as comisións de festas polo xeral en Narón, temos a sorte de que temos grandes orquestras que levan uns custos moi elevados e as comisións de festas levan traballando todo o ano para poder traer esas grandes orquestras para que despois, vostede Sra.alcaldesa, poida mandar unha carta a todos os veciños do Val felicitándoos. Pois hai que valorar ese traballo e valorando ese traballo hai que tamén sentarse con eles, consensuar con eles tanto a mobilidade como horarios, Sra.alcaldesa.

-Sr.Carballeira López: ben, nós agradecemos que se aceptara a nosa emenda porque bueno, queremos resaltar a importancia de buscar estas colaboracións coas comisións de festas e o digo eu, que pertencín 5 ou 6 veces a algunha no. Pero si que é moi importante o de chegar a un consenso porque bueno, reunidos algunhas delas aparte de todas ás que puiden pertencer eu, poñíase de manifesto cando falabamos sobre esto, doutras necesidades no, igual que esta mesma, que tamén se poñía de manifesto, se presentaban outras alternativas e sabemos que nalgún concello veciño gobernado polo BNG, as comisións preferiron outra opción como que elas mesmas eran responsables da seguridade aínda que si o concello se está facendo cargo dos custos. Bueno, nas comisións de festas é certo que, bueno, aquí temos algunhas que fan unhas festas moi potentes cun gran orzamento e outras máis pequenas que non significa que lles custe menos, ao contrario, que gran parte dese orzamento se nos está indo nestes plans de prevención, no.

Por eso gustaríanos moitísimo que se puidera dar cabida a esta demanda, igual ca outras das que falaban como por exemplo, pode ser a colaboración de Protección Civil nalgúns dos eventos ou a Policía Local.

Bueno, poñemos énfasis sobre todo nas comisións de festas porque aí si que vemos esta demanda e nas asociacións, en realidade nas asociacións veciñais, e parece que está bastante cuberto este tema. Si que é certo e é curioso que hai uns meses nós puxemos unha emenda nunha moción porque se propoñía retirar esta colaboración sobre algunhas festas como pode ser a festa do lisco de Doso, ou o magosto en Xuvia e é curioso que nesa ocasión o PP se puxo do lado de quen quería retirar esta colaboración e que hoxe veñen presentando esta moción, no.

Nós como BNG agora a votamos a favor, igual que intentamos que non sucedese eso e é o bo en vez de intentar facer unhas florituras e uns espectáculos estar traballando polos veciños todos os días. Entón bueno, moitas grazas por aceptar esta emenda e ogallá se poida levar a cabo esto. Nada máis.

-Sr.Romero Franco: ben. Queremos aclarar primeiro o noso motivo de por que a nosa emenda de substitución de puntos, unha porque loxicamente non podemos estar de acordo co primeiro punto por varios motivos que pasarei a explicar. Entón entendíamos que o lóxico era facer esas reunións da comisión simplemente para ver as posibilidades de mellora na colaboración que xa se está facendo con todas elas e con todas as comisións, pero non podemos estar de acordo nesa valoración de plans por varios motivos. Aquí se fala moitas veces da legalidade pois hai un dos artigos da lei que regula o procedemento administrativo de actividades que é a lei de emprendemento que no seu artigo 40.2 e 42.3 di: “*os costes dos informes, certificación e actas de verificación o control de funcionamento e de revisión correrá a cargo dos/as solicitantes*”. Que neste caso son as comisións de festas.

Bueno, aquí non hai problema de saltarse determinados artigos desta lei e facelo desta maneira. De todas formas, o propio técnico deste concello, loxicamente, se reúne varias veces coas diferentes comisións para ver se é necesario facer calquera tipo de medida tanto coa Policía como si é necesario Protección Civil e se fai unha revisión de toda a documentación que teñen que presentar obrigatoriamente para levar a cabo esas festas tanto das empresas que veñen a montar os seus espectáculos dentro da mesma, se verifica que esté todo correcto antes da posta en marcha desa festa o técnico se presenta no lugar e verifica que todo esté correcto e ao mesmo tempo, se chegaría a unha incompatibilidade que o propio técnico faga o plan e que el mesmo se verifique se o que está no plan é correcto ou non é correcto. É unha incompatibilidade total; loxicamente ten que haber un plan feito por unha terceira persoa e el verificar que o que pon o plan se cumpre desa maneira. Por eso estamos de acordo en que se fagan esas reunións, se dalgunha forma se pode mellorar esa situación pero loxicamente non podemos estar de acordo desa situación. A maiores que loxicamente o traballador que se fala en cuestión ten definido na RPT as súas funcións, que loxicamente a súa carga de traballo creo que é bastante notoria, se pode dicir que ten un posto de traballo que está bastante ocupado e que sería de analizar se se podería incrementar determinadas funcións, entrín outras é atender actividades de prevención en eventos fóra do seu horario habitual, colaborar co servizo de emerxencia nas materias en común, asesorar en materia de prevención de eventos no Padroado de Cultura, e xunto con isto o resto de funcións teñen carácter exclusivamente de prevención de riscos laborais relativos ao persoal municipal, que nesta casa en particular, estamos falando de entre 200 e 250 traballadores.

Creo que a labor desta persoa en particular, creo que está máis que xustificada como para incrementarlle aínda máis as súas funcións. Nada máis. Moitas grazas.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.

Bueno, respecto ao último que estivo explicando o Sr.Román, é certo que el pode facer o plan e despois a comisión de festas pois son os que teñen que executar e poñer todas as condicións que el propuxo no plan e el non está vixiando o seu .... Está vixiando o plan pero hai outras persoas responsables que son os que teñen que poñelo a funcionar. Esa é a realidade. Entón cando facía como empresa privada, tamén era responsable el? Porque cobraba daquela non tiña responsabilidade? Oiga, isto é un patrocinio do municipio do concello sen custo económico algún, para que as comisións de festas lles poidan facer dende o concello o Plan de prevención. Paréceme moi ben que se reúnan e que acorden máis cuestións sobre deso. Neso estamos de acordo pero nós non modificamos o punto un porque consideramos que as cousas hai que facelas e non hai que facelas en temas partidistas, hai que facelas para todos igual. Para todos igual, sexa unha festa máis importante ou sexa unha festa menos importante. Todas son importantes, para cada parroquia e para cada barrio a súa festa é a máis importante. E quen di unha festa di calquera evento que se

poida organizar en tema solidario. Ben entendido, en tema solidario. E referente ao que di que ten moito traballo, pois na RPT non se recolle este tema, vostede sabe que se trae o modificado da RPT nese punto se lle vai aprobar porque entendemos que si é certo que están facendo todos os plans ás asociacións e eso, non serían tantos máis os que habería que facer; cantos supoñen ao ano? 10 máis, 12? Eso é tanto? Non creo que eso sexa o problema. Outra cousa é que vostedes queiran facelo. Como moitas outras cousas que se acordan neste pleno, que se acordaron neste pleno, que se aprobaron que vostedes non están levando a cabo, que tamén teremos que controlar e vixiar para que as leven a cabo. E esta é outra parte máis que consideramos que é moi necesario, que hai que ter unha colaboración próxima e cercana a todas estas persoas voluntarias que se vinculan para organizar determinadas festas, patronais especialmente, pois creo que o concello como a administración máis próxima debe de estar da má con eles e axudarlles. Esa é a proposta. Simplemente é sinxela.

E agradecemos que bueno, a ampliación do punto 2, dende o BNG que sexa un pouco para sumarse e intentar sacalo adiante.

E referente ao que falaba antes Geno sobre o que pasou naquela moción que se presentou, nós entendemos que había que facelo con todas as asociacións, non cunhas cuantas si e con outras no. Esa é a realidade. ...e non teño ganas de entrar en polémica simplemente temos ganas de traer puntos a este pleno que sexan produtivos e beneficiosos para o conxunto dos cidadáns de Narón. Esa é a realidade. Por eso facemos propostas deste tipo porque consideramos que son moi necesarias e moi importantes, ter unha administración local próxima ao cidadá. Nada máis e moitas grazas.

-Sr.Ulla Rocha: eu neste punto si que me gustaría que o enfocáramos no sentido da moción. O sentido da moción é aliviar a carga de traballo que teñen as comisións de festas, e sobre todo os sobrecustos que se lles fan costa arriba, valga a redundancia, na elaboración dunhas festas para que toda a veciñanza de Narón poidamos disfrutar delas.

Eu non quero personalizar esta moción en ninguén. E menos nun funcionario. Eres plenamente consciente do que estamos tratando na comisión de persoal; eres plenamente consciente cando estás falando de que ten bastante carga de traballo e que é notoria e que está bastante ocupado .... A ver parece que nos estás faltando ao respecto a esta Corporación. E sabelo. Sabes perfectamente que o funcionario en cuestión do que ti estás falando ten aberto un expediente informativo precisamente por incompatibilidade coa súa empresa privada; entón na RPT habería que mirar se tamén ten tempo para traballar na súa empresa privada. É máis, se queres incluso te invito a que fagas unha búsqueda en Google e que mires o horario de apertura da súa empresa a ver si coincide co horario que ten aquí da súa xornada laboral. Mire do que se fala e o que estamos tratando é de mellorar a vida das persoas. A min gustaría saber se a RPT da que ti estás falando agora, por centrar o debate no tema neutral, esa RPT foi modificada á que tiña a anterior técnica de prevención no sentido de que se lle foron incrementando as funcións; porque igual a este técnico se lle incrementaron funcións cando o anterior técnico non tiña. Igual este técnico está facendo cuestións que non ten que facer. Igual casi un 40% das súas funcións están destinadas a un servizo, por exemplo o SPEIS onde non ten que pintar nada. Porque ti o expresaches moi ben, ten que facer o de técnico de prevención de riscos, deste concello, do persoal. E valorar neste caso, os informes que se fan. Cando ti falas de conflito de intereses, pois me deixas sorprendido. Me deixas sorprendido do conflito de intereses porque claro, o que non pode ser é que o técnico emita un informe respecto a un expediente que xa fixo previamente. Me deixa sorprendido por buscar unha palabra. Sabes perfectamente que o expediente que ten aberto este funcionario, entre unha das cuestións, é o seu conflito de intereses. En que o expediente que aprobou, que aprobou,

aparecía o nome da súa empresa ata en 4 ocasións. Entonces eso que lle chamamos? Imos a ser serios con este tema. Este tema, de verdade, creo que vai acabar mal, vai acabar moi mal e sobre todo, vai acabar mal e xa lle digo aquí a vostede, Sra.alcaldesa, vai acabar mal porque se lle puxo de manifesto xa dende hai máis de 6 meses que se está percibindo uns emolumentos que non tiña dereito a percibir, estamos falando de diñeiro público e do que vostede é garante e responsable de que eso non se faga. E o que non pode ser é que teña que vir este concelleiro a decir o que ten que facer vostede, que é intervir esa nómina. E que o carto público quede nas arcas públicas e se destine e despois non chore vostede decindo que “é que non nos dan os cartos” e que ao final tiña que subir os impostos, pretender subir os impostos. Eso é o que non pode facer, sei que este asunto lles molesta, sei que lles molesta, non lles debía molestar, non lles debería molestar porque mire, precisamente onte descarrilou un trenecito nas festas da Gándara. Estamos falando de cousas serias.

Estamos falando de que aquí non se pode xogar coa integridade das persoas. E que os informes teñen que ir polo libro. Estamos nunha comarca onde por moito que lle pareza, a previsión de riscos é un tema moi importante. Entonces o que non pode ser é que nos tomemos estas cousas a cachondeo. Fagan as cousas ben, é o único que lle pido. E fagan as cousas con responsabilidade. É o único que pedín desde calquera momento, que faganas cousas como as teñan que facer, e fágannas porque teñen elementos materiais de sobra para facelos.

-Sr.Carballeira López: primeiro contestarlle a Germán que nos decía agora sobre a explicación da moción que meteu o BNG para non retirar axudas a estas asociacións, que el pretendía que fóra para todas as asociacións. O caso é que había unhas festas que se estaban facendo e que se lles retirou a colaboración, unha colaboración que se está pedindo agora. O PP ata nos chegou a pedir que retiráramos esa moción pero bueno, a todas as opcións, en realidade eran 4 festas que afectaban a 4 parroquias que eran o magosto do Val, o entroido de Xuvia, os callos de San Mateo e a festa do lisco de Doso.

E non sei porque si que lle diron nese momento que a estas asociacións había que retirarlle a axuda que agora se pide; bueno, non sei se nunhas festas que están facendo, se ao final imos a estar penando as asociacións que traballan. Pero bueno, nada, non entendo.

De todas maneiras nestes xogos que se dan aquí porque bueno, esto en realidade está claro que foi máis por fastidiar ao Bloque Nacionalista Galego que por outra cousa. Foi unha cagada nese momento.

Pero agora seguimos con este xogo onde Terra Galega ve todo imposible, o PP ve todo moi fácil e o PSOE ve todo moi escuro. Pero o BNG o que queremos é que se poida levar a cabo esto e é certo que, bueno, entendemos que poida haber dúbidas legais que nin todo é imposible nin todo é tan fácil, precisamente na nosa emenda estamos dando cabida a que esto se solucione doutra maneira. Xa digo.. hai concellos, digo Fene que é un concello que non é tan pequeno e está aquí ao lado. En Fene, se está prestando este servizos ás comisións de festas e se está facendo doutra maneira. A comisión de festas é quen sigue sendo responsable e o concello é quen se está facendo cargo dos custos.

É sinxelo, nos reunimos, buscamos a mellor maneira e esto se leva a cabo, e o resto pois son uns xogos políticos que non axudan nada á veciñanza.

-Sr.Romero Franco: ben, parece... non sei como definilo, triste, penoso, dunha irresponsabilidade total traer aquí a un pleno un problema persoal dun funcionario cunha parte política, dar traslado aquí a un pleno e facer determinadas afirmacións como se chegaron a facer neste pleno. Paréceme dunha irresponsabilidade total. Que loxicamente non imos a entrar nese tema loxicamente persoal.

Volvo a decir o mesmo, cousas que se poidan facer neste concello por beneficio da poboación é moitísima pero non podemos ser populistas. Loxicamente creo que a labor e a colaboración que se fai coas comisións, creo que é grande e amplia e sí é moi fácil decir polo ben das festas, polo ben da cidadanía, hai moitísimas cousas que se podían facer pero loxicamente os orzamentos dun concello son os que son, estamos limitados loxicamente e loxicamente temos que facer o máximo e utilizar os recursos da forma optima posible. Loxicamente e tamén por aclarar 2 temas, non é unha opinión persoal pero se ese traballador ten as tarefas xa suficientes ou non, se non que hai un informe de Persoal que así o acredita.

E por aclarar tamén outro punto que se dixo na intervención acerca dos horarios. Hai unha Lei de espectáculos públicos que regula os horarios, cada unha destas festas. Non somos nosoutros os que podemos negociar se se pode abrir ou se pode pechar a unha hora ou a outra. E nada máis. Moitas grazas.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.

Para rematar, creo que esta moción ven desfavorable, polo tanto, para que todos sexamos conscientes, falaba vostede Sr.Román dos orzamentos, creo que aquí estamos facendo algo para que non teñamos que tocar os orzamentos ... somos conscientes de que hai que axustar e de que hai que regular ben todas estas cousas pero bueno, vostedes debían de ser os primeiros que o debían facer, no.

Polo tanto, agradecemos que reconsideren a postura do equipo de goberno e que voten que saia adiante tamén esta moción porque creo que é beneficioso en todo o conxunto de Narón de todas as festas que se poidan facer e das actividades que se recollen nesta moción. Nada máis e moitas grazas.

-Sr.Ulla Rocha: non vou a entrar nese debate Román. Sabes perfectamente que eu estou aquí para a defensa de todos os veciños e veciñas de Narón e sabes perfectamente que non é unha cuestión persoal. Pero mira, gustaríame ter ese informe de persoal onde dis que se acredita que está sobrecargado de tarefas porque igual estamos facendo mal a función en concreto desde Persoal e habrá que eliminar tarefas precisamente para que poida traballar con holgura. Igual o estamos facendo mal. E sobre todo, mira, eu aquí non veño a facer populismo, aquí veño a defender aos veciños de Narón. Gustaríame que fixeramos todos o mesmo.

-Sra.alcaldesa: Realmente é moi triste que se traslade neste caso pois unhas rencillas persoais que vostede ten neste caso e que puxo de manifesto en varias ocasións, na comisión porque así consta na acta, é dicir a outros temas. O que estamos a tratar aquí é ... e o recoñecía Geno moi ben, é dicir, cando se goberna hai que priorizar. Os recursos non son ilimitados, eh, é dicir, e cando vostedes din “ é que hai que facer esto” hai que facer o outro, claro que nos gustaría , pagar ao técnico de prevención e que lles fixera, no, pagar a Paris de Noya directamente, é dicir, perfecto. Que as festas, e non cuestiono de verdade, que os que formamos parte deste grupo sabemos o que é realizar...formar parte dunha comisión de festas. Hai algún que o fixo durante 18 anos. É dicir, sabemos o que custa, poñemos en valor o esforzo do que fan, o decimos, pero os recursos que ten o concello son limitados. Entón o que tratábamos era de ordenar cando o facíamos, deixar unha festa por parroquia, é así. E dicir, que todos teñan máis ou menos o mesmo. Non unha 3, outra 2, outra 1. Esa era unha prioridade.

Claro, agora mesmo, pagar o Plan de prevención, pagar non sei que máis, cando falan, e que esto vostedes non lles consta. A Policía Local, claro, cando hai unha festa a Policía Local vai, evidentemente que ten que ir, son horas extras tamén eh, porque non temos dimensionado a

principios de ano ....claro vostede se ríe, claro non temos dimensionado, non sabemos cantas festas vai haber. Depende do número de festas que vai haber. Eso tamén implica, é dicir, as limpezas desas zonas. Colaboración por parte do concello, toda. Comisión de festas reúnese coa concelleira de festas, temas de horarios falamos, se se pode ampliar dentro dos horarios establecidos. A nós que máis nos dá dentro do que permite a lei? Que empece as 8, as 7, as 6, o que queiran, é dicir, a la carta. Esas xestións existen pero non estamos a falar deso. Pero non estamos a falar deso. Por eso o decíamos, poder falar con elas o que presentaba que en lugar de engadida que sexa de substitución o presentado polo BNG? Claro que sí, falar sen problema. Claro, o que se está a pedir é que se lles pague cada vez máis. De onde sacamos eses recursos? E agora mesmo, esa persoa está dimensionada ou no? O informe de Persoal evidentemente que llo trasladamos como todo o resto.

Claro, temos que meter outro técnico para facer o que agora mesmo xa está sobrepasado de traballo, máis todo eso que se lle está pedindo. Eso tamén son cartos. É dicir, non cae do ceo. Entón, ese populismo que pode dicir cando está na oposición a todo que si, que todo é mellorable, claro que sí, pero o que hai é que priorizar. E entendemos, e que non quero que saian de aquí decindo “ai, que non valoran o traballo das comisións de festas”, sí dende o minuto un. Un ano traballando para que neste caso a súa parroquia disfrute duns días. Valorámolo, o que non temos é recursos infinitos para poder neste caso pagar absolutamente todo. E é o que facemos, e o que decía neste caso, o portavoz de Terra Galega, é dicir, a maiores, ten unha posible incompatibilidade, é dicir, por que? Porque cremos que non ten que ser neste caso quen supervise a mesma persoa que faga eses plans de evacuación.

E como decía Geno, e me quedo con eso, que todo é mellorable, que se pode facer e por eso establecíamos esa posibilidade de que se reunise coa comisión de festas para tratar de modular porque como ben di el, non todas tampouco queren que se faga, pola súa responsabilidade, polas súas cousas... entón claro, falemos do que falamos.

Eu de verdade que hai afirmacións que vostede fixo neste Pleno que de verdade que eu creo que de verdade incluso son, non sei se de xulgado pero casi.

Pasamos a votar a moción.

Os acordos a votar quedarían do seguinte xeito:

1. Instar ao Concello de Narón a tramitar dende o departamento de Prevención, os plans de prevención e seguridade das festas populares, patronais, eventos tradicionais como as sardiñadas de San Xoan e San Pedro, festas tradicionais como carnaval ou Nadal ou eventos de carácter benéfico ou solidario organizados por asociacións sen ánimo de lucro.
2. Instar ao Concello de Narón a reunirse coas comisións de festas para buscar as vías de colaboración mellores e acordadas entre as partes que entre outras recolla o punto un da moción.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** O Concello Pleno, por maioría, votou en contra do DITAME DESFAVORABLE da moción transcrita:

**Votos en contra do ditame desfavorable:**

6 PP

3 BNG

2 PSdeG-PSOE

**Abstencións:**

10 TEGA

Queda polo tanto aprobada a moción.

**11 %- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA O REXEITAMENTO DA SUBIDA DO CANON DE SOGAMA E POR UN NOVO MODELO DE XESTIÓN DE RESÍDUOS..**

-Lida pola secretaria substituta a moción que di así: “Dona Olaia Ledo Díaz Portavoz do Grupo Municipal do BNG no concello de Narón, ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate no Pleno da corporación municipal a seguinte **MOCIÓN**:

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O Imposto sobre o depósito de residuos en vertedoiros e a incineración e co-incineración de residuos, artículase como un tributo de carácter indirecto que recae sobre os residuos que se tratan mediante estas operacións de xestión, e xa está vixente en varias Comunidades Autónomas desde hai anos.

Configúrase como imposto estatal aplicable en todo o estado español, estando prevista a cesión do mesmo ás Comunidades Autónomas mediante a adopción dos correspondentes acordos nos marcos institucionais de cooperación en materia de financiamento autonómico establecidos no ordenamento xurídico.

Así mesmo, a cesión da recadación deste imposto, pode permitir ás Comunidades Autónomas, -no exercicio da súa autonomía financeira-, incrementar o financiamento destinado a medidas de mellora da xestión de residuos que reforcen as opcións prioritarias fronte ás menos sostibiles.

A través da Lei 36/2022, do 27 de decembro, pola que se modificou a Lei do Réxime de Cesión de Tributos do Estado a Galiza, materializouse a cesión do referido Imposto sobre o depósito de residuos en vertedoiros, a incineración e a co-incineración de residuos. Como consecuencia, na Galiza tense previsto ingresar en 2024 a cantidade de 12.150.039 de euros.

Conforme ao establecido no punto 1 do artigo 59 da Lei 9/2023, do 28 de decembro, de Orzamentos Xerais Galegos para o ano 2024, a porcentaxe de participación do Fondo de Cooperación Local na recadación líquida dos capítulos I, II e III do orzamento de ingresos da administración xeral, quedou establecida no 2,3200880% para o exercicio de 2024, sumando un total de 152.278.957 de euros.

A Comunidade Autónoma de Galiza detraeu desta participación dos concellos galegos, entre outros, 12,1 millóns de euros para a creación do Fondo Ambiental, que supostamente é a achega que realiza a Xunta de Galicia para minorar o canon por incineración e vertedoiro. **Mais a**

**realidade é que esta achega é realizada polos propios concellos ao ser detraída do seu sistema de financiamento.**

Este ano produciuse unha situación excepcional, derivada de que a Consellería de Medio Ambiente non determinou nos orzamentos 2024 o prezo por Tonelada a aboar polas entidades locais, e non publicou a resolución anual pola que se aproba a proposta de revisión do canon unitario que percibirá SOGAMA pola xestión de residuos domésticos ou urbanos no ano 2024. Agora, xa máis de mediado o ano 2024, SOGAMA propón fixar un canon medio de 78 euros por tonelada (68,05 euros de xaneiro a xuño e 88,05 euros de xullo a decembro).

SOGAMA, a través dun escrito remitido á Fegamp, e nunha información elevada a todos os concellos, anunciou que a Xunta de Galiza achegará 9 millóns de euros a través do Fondo de Cooperación Local adicional, co fin de minimizar o impacto da medida sobre as entidades locais, polo que o canon final sería de 66€/Tonelada de media anual.

A Fegamp, como entidade asociativa máis representativa das entidades locais, formulou alegacións manifestando a súa oposición á suba do canon.

Resulta paradoxal que, sendo o Goberno do PP no seu día o que preveu, coa creación de SOGAMA, unha xerarquización nas opcións de tratamento dos residuos, que preferiu optar pola incineración con recuperación de enerxía e non incluíndo o tratamento da compostaxe (que se considerou coma unha forma de valoración alternativa a pesar da oposición de moitas entidades locais), sexa agora o que se beneficie dos ingresos do imposto que penaliza esta opción.

O modelo de Sogama é obsoleto, centralizado e antiecolóxico, como demostra o feito de que Galiza se sitúe á cola en reciclaxe, lonxe aínda dos criterios que marca Europa, pois a porcentaxe de reciclaxe en Sogama no 2020 foi do 21%, cando a UE marcaba case o 50%. Somos a segunda peor comunidade do Estado en cifras de reciclaxe, xa que o propio plan da Xunta prorrogado até 2022, establecía a necesidade de tratar mediante compostaxe 245.000 toneladas cando a cifra oficial de 2022 apunta a que só se chegou ás 3.000.

Para evitar esas perniciosas consecuencias para o Concello, O Grupo Municipal do BNG propón ao resto da corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

**1. Instar á Xunta de Galiza a:**

- a) O reparto entre todos os concellos galegos dos 12.100.000 de euros do Fondo Adicional. Utilizando como criterio de reparto o do número de toneladas depositadas por cada concello. Pois trátase de diñeiro que pertence ás entidades locais ao seren detraída do FCL.

- b) A achega total da cantidade recadada en concepto de imposto sobre o depósito de residuos en vertedoiros, a incineración e a co-incineración de residuos, pola que se orzamentaron inicialmente 12.150.039 de euros, para implementar bonificacións no Canon dos concellos, e así, deste xeito, cumprir os obxectivos marcados coa creación deste tributo.
- c) A creación dunha comisión de traballo entre SOGAMA, as consellerías de Medio Ambiente e Facenda e a FEGAMP, para determinar as condicións do Canon para o ano 2025 -antes da aprobación do Proxecto de Orzamentos da Comunidade Autónoma para ese ano – e debater sobre o cambio de modelo de xestión de residuos en Galiza, incluíndo o debate sobre a fórmula que permita a cada concello, con independencia da súa dimensión, acceder á redución do canon aínda que non incorpore o quinto con lector, e valorando para a aplicación desa redución o compromiso de cada concello na aplicación da compostaxe individual ou comunitaria, ou financiando modelos de xestión alternativos nos que se debe primar o tratamento de proximidade dos biorresiduos, con sistemas de compostaxe domiciliaria e comunitaria.

Narón, 15 de xullo de 2024

Asdo. Olaia Ledo Díaz

E visto o ditame favorable por maioría, con 4 votos a favor ( 2 TEGA, 1 BNG, 1 PSdeG-PSOE) e 1 abstención do PP da Xunta de Portavoces de data 19-07-2024, a súa presidenta propón ao Concello Pleno a adopción do ditame neses mesmos termos.

### **DEBATE**

-Sra.Ledo Díaz: si, nada, moi bo día de novo e traemos esta moción porque nos van a facer un sablazo do recibo do lixo grazas a xestión do Partido Popular e creo que dende o Concello debemos de opoñernos como xa fixo a FEGAMP coas súas alegacións e que non quixeron ter en conta e ademais a proposta da suba do canon de SOGAMA considerámola arbitraria, contradictoria e de dubidosa legalidade.

Arbitraria porque afecta a 118 concellos. Contradictoria porque afecta a concellos que se lles estaba bonificando pola separación do lixo un 15% dos residuos, e de dubidosa legalidade porque nin sequera aparece nos orzamentos de 2024, e non sabemos como se vai recoller nos orzamentos da Xunta 2025. Cremos que aquí o Partido Popular ten que dar moitas explicacións. Entre outras cousas porque o modelo de Sogama que tantas veces decimos dende o Bloque Nacionalista Galego que non vale só se consegue reciclar o 20% dos residuos cando xa a Unión Europea reclama o 50%. Que pasa? Que estamos falando dunha empresa que ten máis de 20 millóns de euros agora en saco roto por todas as medidas que tomaron. Unha empresa que está conformada pola Xunta e por Naturgy de novo as portas xiratorias das que se benefician os amigos do Partido Popular e o propio Partido Popular por tanto, xa que falamos tanto de sentenza xudicial, ese partido que por sentenza xudicial declarouse corrupto ten moitas cousas que mirar. A este respecto e porque ademais no Bloque Nacionalista Galego queremos un modelo e prevención, separación, reutilización e reciclaxe. Témolos pedido durante estes anos, aquí temos pedido que se abra a má a que se mancomune certos servizos como pediron concellos por certo, o Bloque Nacionalista Galego hai anos porque sabemos que por moito que separemos o lixo en Narón vai a ir a incineración de Sogama. E ademais agora non se beneficia de certos pagos que tiña con

anterioridade porque a parte di que lle vai dar 9 millóns de fondo de compensación á Xunta de Galicia para que esa suba non sexa tan enorme como vai ser cando en realidade utiliza un fondo de compensación de 12 millóns de euros, que realmente lle pertencen aos concellos e á Xunta de Galicia quen a xestiona en vez de darlle aos concellos que si agradecerían ese servizo.

Parécenos preocupante porque ademais hai outros modelos de xestións como o que iniciou a Deputación de Pontevedra no seu momento, baixo o mandato do Bloque Nacionalista Galego e que se sumaron moitísimos concellos precisamente para esa prevención porque temos modelos, como o de Allarid con compostaxes comunitarios de varias familias, sabemos que a compostaxe individual está funcionando, sabemos o que está a pasar os que levamos agora o colector marrón en Narón aínda facendo, sabendo que se vai a icinerar a maioría pero sabendo que a única posibilidade que nos permite Sogama e temos un concello que non valorou tampouco outras posibilidades, pero que o propio Allarid ten xa o 60% dos residuos que utiliza en compostaxe para a súa reutilización, ou para o seu reciclaxe na zona urbana. Ou sexa, hai outros modelos, hai outras maneiras de facer e o modelo de Sogama o único que fai é agora ter que pagar un sablazo e ademais anunciando á Xunta de Galicia que vai a ser aínda maior en anos vindeiros.

E cremos que vai sendo hora de que transformemos a realidade a mellor, para eso está a política, para transformar a realidade, non para xestionar o que nos piden e nos reclaman e que nós como Concello de Narón, como ben se leron os argumentos debemos de posicionarnos nos acordos que pedimos aquí e do cal agradecemos que tanto o PSOE como TEGA, na Xunta de Portavoces se posicionaran a favor e que se cré xa unha comisión de traballo entre Sogama, Consellería do Medio Ambiente e Facenda e tamén a Fegamp e que a achega total da cantidade recadada en concepto de imposto sobre o depósito de residuos en vertedoiros tal e como comentaba no inicio, coa icineración que está orzamentado en máis de 12 millóns de euros pola Xunta, simplemente modificacións do canon aos concellos porque os veciños e veciñas non temos que pagar a mala xestión de Sogama e a Xunta de Galicia.

-Sr.Ulla Rocha: grazas Sra.alcaldesa.

Unicamente por aclarar, gustárame despois ao final do pleno se tivera tempo me gustaría que me aclarase se cando se refería a min, o tema das afirmacións que fixen, que eran de vulgado, me gustaría saber....

-Sra.alcaldesa: se quere xa lla digo agora. Referíame as súas afirmacións que dixo con respecto a cuestionando determinadas cousas desa persoa en concreto, creo que non son apropiadas para facelo aquí e menos nesa moción, co que vostede falaba da súa vida privada y neste caso, que Germán tamén falou. Creo que estamos falando de algo serio, dunha moción a tratar e a vida privada das persoas creo que é eso, vida privada, nada máis. Paréceme a min, é unha apreciación miña.

-Sr.Ulla Rocha: Sra.alcaldesa, xa teremos oportunidade de falar, incluso se quere invítoa a tomar un café e falamos deste tema pero xa lle digo, esto non é un tema persoal, esto é un tema público.

-Sra.alcaldesa: cando queira.

-Sr.Ulla Rocha: non é un tema onde hai unha rencilla como vostede dixo. Xa falaremos, que conste que eu non saquei este tema, este tema foi sacado polo seu voceiro. E o seu voceiro foi o que fixo referencia e mención precisamente en defensa, en contra da moción que presentaba o

Partido Popular e o Partido Socialista da sobrecarga de traballo do funcionario en cuestión. Simplemente lle fixen unha observación.

-Sr.alcaldesa: só un segundo. Imos ver, non é o punto agora mesmo. De verdade que cando queira tomamos ese café sen lugar a dúbidas. Calquera información que teña non espere a tomar un café, ten o meu número de teléfono e o que considere que é necesario que eu sepa, fágamo saber. De verdade. Pero creo que son afirmacións fóra de lugar e a maiores, é dicir, estamos falando dunha persoa que ten nome e apelidos, que é un técnico deste concello, que é o que se lle está pedindo que se lle incremente ese traballo e é dicir, e neste caso, hai un informe da xefa de persoal que está aquí ao meu lado, que me corrixa se me equivoco, nos dá traslado da súa ocupación, é dicir, que está sobredimensionado, que ten demasiado traballo, que non lle podemos engadir agora mesmo moitísimo máis, que é probable e ela está aquí, que me corrixa, que é probable que temos que dobrar a praza, sacar outra praza para dar cobertura a todo esto. É o que decíamos. E agora mesmo de verdade ese café cando queira. Sobre o punto o que queira.

-Sr.Ulla Rocha: mire, respecto ao tocante nesta moción, dese punto xa falaremos, ou xa o trataremos na comisión, o Partido Socialista mostrase en contra da suba deste canon porque o que vai facer é subir de 66 euros a tonelada a 78 euros a tonelada.

Os motivos polos que o Partido Socialista se mostra en contra desta suba que ao concello de Narón, lle vai repercutir en 120.000 euros son os seguintes:

Os ingresos de Sogama para o ano 2023 pola venta de enerxía van subir un 81,31% respecto ao ano 2022. Polo tanto, serán de un importe de 99.778. 691 euros.

Como segundo punto, a pesar de que é certo o sobrecusto que supón o pago do novo imposto estatal Sogama prevé seguir obtendo beneficios anuais en torno a 300.000 euros/ano inferiores aos que viña obtendo e estamos falando de que é unha empresa semipública e sen ánimo de lucro e aínda así só vai deixar de ganar 300.000 euros menos ao ano.

Como punto terceiro, este imposto, aínda que poida pensarse que é de creación estatal o único que fai é traspoñer unha directiva europea do ano 2018 que precisamente o que fai é modificar a lei de residuos do ano 2022 para adaptala a esta directiva e graba fórmulas de xestión de residuos que non son recomendables para o medio ambiente.

Estas fórmulas son a icineración e o depósito en vertedoiros que casualmente son as fórmulas que utiliza Sogama.

En concreto Sogama emprega o 60,41% do que se lle envía en icineración, o 21% restante a vertedoiro e un 18% a reciclaxe.

A maiores temos que ter en conta que teñen que cumprir a creación das plantas de proximidade no canto de seguir ampliando Cerceda. Pola contra, isto o que nos supón é que en vez de facer as 11 que estaban previstas únicamente se fixeron 3. A isto hai que engadirlle os sobrecustos dos desprazamentos a través da autopista respecto a Sogama.

Co punto cuarto, se pretende utilizar a maiores o fondo de cooperación local para compensar esta suba prexudicando dobremente aos concellos, polo tanto, que se ven prexudicados coa suba do canon, e a maiores non se lles vai poder facer investimentos nos seus territorios ao non poderse utilizar ese fondo de compensación.

E por último punto, como un punto quinto, no canto de aprobar incentivos e axudas económicas aos concellos para a implantación de contenedores marrón outras formas análogas de xestión de residuos orgánicos o goberno de Galicia, o único que vai facer é castigar aos concellos que levan dende o ano 2019 facendo un esforzo por cumprir as existencias medioambientais que marca a Unión Europea.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa. Bueno, pois sobre este punto en concreto dende o noso grupo, cando vostedes sacaron xa a licitación a recollida de residuos sólidos urbanos xa lles advertimos de que faltaba no proxecto un programa de traballo que concienciara aos usuarios do servizo, da importancia que tiña reciclar para os seus beneficios. E é realidade, agora vemos que imos tarde unha vez máis, esa é a realidade. Si, si, claro que non lles gusta o que lles digo porque dende logo a competencia é de vostedes, do concello. De que se recicle, de que se faga unha recollida selectiva, no. A realidade é que estamos nunha situación complicada. Se nós non estamos a favor de que se suban as tarifas. Pero deixeme que lle explique o que vostedes poden facer e que podían facer xa dende hai uns anos e non fixeron. Recordo perfectamente que propuxeramos realizar un programa piloto en Narón para concienciar ás persoas usuarias deste servizo. Para que quen recicle se beneficie de reciclar, a hora de abonar o recibo que teña unha recompensa por reciclar.

Neste concello dá igual, estamos nun edificio de 10 pisos, que o piso número 1 recicle vai pagar igual que o seguinte. Porque non se está facendo un seguimento e non se está facendo un traballo previo que nós pedimos cando se sacou a contratación para 10 anos, para 10 anos. Esa é a realidade.

Mire, hai formas para facelo, eh. Reducións en orixe, fomentar programas de reducións de residuos como campañas de concienciación en colexios, en comunidades de veciños, esto pode levar a unha diminución dos residuos xerados e que á súa vez reduce o custo de xestión as toneladas enviadas ao centro, por exemplo.

Entonces xa tería que pagar menos toneladas.

Fomento do reciclaxe, implementar incentivos económicos para que os cidadáns e empresas que participen activamente no reciclaxe o que pode diminuír a cantidade de residuos que envían a vertedoiros e incineradora, outro tema que pode facerse dende o concello.

Tarifas segundo a xeración de residuos. Introducir un sistema de tarifas que se basee na cantidade de residuos xerados por cada fogar ou empresa. Isto pode incentivar aos cidadáns e xerar menos residuos e reciclar máis. Algo que se debe buscar na cidadanía para que colaboren.

Reutilización de compostaxe, creo que están facendo unha parte pero creo que hai anos que o podía haber feito xa. E hai axudas para facelo, entonces teñen que implicarse de verdade.

Colaboración co sector privado. Traballar coas empresas da xestión de residuos para innovar en procesos que sexa máis eficientes e menos custosos, o que podería permitir a redución de tarifas sen sacrificar a calidade do servizo; investimento e tecnoloxía que tamén llelo comentamos no seu día e utilización de tecnoloxías avanzadas para a separación de tratamentos de residuos que poden ser máis eficaces e reducir o custo a longo prazo.

E para todo isto vostedes podían optar a subvencións da Unión Europea. Vexo que non se implementou nada e que simplemente se sacou un contrato como había 10 anos para atrás sen pensar no que viña e todos sabíamos que ía a ocorrer isto porque dende a Unión Europea se estaba fomentando xa isto e a lei se aprobou xa no ano 2022 en España. O que pasa é que deron prazo ata abril do ano 2025 .

Nós consideramos que non son momentos de subir ningún tipo de tarifas e somos coñecedores das dificultades que teñen as familias para chegar a final de mes. Pero tamén é certo que faltan iniciativas por parte deste goberno, o que nos leva a esta situación por non ter un proxecto para incentivar ás persoas que reciclan ben. Este goberno vai ao “tra-tra” e esa é a realidade do que está pasando. Temos que anticiparnos, e polo tanto, hai unha lei estatal do ano 2022 que temos que asumir.

E é certo que nós imos a absternos porque non estamos de acordo en que se suban as tarifas, e espero e desexo que esa empresa que van a contratar de asesoramento para facer a ordenanza acerten de pleno porque nós imos a ser esixentes nesa ordenanza. Porque hai moitas formas de conseguir que o cidadán recicle e para eso temos que incentivalos. E creo que dende Narón en ningún momento se fixo nada deso. Nada máis e moitas grazas.

-Sra.Ledo Díaz: si, a ver, pois si estás de acordo con eso o que tes é que votar a favor desta moción Germán, é que non ten outro sentido. Os acordos todos van nesa liña e ademais aquí de verdade eh, de verdade, é que a resposta do Partido Popular do que fala da separación, se hai un modelo que se chama Sogama que está contaminando auga e o que respiramos todos os galegos e galegas que a pegada de carbono é inexistente porque son capaces de traer residuos de Tui para seguir engordando as súas arcas e icinerando ata o 80% porque ten razón nunha cousa Germán Castrillón, neste caso, vostede está decindo que dende a Unión Europeo sabíase no 2020, 21, 22, 23 e 24 por certo, que se tiña que reutilizar o 50% y aquí só existe ese 20%, porque o 80% de Sogama vai a icineración, señores do Partido Popular, vai a icineración e o modelo salvo excepcións porque existe o de Lousame que levan os concellos que sen ser perfecto é moito mellor, existe o traballo da Diputación de Pontevedra para separar os residuos e traballar doutra maneira, existen exemplos, modelos en concellos pero hai outros concellos que teñen que estar na obriga de Sogama; Carballo leva separando residuos moitos anos e eles mesmos din que como vai a Sogama non saben que se fan con eles, si que o sabemos. Queimanse, queimanse e non se fixo outro modelo, outras cousas porque houbo un momento, porque aquí se mira sempre na Xunta de Galicia, de maneira cortoplacista había diñeiro que parecía caído do ceo porque se modificaban as enerxías renovables, Sogama queimando creaba enerxía renovable, aí si, pero a vendía a 122 euros o megawatio, e mentres os veciños e as veciñas coa factura máis cara do estado no seu momento. Mentres Sogama se forraba creando enerxía queimando os nosos residuos e contaminándonos a todos e todas. É verdade que apostamos por outro modelo e por eso nós cando se plantexou este modelo de contrato, de lixo, falamos co goberno, incluso no seu momento o plantexamos por se entrabamos ou no a gobernar porque hai xente que somos coherentes coas cousas e nós non votamos a favor de certas cousas ou pedimos outras. Non é o caso do Partido Popular.

Entonces que me veñan agora con este modelo e non estou culpando a Narón. Porque Narón non ten a culpa, que a culpa a ten a Xunta de Galicia, é máis Narón era dos que tiñan un 15% de bonificación polos residuos e pola separación e agora non só se lle quita esa bonificación que resulta que os 118 concellos que tiñan esa bonificación por separar residuos decide a Xunta de Galicia subirlles cun sablazo.

A nós que non nos enganen porque esto nos afecta a todos e todas e non fagamos trampas ao solitario porque ao final aquí é un problema de mala xestión e un problema de que non se ten en conta á veciñanza senón seguir engordando arcas. E agora a mala xestión de Sogama ímola a pagar todos e todas.

E é o que poñen os acordos desta moción, así que dean un paso adiante, falen cos seus e digan que votaron a favor porque non poden estar en contra do que aquí se solicita que é por certo tamén o que solicita a Federación Galega de Municipios, que por certo o Partido Popular non ten a maioría, entonces eso é do que temos que falar e é no que se basa esta moción. Vai a ter que haber un cambio de ordenanza para pagar o que esixa a Xunta de Galicia, vai supoñer un aumento de recibo moi elevado e a Xunta prevé que aínda se vai subir máis, fagamos o necesario para que esto non sexa así. E se hai unha xestión de residuos a nivel galego terá que ser a Xunta de Galicia que conte coas subvencións... e que non se dedique a regalar as súas amigas, empresas entre elas Naturgy o que é para todos e todas.

Hai outra maneira de apostar pola xestión de residuos e a Xunta de Galicia non fixo os deberes cando sabía, o dixo vostede, que a Unión Europea tiña unhas esixencias. Pois que miren noutros concellos que superen esas esixencias incluso antes de pedilas á Unión Europea. Grazas.

**INCIDENCIA:** Sae o Sr.Portela Parga sendo ás 11:10'e volta ás 11:12'.

-Sr.Romero Franco: mire que non íamos a participar pero ao final nos vemos avocados a facelo. Sabemos cal é a intención do Sr.portavoz do Partido Popular. Primeiro, é increíble que de repente chegue esto a final de ano, se faga unha suba destas características a metade de ano, sen previsión ningunha, e sen contar con ese nos nosos orzamentos, por eso teremos que levar esta modificación, esto por unha banda.

Por outra, xa sei que está xustificando que por un problema e por unha mala xestión da Xunta de Galicia está medio deixando caer que veciños atendede... que si é o recibo do lixo que sube é por unha mala xestión; no nos equivoquemos. É por unha mala xestión da Xunta de Galicia.

Que esto é única responsabilidade vosa.

E despois que se critique o servicio de recollida deste concello cando creo que é máis que referencia para moitos outros concellos e non o digo eu, non o digo eu, temos o recoñecemento de bo reciclaxe por parte de Ecoembes. Home, pois sabes, se trata de que non cheguemos aquí e que non diga o Sr.Germán Castrillón o que lle pareza e que crea que a súa palabra é a verdade verdadeira, senón que nos baseemos en criterios obxectivos que, volvo a repetir Ecoembes, nos deu o recoñecemento varios anos por boa reciclaxe. Nada máis. Moitas grazas.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.

A verdade é que é sorprendente o que se está falando aquí, eh. É sorprendente porque vostedes queren negar a maior. Aprobouse no Congreso dos Diputados en Madrid. Vostedes non teñen representación pero o Bloque Nacionalista Galego ten representación e votou a favor, cousa que o Partido Popular votou en contra. Porque entendía, entendía que había que modificar antes de aprobar esa lei. Me sorprende, é sorprendente. Eso veu unha lei estatal que obriga ás comunidades autónomas e a súa vez aos concellos a adaptarse a esa lei. Esa é a pura realidade, pero a cousa é que como dixeran antes, o goberno de Narón vai ao "tran tran" e espera que saia a lei e que espere aínda para abril. Cando o puido arranxar no ano 2021-22, xa puido ter este proceso encamiñado. Eso unha parte.

Entonces, señores do BNG non falen tanto porque eu non vexo ... porque sigue sendo Sogama, que non estemos de acordo que se suba non quere decir que Sogama ata a data non sexa a tarifa máis económica dos servicios que se prestan aos concellos en Galicia. Por moito que vostede fale de determinados concellos que me gustaría saber como é eso porque non é a realidade. E despois o aforro que supoñía de 20 millóns de euros aos concellos en Galicia desaparece por motivo desta lei. Tal cual. Sogama, que non son eu quen teño que defender a Sogama pero simplemente algunhas cifras para que queden claras. Entre o período 2017-2023 unha empresa pública investiu máis de 100 millóns na planta. Eso é a realidade. Cousa que vostedes parece que non queren entender. Outra cousa é que hai leis que veñen dende.... Ademais esta naceu en Europa. Naceu en Europa e de Europa ven a Madrid e de Madrid ven a Galicia e de Galicia ven aos concellos. Non sei vostedes, si que non teño datos, que fixeron en Bruselas, que bueno, como están en tempo parcial ao mellor non estiveron nesa comisión para poder votar. Gustaríame sabelo pero creo que hai que ser claros nas cousas e ter a realidade.

Nós entendemos que hai que buscar solucións e que hai que buscar alternativas. E é certo que os concellos van ter que buscar alternativas para enviar menos toneladas aos depósitos. Esa é a pura

realidade. E temos que fomentalo na cidadanía. Temos que fomentar que a xente recicle pero ben é certo que a xente vai reciclar si ve compensación. Se como expliquei antes nun edificio de 10 pisos só recicla un e paga igual que o resto a xente deixa de reciclar. Soamente pola súa conciencia recicla. Entón creo que ese é un traballo que ten que facer o concello.

Despois hai outro tema importante que no plan municipal de xestión de residuos de Galicia, para a Xunta de Galicia no novo plan ata o ano 2030, vai a dotar a Galicia con 3 novas plantas de compostaxe e hai axudas para os concellos para que fomenten compostaxe. Xa sei que na zona urbana eso non pode ser pero Narón ten moito rural e onde se pode traballar para ao final reducir as tonelaxes que vaian a Sogama.

Algo que dende o municipio, dende o concello non se está a facer, Sra.alcaldesa. E creo que o debería de facer dende hai anos xa, esa é a pura realidade.

Nós, como dixeran, ímonos abster. E despois os datos que deu a Sra.Olaia, de Sogama, non dé os datos do ano 2020, dé datos do ano 2023, do reciclaxe que se fixo no ano 23. Vostede me está falando de hai 4 anos, ten resultados do ano 2020. E dende aquela a hoxe hai un cambio importante.

Polo tanto, sexamos creíbles, sexamos creíbles e falemos da realidade. Nada máis e moitas grazas.

-Sra.Ledo Díaz: ben, son tantas cousas as que se teñen que escoitar que sabemos que é mentira, que bueno, como non teño tempo a respondelas todas, de verdade... despois se queres che mando un documento PDF para que mires. Se non coñeces certas maneiras de traballar, pídoche Germán Castrillón que por favor o fagas porque nós defendemos un modelo moi claro de xestión de residuos como Bloque Nacionalista Galego e facemos formacións e intentamos reunirmos cos mellores, etc, etc, xa non a nivel de Narón eh. Estou falando a nivel galego porque nos preocupa. Porque nos preocupa o medio ambiente e tamén nos preocupa o que lle custa aos veciños e veciñas. No plan de xestión de residuos municipais de Galiza 2023-2030, xa que quere falar do ano 2023, non hai cambios no fondo coa anterior, ou sexa, vostedes seguen prevendo o que leva facendo Sogama durante anos, que é queimar residuos. E non é só a compostaxe válida para a zona rural algo que por certo, sempre fixemos. Chamábase esterco e resulta que no rural levamos reciclando e reutilizando e facendo composto da vida pero é que tamén se pode facer nas zonas urbanas como se fai en concellos deste país pero tamén como se fai, non só en Europa, noutros lugares do mundo. Pídlle por favor, que se forme para defender o que está defendendo porque lle aseguro que ía ter conclusións diferentes e a respecto do estado, por certo, nós o que defendemos é o modelo que por certo, está esixindo a Unión Europea que vostede tan ben comentou.

Outra cousa, é que a Xunta de Galicia agora e a súa empresa Sogama non lle beneficie porque fixo mal as cousas. Outra cousa, e como non van estar vostedes gobernando toda a vida, que xa agora polos pelos que caen, que xa agora polos pelos que caen, e nas 8 principais cidades deste país, vostedes xa non terían a maioría da Xunta de Galicia preocupados deben de estar cando intentan dicir cousas e unha das cousas que se está negociando co Ministerio de Medio Ambiente, por certo, o Bloque Nacionalista Galego é a incorporación ao proceso da agrocompostaxe. Pídlle por favor, que busque o que é a agrocompostaxe porque debería de ser un dos pilares deste cambio de modelo. Conxuntamente con un eficiente sistema de recollida selectiva para os scrabs, ecoembes que se comentou aquí, vidro, papel, etc.etc. Temos un modelo moi claro, temos un modelo moi claro. Que pasa? Que se está facendo outro modelo e agora vai repercutir nos veciños e veciñas de 118 concellos. Por favor, sexamos xustos e xustas. Imos pagar os veciños e veciñas unha vez máis a mala xestión da Xunta de Galicia. E é necesario outro modelo e é máis barato, eh. A

reutilización de residuos, a compostaxe é máis barata que a que estamos tendo agora mesmo no Concello de Narón.

Por eso sempre defendimos outro modelo tamén neste concello. Pero non só para este concello. Haberá que mancomunar o servizo que Narón só non pode. Ogallá houbera unha planta de compostaxe que o Partido Popular sempre se opuxo nesta comarca. Porque queren aínda que teñamos que andar centos de kilómetros que o levemos todo a Sogama para seguir engordando as arcas de 4 amiguetes.

E agora resulta, con razón tamén llo digo, con razón, que se quitan unhas axudas por xerar enerxía a Sogama porque vendían o megawatio, aproveitándose de que as eléctricas había unha nube e eses recursos que se chaman saídos do ceo, a 122 euros o megawatio, que nos debía de dar vergoña porque iso se tiña que incentivar no recibo de todos os galegos e galegas, porque nós xeramos enerxía eléctrica e os beneficios se quedan 4 empresas que por certo, teñen a súa sede fiscal en Madrid, que curioso, a Sra. Ayuso que sempre nos vende que nos dá favores e o que facemos é darlle diñeiro para repartirnos 4 migajas. Qué curioso todo.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a moción transcrita:

**Votos a favor:**

10 TEGA

3 BNG

2 PSdeG-PSOE

**Abstencións:**

6 PP

**12 %- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG EN APOIO Á PLATAFORMA "AGORA" EN DEFENSA DOS DEREITOS DAS PERSOAS RESIDENTES NO SOUTO DE LEIXA.**

-Lida pola secretaria substituta a moción que di así: **“Olaia Ledo Díaz, portavoz municipal do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Narón, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate en pleno :**

Ven de presentarse a plataforma **Agora!** co seguinte manifesto:

O CAPD Souto de Leixa é un centro da Xunta de Galiza para a atención a persoas con discapacidade intelectual xestionado pola empresa SAMAIN (grupo Clece) que conta con residencia e centro de día, e na que viven actualmente 98 persoas con diferentes necesidades.

Nestes días botouse a andar a plataforma **Agora!**, formada por diferentes entidades e organizacións da comarca de Ferrol, por un grupo de persoas traballadoras do centro, así como un grupo de familiares, preocupadas polas condicións de vida das persoas usuarias, e decididas a dar un paso adiante na defensa dun dereito básico de todas as persoas como é o de levar unha vida digna, cousa que hoxe en día non pode dicirse das condicións nas que viven as persoas residentes do Centro Souto de Leixa.

Un centro de estas características, de labor social e integración, debería de tratar aos usuarios con dignidade, creándolles as ferramentas necesarias para sentirse realizadas e a gusto na que é a súa casa. Unha casa na que o persoal traballador, que atende ás persoas usuarias, carece dos recursos necesarios para ofrecerlles un servizo óptimo debido á falta de ferramentas de traballo, falta de

persoal, instalacións en mal estado, agresións (tantas veces minimizadas ou normalizadas), falta de definición das tarefas do persoal segundo organigrama e un longo etc...

Todo isto trae consigo un ambiente, vital e laboral, saturado de carga emocional negativa e un sentimento de quere pero non poder. Sentimento que tamén comparten moitas das familias ás que se lles fai caso omiso diante das súas peticións. Palabras como empoderamento, capacidade de decisión ou integración deberían de ser unha bandeira no Souto de Leixa. Nada máis lonxe da realidade. Só espellismos. O Souto recolle pero non acolle.

### **POR TODO ISTO SOLICITAMOS O SEGUINTE ACORDO:**

1.- Instar ao Concello de Narón a apoiar a esta plataforma que quere propiciar unha toma de conciencia social urxente en canto ao sector da discapacidade, dándolle visibilidade a persoas que necesitan apoio para empoderarse e integrarse.

Narón, 15 de xullo de 2024

Asdo. Olaia Ledo Díaz

E visto o ditame favorable por maioría, con 2 votos a favor ( 1 BNG, 1 PSdeG-PSOE) e 3 abstencións ( 2 TEGA, 1 PP) da Xunta de Portavoces do 19 de xullo de 2024, a súa presidenta propón ao Concello Pleno a adopción do ditame neses mesmos termos.

Narón, 19 de xullo de 2024

### **DEBATE**

-Sra.Ledo Díaz: esta moción é algo diferente, é unha moción que afecta a persoas usuarias, do Souto de Leixa, entre eles, veciños e veciñas e familias afectadas do noso concello, o que aquí pedimos é ben sinxelo, que a plataforma Ágora, que crearon familias e entidades como Aspanemi, ou Aspaneps que están afectadas e saben da situación que levan durante anos neste centro e que se mellore. É unha plataforma onde nós na nosa exposición de motivos o que facemos é poñer o seu manifesto, queremos deixar claro aquí porque se nos dixo na Xunta de Portavoces, por parte do portavoz do grupo do Partido Popular que se falaba de que non se licitara á empresa de agora, ogallá non lle toque a ela, teño que decilo aquí persoalmente como Bloque Nacionalista Galego pero nesa exposición de motivos non aparece absolutamente nada deso. Igual mirou unha nota de prensa porque é verdade que na licitación, que por certo, un centro que fai moi bo traballo en Narón, que está pendente e que concursa para esa licitación que o piden que o fagan organizacións sen ánimo de lucro.

E é verdade que Clece no seu tema de seguir engordando as súas contas e ten aí polo medio algunha entidade sen ánimo de lucro dentro da propia Clece polo que podería estar ese contrato pero eso non aparece nesta moción, senón o único que pedimos é instar ao Concello de Narón a que apoie a esta plataforma e as súas reivindicacións que si vemos e escoitamos ás familias que están afectadas piden cousas básicas como trato, como roupa, como unha comida decente nese centro. E é verdade que o denunciaron á Fiscalía estatal pero sempre as derivan a Política Social e é que lles di que non hai absolutamente nada e unha vez máis é fácil de falar cando se está lonxe.

E cremos que bueno, que sería hoxe un bonito día e un punto de inflexión seguir apoiando esto, e dende a nosa parte política apoiar e votar as persoas que o único que piden é un contrato das persoas usuarias do Souto de Leixa. Grazas.

**INCIDENCIA:** Sae a Sra. De Arriba sendo as 11:20' e volta ás 11:24'.

-Sr.Iglesias Blanco: gracias y buenos días Sra.alcaldesa.

Primero y más importante: este grupo siempre votará a favor de todo lo que sea dignificar y mejorar los recursos para personas con cualquier tipo de discapacidad. Y siempre, siempre estaremos apoyándolos pues entendemos que son un colectivo de personas que necesitan no todo el apoyo, si no lo mejor de lo mejor, pues tenemos como sociedad que hacerles entre todos una vida más fácil.

No podemos permitir ningún tipo de carencia tanto en lo material como en lo emocional. Sabemos que el personal del Souto de Leixa está compuesto de grandes profesionales y que incluso a veces utilizan recursos propios para ayudar a los residentes, hecho que los dignifica aún más y nos muestra a la sociedad de lo volcados que están estos profesionales en su trabajo.

Y desde este grupo decir, tanto los trabajadores como las familias que tanto se involucran y que con todo vuestro esfuerzo y dedicación marcáis la diferencia. En cuanto a la moción la veo un poco imprecisa, no entiendo cuando dice “agresións” tantas veces minimizados ou normalizadas. ¿Qué quiere decir con eso? Gracias

-Sr.Romero Franco: ben, aínda que na Xunta de Portavoces o noso voto foi de abstención, si que é certo que imos a votar a favor deste punto e quero recalcar que o punto que aprobamos é “instar ao Concello de Narón a apoiar esta plataforma que quere propiciar unha toma de conciencia social urxente en canto o sector de discapacidade e dándolle visibilidade a persoas que necesitan apoio para empoderarse e integrarse”.

Sí que é certo que dentro da exposición de motivos sen entrar a valorar, simplemente non temos coñecemento para determinadas afirmacións que se fan, bueno, non sei se estar ao 100% de acordo ou polo menos ser cautos non sentido de que non temos ese coñecemento, incluso de ser certo ao mellor si que tería que ser unha moción que teríamos que traer aquí. E como levar unha vida digna que hoxe en día non pode decirse nas condicións que viven as persoas residentes no centro Souto de Leixa e sobre todo tamén as agresións que a veces minimizadas se ven normalizadas.

Pero loxicamente falando do punto que se aproba si que imos votar a favor.

-Sra.Ledo Díaz: nada, como ven di a exposición de motivos .... presentada a plataforma Agora co seguinte manifestó, estamos reproducindo un manifesto das familias e eu creo que con eso xa respondemos. É verdade que o BNG leva intentando que se fale de múltiples maneiras levando ao Parlamento, ao Congreso e as Institucións e tamén apoiándoos na rúa e agradezo que saia e parécenos importante.

E nada, parecíanos que nós non tiñamos por que facer a exposición de motivos senón simplemente reproducir o seu manifesto que lle damos por suposto total credibilidade e apoio.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** O Concello Pleno, por Se aprueba por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a moción transcrita.

### **13 °.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR DE REACONDICIONAMENTO DA CONTORNA DA "URBANIZACIÓN O COUTO".** -

Lida pola secretaria substituta a moción que di así: “**O voceiro do Partido Popular, Germán Castrillón Permuy, o que abaixo asina, en nome propio e no do grupo municipal do PP, conforme ao previsto no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa elevar ao Pleno Municipal para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte MOCIÓN:**

**REACONDICIONAMENTO DA CONTORNA DA “URBANIZACIÓN O COUTO”**

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As rúas e beirarrúas das urbanizacións, así como a súa contorna, son infraestruturas básicas de acceso as vivendas cunha importancia vital no desenvolvemento social e económico das persoas residentes e usuarias da contorna ou mesmo de visitantes que poidan achegarse ou pasear pola zona.

No caso desta moción que traemos a pleno querémonos referir á zona coñecida como “Urbanización O Couto”. Trátase dun emprazamento residencial e xa con data de 12 de xullo do ano 2022, o grupo do partido popular de Narón ao que represento, rexistrara un documento solicitando a actuación do Concello por unha enorme cantidade de deficiencias: a falta de mantemento das rúas e beirarrúas, lousas das beirarrúas rotas, levantadas ou sen elas, beirarrúas deterioradas e levantadas polo efecto das árbores plantadas nelas, ou o estado lamentable dos bordos, co consecuente perigo que isto supón para os peóns.

Tamén é urxente o mantemento das árbores que, en moitos casos, xa están batendo, ou están a piques de facelo, coas fiestras das vivendas.

Consideramos necesaria e urxente a actuación por parte do equipo de goberno do Concello de Narón nesta urbanización, pola situación tan deficiente na que se atopa toda a contorna da urbanización, na que reside un número importante de familias de todas as franxas de idade.

Non se entende que o concello non actúe e siga a mirar cara a outro lado e non realice unha actuación integral de xeito que se levan a cabo os traballos correspondentes e que se cumpra coa normativa de accesibilidade.

Por estas razóns, e facendo un chamamento a todos os representantes públicos desta Corporación e ao seu sentido do deber e da responsabilidade, o Grupo Municipal Popular insta o Pleno da Corporación, **a adopción do seguinte:**

## ACORDO

1.- Instar ao goberno de Narón a que de, xeito inmediato, encargue con urxencia un proxecto para levar a cabo unha actuación integral na “Urbanización O Couto” e na súa contorna debido ao seu deficiente estado de conservación así como a súa execución no menor tempo posible.

Narón, 15 de xullo de 2024

Germán Castrillón Permuy

Voceiro do grupo municipal do Partido Popular”

E visto o ditame favorable por maioría, con 3 votos a favor ( 1 PP, 1 BNG, 1 PSdeG-PSOE) e 2 abstencións de TEGA da Xunta de Portavoces do 19 de xullo de 2024, a súa presidenta propón ao Concello Pleno a adopción do ditame neses mesmos termos.

## **DEBATE**

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.

Bueno, presentamos esta moción de reacondicionamento da contorna da “Urbanización O Couto”. A situación da urbanización “O Couto” é lamentable como se pode comprobar facendo unha visita á zona ou nas fotos que temos neste mesmo momento que as pode ver, e só son unhas cuantas eh, que poderíamos facer de todo o entorno; as rúas e beirarrúas da urbanización, así como a súa contorna, son infraestruturas básicas de acceso as vivendas cunha importancia vital no desenvolvemento social e económico das persoas residentes e usuarias da contorna ou mesmo de visitantes que poidan achegarse.

No caso de hoxe traemos a pleno a proposta que se refire á “Urbanización O Couto”. Trátase dun emprazamento residencial que xa con data de 12 de xullo do ano 2022, o grupo do Partido Popular de Narón, rexistrara un documento solicitando a actuación do Concello por unha enorme cantidade de deficiencias: a falta de mantemento das rúas e beirarrúas, lousas das beirarrúas rotas, levantadas ou sen elas, beirarrúas deterioradas e levantadas polo efecto das árbores plantados nelas, por non ser os adecuados para esa ubicación ou o estado lamentable dos bordos, co consecuente perigo que isto supón para os peóns, hay zonas que xa non se pode camiñar polas beirarrúas polo deterioro sufrido durante todos estes anos a non facer o mantemento adecuado.

Tamén é urxente o mantemento das árbores que en varias ocasións os veciños avisaron o Concelleiro para que actuara, hai moitos casos que xa están batendo coas fiestras das vivendas.

Consideramos necesaria e urxente a actuación por parte do equipo de goberno do Concello de Narón nesta urbanización, pola situación tan deficiente na que se atopa toda a contorna da urbanización, na que reside un número importante de familias de todas as franxas de idade.

Non se pode entender que o concello non actúe e siga a mirar cara a outro lado e non realice unha actuación integral de xeito que se leven a cabo os traballos urxentes necesarios para reparar o deterioro sufrido e que se cumpra coa normativa de accesibilidade e sostenibilidade que require unha urbanización do estilo do Couto.

Por estas razóns, e facendo un chamamento a todos os representantes públicos desta Corporación e ao seu sentido do deber e da responsabilidade, o Grupo Municipal Popular insta o Pleno da Corporación, a adopción do ACORDO ao que deu lectura a Sra. Secretaria. Nada máis e moitas grazas.

-Sr.Romero Franco: ben, este é un exemplo máis do que explicou antes a Sra.alcaldesa. Non é o mesmo gobernar que estar na oposición. Loxicamente non estamos en desacordo en que nesa zona loxicamente ten que facerse unha intervención. De feito, xa se fixo hai 4 ou 5 anos unha primeira intervención alí. De feito temos unha valoración feita do que suporía aquilo pero loxicamente o orzamento deste concello non é infinito e temos que priorizar.

Entón volvo a repetir, non estamos en desacordo loxicamente desto. En canto vexamos a posibilidade e teñamos orzamento para poder levalo a cabo se fará. Volvo a repetir. Xa temos unha valoración deso, o proxecto duns anos para aquí é un pouco inútil cargalo ata que se teña orzamento para levar a cabo a función máis que nada porque en cousa de 2 meses a actualización de prezos variaría totalmente esa memoria e quedaría en desuso. Entón loxicamente seguiremos traballando para conseguir orzamentar todas esas obras que se teñen que facer dentro do concello e daquela é cando se fará ese proxecto. Moitas grazas.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.

Bueno, a verdade é que nós presentamos o documento no ano 2022, é dicir, na lexislatura anterior e tal e como vimos naquel momento o estado da urbanización quere dicir que eso xa viña de anos atrás, había uns cantos anos que tiña esas deficiencias. E canto máis pase máis caro vai costar reparalo. Vostedes teñen fondos da Diputación, teñen remanentes de Tesourería que ademais lles

permite para estas cousas, é a primeira.....que se recolle no primeiro capítulo do decreto para estas cousas e que ven, si que o poden facer, utilizar remanentes de Tesourería para este tipo de reparacións. Para obras sostenibles de accesibilidade do entorno de vivendas. Para que a xente poida acceder á vivenda libremente e poida saír á rúa a pasear.

E creo que canto máis tempo pase máis lles vai costar. Entón cada vez terán menos diñeiro para facelo. Polo tanto, nós pedimos aquí que se faga un proxecto de inmediato, así lle dixen na Xunta de Portavoces, e antes de que finalice o ano esté en proceso de licitación, que esté en proceso de licitación, xa non imos a decir que estén iniciadas as obras pero si que debe estar en proceso de licitación antes de que remate o ano. Vostedes teñen recursos suficientes para poder facelo. Polo tanto, lles agradecería que co que se aprobe neste Pleno, espero que se aprobe, darei as grazas a todos os grupos, que voten a favor, que vostede o execute. É fundamental Sra.alcaldesa.

E vostede lle invito e se quere o acompañe a que vaia ver a zona. ... bueno, pois nada, se xa o coñece estupendo. Nos evitamos unha viaxe pero de verdade Sra.alcaldesa, pónase na situación das persoas que ademais pagan impostos como todos os veciños. Polo tanto, é importante que nestas cuestións tan importantes e tan necesarias que dende logo se teñan en conta e o concello se esmere en que os procesos saian adiante.

Nada máis e moitas grazas.

-Sr.Romero Franco: ben, a demagogia deste partido é increíble. É moi fácil ter ese minuto de gloria, estar acompañado dos veciños que están afectados que loxicamente os entendemos perfectamente pero non fai moito neste pleno, se aprobou utilizar o POS e como ben dis, non se falou en ningún momento e aprobachedelo vos eh, non se falou en ningún momento de amañar as beirarrúas nin as rúas do Couto senón que se levou a outra cousa. Entón como hai que priorizar, vostedes priorizaron naquel momento outra cousa non esto. Entón é moi fácil agora chegar aquí co apoio dos veciños e decir “ no, prioricemos neste, non noutra cousa”. Como podíades facer vos tamén e non o fixechedes. Entón é moi diferente estar neste lado que estar nese. Moitas grazas.

-Sr.Castrillón Permuy: a verdade Sr.Román, a verdade é que é sorprendente que nos queira votar a culpa ao Partido Popular de facer as obras. Eu lle propuxen moitas obras. E aínda estou esperando por elas hoxe. E non se preocupe que o luns vai ter vostede un escrito presentado polo grupo popular onde lle imos solicitar que na primeira modificación de crédito se inclúa esta obra. Pero espero e desexo que vostede teña feito o proxecto para que non se equivoque nas cifras. Espero e desexo que teña vostede feito o proxecto porque se o fixo hai 2 anos esa memoria agora non vale. Póñalle vostede por riba un 30% . Tranquilamente. Entón Sr.Román, comprométome a que o luns vai ter vostede no seu despacho un escrito e ademais rexistrarémolo para que non quede dúbida de que lle imos encargar que faga esa obra tamén. Coa primeira modificación de crédito ou ingreso que chegue de calquera administración.

E referente ao POS o outro día aprobamos o 50% que sexa para o rural mínimo, mínimo para o rural. Pero sabe outra cousa? Non aprobamos.... E que vostede se mete en charcos sen sabelo, pero non aprobamos que o 50 do resto do POS ou algo máis se utilicen para gastos correntes, sabe? Para gastos correntes. Eso non o aprobamos. E vostedes estanno aprobando, por exemplo, porque lle queda moito diñeiro da Diputación. Estamos falando de un millón e algo. Máis o complementario que ven agora. Outra cousa é que o queira facer. E eu non intento facer algo que non sexa necesario. E de verdade, se vostede non é capaz deixenno. Eu creo que hai outros grupos que seríamos capaces a gobernar doutra forma e a facer as cousas dende logo que si, e ... pois cando queira. Eu estaría encantado de estar na súa situación estaría encantado porque sería capaz de facelo. Sería capaz de facelo. Mire, todo o que aprobamos nesta lexislatura somos moi coherentes dende a oposición, moi coherentes. Estámoslles pedindo cousas moi razoables e moi necesarias, non estamos pedindo nada fóra do normal. Esa é a realidade. E é o que se está vendo. Outra cousa é que vostedes estean en contra de que traigamos propostas positivas e propostas necesarias. Nada máis. Moitas grazas Sra.alcaldesa.

-Sra.alcaldesa: só unha cousa. A verdade que escoitalo dá gusto escoitalo e sinceramente... como facía Olaia, dando que si coa cabeza xa me quedo con eso, é dicir, é verdade que existe esa necesidade, é así, pero todas as necesidades que vostede trae aquí, sabe cal é a diferenza que xa llo expliquei antes, que hai que priorizar, e vostede sabe que temos esa valoración. E sabe que probablemente o imos a traer para levalo no orzamento ou nas seguintes inversións do ano que ven, por eso ven agora con esa fottiño desa necesidade. Porque o sabe, é así, vostede actúa así. Claro, non dá para todo, eh. E se vostede quere gobernar e contentar a todos os que vostede di, que habería que facer, habería que facer.....e habería que facer, non lle chegan 4 orzamentos anuais para todo o que vai decindo. Cal é a diferenza? É priorizar. E evidentemente entendemos, e cando estivemos alí lle dixemos que íamos a facer esa valoración, que había que actualizala, e non ten sentido facer hoxe unha actualización cando non tes o crédito. E neso estamos para buscar esa financiación para facelo porque vemos que é necesario. Pero claro vir aquí agora, a medio de ano cun orzamento aprobado..... en 15 días ten que ter feito isto, eso que é? Populismo. Total, si, si. Pasamos a votar a moción.

**VOTACIÓN E ACORDO.**- O Concello Pleno, por maioría, aprobou a moción transcrita:

**Votos a favor:**

6 PP

3 BNG

2 PSdeG-PSOE

**Abstencións:**

10 TEGA

**14 º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE RECLAMANDO "QUE SE DESTINE COMO MÍNIMO O 50% DO POS ADICIONAL 2024 AO ARRANXO DA ZONA RURAL DE NARÓN.**

-Lida pola secretaria substituta a moción que di así: “O Grupo Municipal do PSdeG-PSOE do Concello de Narón, ó abeiro do artigo 97 do Regulamento de

Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa elevar ó Pleno Municipal para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte **MOCIÓN**:

**Do grupo do PSdG-PSOE reclamando “QUE SE DESTINE COMO MÍNIMO O 50% DO POS ADICIONAL 2024 A ZONA RURAL DE NARON”.**

**EXPOSICION DE MOTIVOS:**

A Deputación da Coruña colabora coa mellora en desenvolvemento dos 93 concellos que configuran a provincia de A Coruña a través do Plan de Obras e Servizos no que o noso concello percibe 2 millóns de euros.

O POS do ano 2024 se destinou principalmente a zona urbana coa creación dun bulevar e a construción dun novo cuartel do SPEIS. Pola contra, o rural segue desatendido e discriminado no tocante a servizos e aglomerados de vías. Un exemplo claro e notorio foi a parodia da do “Bulevard das fochancas” que é unha vergoña para a oitava cidade de Galicia.

Outro exemplo claro e tamén na parroquia de Sedes é a Aldea de Sagueiral, que só é un reflexo das políticas de abandono do rural que se seguen desde o goberno municipal.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal do PSdG-PSOE presenta a seguinte moción para a aprobación polo Pleno da Corporación dos seguintes,

**ACORDOS:**

**1.- Instar ó goberno municipal a creación dun inventario de viais deteriorados da zona rural de Narón e a creación dun plan de actuación atendendo ao seu grao de deterioro.**

**2.- Instar ó goberno municipal a que se destine como mínimo o 50% do POS adicional 2024 á zona rural de Narón”**

Fdo.: Silvia María De Arriba Fernández

Voceira do PSdG-PSOE”

E visto o ditame favorable por unanimidade da Xunta de Portavoces do 19 de xullo de 2024, a súa presidenta propón ao Concello Pleno a adopción do ditame neses mesmos termos.

**DEBATE**

-Sr.Ulla Rocha: grazas. A verdade é que non intervín na anterior, aínda que puideran haber intervido na anterior e xa aforrabamos intervir nesta porque se tratou máis do POS na anterior que respecto nesta na que imos a falar.

Bueno, primeiro agradecer neste caso, ao equipo de goberno e o resto de forzas apoiaran esta moción e que incluso lle deran valor ao que ten que ser, e neste caso que é destinar un pouco que ten sentido que é o POS a esa zona rural que é unha ferramenta que creou neste caso, pois as Diputacións provinciais para axudar neste caso, aos concellos pequenos precisamente a ese mantemento de servizos e obras nos concellos pequenos.

Loxicamente a Narón eses 2 millóns que se destinan nos veñen moi ben. E bueno, a parte positiva é agradecer pero tamén quero facer digamos, unha crítica neste caso, na xestión. Ben é certo que o Partido Socialista o puxo de manifesto cando se aprobou aquí o POS, que lle gustaría participar nas seguintes .... Polo menos con propostas no POS, é de agradecer que polo menos se teña en

consideración, e o 50% se destine a zona rural e o que si me gustaría Sra.alcaldesa, é que houbera unha mellor xestión no tema do POS porque moitas veces temos partidas ao que é o POS que poden ser perfectamente subvencionadas con outras axudas. Quérome referir, con esto non quero poñer en valor o feito de facer a mellora, neste caso no Local Social da Gándara pero si que existen axudas da Xunta de Galicia que ven podían haber cuberto parte dese custo que nos vai ser destinado do POS e que podíamos coller eses cartos do POS Sra.alcaldesa, pois a destinalo a outras cousas.

E o que non quere o Partido Socialista é que Narón sexa a noticia a modo de sorna tendo como vostede coñece, que é público e notorio, pois saíu na prensa, a modo de mofa de que se fai un boulevard das fochancas. Nós na moción, xa lle estamos citando un vial que entendemos que necesita actuación, hai moitos, eu ven sei que non temos unha varita máxica que podemos arranxar todas as rúas e beirarrúas e servizos de Narón porque temos o crédito limitado. Pero si que tendo un plan de actuación, Sra.alcaldesa, imos a facer as cousas ben. É o que está pendindo o Partido Socialista. Grazas.

-Sra.Ledo Díaz: nada, agradecer ao Partido Socialista que tamén aceptara a nosa emenda porque no acordo poñía o 50% a camiños e se cambiou polo mínimo 50% do POS a zona rural de Narón, porque cremos que non só camiños ou arranxar cousas que xa están senón tamén é necesario investir na zona rural e cumprir un pouco tamén con ese POS que puxo en marcha o BNG dende a Diputación de A Coruña, e o que fai é dividir os cartos de maneira equitativa aos concellos por poboación e non destinalo aos concellos amigos como facían antes sinto ter que decilo, os do Partido Popular independentemente de quen governe en cada concello o POS se demostra que é unha ferramenta moi válida e de feito nestes últimos anos podemos comprobar que cunha grande cantidade de gasto corrente nos orzamentos de Narón, a través do POS se poden facer investimentos como poden ser non sei... a pista cuberta de Doso ou outros investimentos que necesita a zona rural de Narón.

Entonces agradecer, aínda que si que se fala na exposición de motivos, non, sobre o problema dos camiños e de pistas que por suposto se fai e se fala dun inventario que eu coñezo que o concelleiro, Pablo, si que ten anotado e que se lle pode entregar a oposición en calquera momento en que vai destinado o diñeiro, si que é verdade que aparte deso é necesario outros investimentos. Básicamente para que todos os veciños e veciñas sexamos iguais en dereitos e posibilidades independentemente onde vivamos, entón votaremos a favor como non pode ser doutra maneira.

-Sr.Portela Parga: buenos días.

Todos y todas sabemos y conocemos cuál es el estado actual del rural de Narón. No sólo sabemos los grupos de la oposición si no también lo sabe el equipo de gobierno. La situación real del rural de Narón es deprimente. Si seguimos así dentro de poco habrá que ir con tractor para poder entrar en nuestras casas y digo nuestras porque los de TEGA no creo que tengan esos problemas, ni los que vivís en el urbano ni los que evidentemente vivís en el rural.

Desde nuestro grupo venimos recordando, insistiendo incluso registrando el arreglo y reparación de muchos de los viales del rural, algo básico para todos y todas las vecinas de Narón porque es decir, un acceso a las viviendas a nivel de los vecinos y vecinas de la zona urbana. A no ser que para TEGA los del rural sean de segunda categoría. Que teniendo en cuenta como actuais estamos cada vez más convencidos de ello.

Por nombrar algunas de las vías, por ejemplo: o camiño das murallas en San Mateo; camiño de Cerdeiras en Doso; Villallonte en Sedes; camiño de Martians en Sedes; o famoso boulevard de fochancas; camiño das Cortiñas en Castro y por exemplo, camiño do Vilar, en San Xiao.

Este es un exemplo, como dije antes, de la cantidad de viales en estado deprimente de las que el gobierno de TEGA está orgulloso como dice su eslogan de campaña no, “Orgullo de Narón” orgullo del estado del rural de Narón. Es un claro exemplo de que considerais a los vecinos y vecinas del rural de Narón, repito, como vecinos de segunda categoría. Lo peor de todo no es el estado del rural, que llevamos con esto un olvido de muchos años, desinterés, despreocupación etc. Lo peor es que pase lo que pase con esta moción, se apruebe o no, irá al cajón del olvido como muchas otras mociones, hasta que a TEGA le venga en gana de hacer algo. Como por exemplo, auditoría de Cosma, oficina de turismo, .... a la ría, las moscas del Val etc.etc.etc. Así como otras mociones que se aprueban contra vuestra voluntad o mejor dicho todas las mociones que se aprueban por el bien de Narón y a las que hacéis oídos sordos y como no, mirais para otro lado porque no os interesa.

Nosotros desde nuestro grupo seguiremos defendiendo a todos y todas las vecinas tanto del rural como del urbano y como no, exigiendo y registrando todos los olvidos de TEGA Narón. Por puntualizar como dijo la Sra.alcaldesa; cuando se gobierna hai que priorizar y como no, TEGA prioriza para los vecinos del urbano. Gracias.

-Sra.alcaldesa: unha cousa Jorge, mira, precisamente unha das cousas que fixemos foi nesa pista que se poñía en cuestión de Sedes, de si se ía amañar ou non, solicitar unha subvención á Xunta de Galicia. Esa que falas das fochancas. E eso foron 3 páxinas na Voz de Galicia.

É dicir, aquí a que se xoga? Imos ver. Si buscamos fondos doutros lados que hai que esperar a que se podan acometer polos prazos que marcan, malo, se os pagamos con fondos propios malo, é dicir, ás veces o que facemos e neste caso, o tema da Gándara, fíxose pola necesidade, máis que nada porque era cuestión de temas de accesibilidade e cuestións que eran necesarias facer. E ir a unha subvención prolongaría moitísimo máis no tempo. E de feito cando imos a esas subvencións ...fixémolo co aparcadoiro do centro de saúde, é dicir, a fondos europeos. Sabíamos que non ía estar listo cando se rematara neste caso o centro de saúde pero creíamos que era importante facelo así porque teríamos fondos doutras administracións. Entón por un lado cremos que é boa xestión e por outro lado nos critican. É así, é dicir, cando teñamos fondos doutras administracións para facer algo e non ter que acometelo con fondos propios, para min é unha boa xestión independentemente de que haiba que esperar un pouquiño máis.

E o que dixo Pedro de verdade, que non sabría xa por onde rebatirllo e decirlle.....a metade dos concelleiros e concelleiras do grupo de goberno viven na zona rural, creo que a posta está clara. Como mínimo con ese dato.

Pasamos a votar a moción.

**INCIDENCIA:** Sae o Sr.Ulla Rocha ás 11:50 horas e volta ás 11:52’.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a moción transcrita.

**15 º.- DECLARACIÓN CONXUNTA PARA A UNIDADE NA LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO ( MINISTERIO DE IGUALDADE- FEMP).** -Lida pola secretaria substituta a Declaración Institucional que di así: Reunidos dunha parte, o Ministerio de Igualdade, e doutra a FEMP, acordan elevar esta declaración conxunta:

**DECLARACIÓN CONXUNTA PARA A UNIDADE NA LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO**

Neste 2024 no que se cumpren vinte anos da aprobación por unanimidade da Lei integral contra a violencia de xénero, e mentres se están desenvolvendo en sede parlamentaria os traballos para a renovación do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, queremos reafirmar a defensa da arquitectura normativa e institucional da que nos dotamos, e do compromiso adquirido para o seu cumprimento, símbolo do consenso alcanzado de toda a sociedade para acabar coa violencia contra as mulleres.

Tanto no seu sostemento como no seu desenvolvemento, o labor da FEMP é imprescindible neste pacto, no que as corporacións locais, a través dela, ofrecen un apoio fundamental en materia de gobernanza local sobre violencia de xénero. Manter este compromiso garante a xeración das alianzas necesarias para a abordaxe eficaz desta situación de desigualdade extrema para as mulleres.

As entidades locais teñen un papel fundamental xa que son a Administración máis próxima á cidadanía, a primeira man tendida, e a porta de entrada aos sistemas de protección, de asistencia e de recursos.

Garantir que os recursos ás vítimas, servizos de asistencia, Policía Local, e todos os axentes intervinientes no proceso de acompañamento e atención ás mulleres vítimas cumpran coa normativa e compromiso adquirido no marco da lexislación vixente e do Pacto de Estado contra a violencia de xénero é un deber intrínseco que responde a este consenso.

A violencia de xénero é a violencia que se exerce contra as mulleres como resultado dunha situación de desigualdade entre mulleres e homes. O seu recoñecemento é o resultado de décadas de avances coas conferencias mundiais das Nacións Unidas sobre as mulleres, e os acordos e tratados internacionais, que lexitimán a consideración específica desta violencia, que é diferente doutras que poidan darse no ámbito doméstico. E é precisamente esta diferenciación a que permite abordar con eficacia o fenómeno en aras da súa erradicación. Os discursos que atentan contra esta fundamentación non só son irresponsables, senón que representan un retroceso inadmisíbel nos dereitos e na seguridade das mulleres. E non poden ser tolerados desde as institucións.

A violencia de xénero é a cara máis cruel da desigualdade entre mulleres e homes. Para a súa erradicación é imprescindible abordar con rigor as políticas de igualdade que contribúen activamente a desactivar os mecanismos que xeran as desigualdades. Constitúen a primeira fase da prevención da violencia contra as mulleres.

Por todo iso, defendernos os consensos que permitiron, e permiten, seguir avanzando na construción dunha sociedade máis xusta e igualitaria, na que mulleres e homes exerzan a súa cidadanía plena. A loita contra a violencia de xénero é unha responsabilidade colectiva. Só desde a unidade de todas as institucións poderemos acabar con ela.

O Concello Pleno, por unanimidade aprobou a Declaración conxunta transcrita.

**16 °.-DECLARACIÓN INSTITUCIONAL EN APOIO AO PERSOAL TRABALLADOR EN FOLGA DA EMPRESA MAITOURS..**

-Lida pola secretaria substituta a Declaración Institucional que di así:

**Exposición de motivos:**

O persoal traballador do servizo das liñas de autobús de Ferrol, Narón e Neda están en folga indefinida desde o 15 de xullo para reclamar que se lles aplique o convenio provincial de transporte de viaxeiros/as por estrada. Este servizo está adxudicado á UTE formada por Intercar e Maitours (ambas do grupo ALSA).

No actual plan de transporte público, a Consellaría fusionou nun único contrato as liñas que antes prestaba Monbús e os servizos que facía Tranvías de Ferrol. Tranvías de Ferrol tiña convenio propio e continúa hoxe aplicando ese convenio en vez do convenio provincial. Así, as 38 persoas traballadoras subrogadas de Tranvías Ferrol están nun convenio antigo cando xa se tiña que aplicar o provincial como dicta unha sentenza xudicial. As táboas salariais xa foron publicadas e ALSA está pendente de asinar ese convenio bloqueando a resolución da sentenza. Ademais, o persoal de Maitours leva desde o ano 2020 cos soldos conxelados, a pesar do aumento de volume de traballo e do custe da vida.

Por todo isto, o Concello de Narón acorda mediante esta Declaración Institucional, o seguinte:

1. Apoio ao persoal traballador da empresa Maitours nas súas reivindicacións e folga indefinida.
2. Axilización do proceso por todas as partes interesadas para que se asine o convenio provincial por parte da empresa e se paguen os atrasos aos traballadores

Narón, 19 de xullo de 2024

O Concello Pleno, por unanimidade, aprobou a Declaración Institucional transcrita.

**17°.-ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URGENTES**

Non houbo.

**18°.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DACIÓN CONTA RESOLUCIÓNS ÓRGANOS DE GOBERNO**

Dáse conta das Resolucións do mes de xuño de 2024:



# CONCELLO DE NARÓN

Númer	Fecha	Descripción	Documento	Órgano
918/2024	01/06/2024	SOLICITUDE DE LIMPEZA E DESBROCE DE PARCELA URBANA	MAM18I01G5	Decreto de Alcaldia
919/2024	03/06/2024	RECLAMACION RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL	PAT18I00LL	Decreto de Alcaldia
920/2024	03/06/2024	AGRADECEREMOS NOS ENVÍEN COPIA DEL INFORME DE REFERENCIA 105/24 INSTRUIDO POR POLICIA LOCAL DE NARON CONFORME A LOS DATOS SIGUIENTES: FECHA SINIESTRO: 13-05-2024 HORA SINIESTRO: 00:00 LUGAR: CARRETERA DE CASTILLA &#8211; NARÓN (A CORUÑA) MATRÍCULA ASEGURADO: 7679MFY VERSIÓN ACCIDENTE: V/C PIERDE EL CONTROL Y COLISIONA AL V/A QUE CIRCULA CORRECTAMENTE V/C: AIXAM *NTERVINO P.LOCAL NARON	SEG18I01PE	Decreto de Alcaldia
921/2024	03/06/2024	COMO REPRESENTANTES LEGALES DE LA COMPAÑÍA ASEGURADORA LINEA DIRECTA ASEGURADORA S.A.,	SEG18I01PG	Decreto de Alcaldia
